




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



Plan de Acción 2010 en materia de software libre e de fontes abertas





Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	5
1.1. ESTRATEXIA EN SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS.....	5
2. O SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS EN GALICIA.....	8
2.1. ANTECEDENTES.....	8
3. PLAN DE ACCIÓN.....	10
3.1. ACHEGAR O SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS ÁS PEMES GALEGAS.....	12
3.1.1. Creación dun centro demostrador de solucións para Pemes.....	13
3.1.2. Creación dun servizo integral ás Pemes.....	13
3.1.3. Estudo comparativo de SW de xestión empresarial.....	13
3.2. FOMENTO DO REPOSITORIO DE SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS EN GALICIA.....	14
3.2.1. Adaptación e reestruturación do Repositorio de FLOSS.....	14
3.2.2. Selo de calidade de software desenvolvido por empresas galegas.....	14
3.2.3. Servizo de certificación de que o software desenvolvido pode liberarse.....	15
3.3. FOMENTO DA INTEROPERABILIDADE E DA REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO.....	15
3.3.1. Procedemento para licenciar como software libre e de fontes abertas o software propiedade da Xunta desenvolvido con fondos públicos.....	15
3.3.2. Política para a utilización de documentos en formatos abertos na relación coa cidadanía.....	16
3.3.3. Estudo de iniciativas de FLOSS noutros ámbitos da Administración.....	16
3.4. FOMENTO DO USO DO FLOSS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.....	16
3.4.1. Implantación de servizos baseados en FLOSS.....	16
3.4.2. Mantemento de solucións con FLOSS.....	18
3.5. POTENCIAR O EMPREGO DO FLOSS NA EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA.....	19
3.5.1. Fomento da tradución ao galego de iniciativas de FLOSS.....	19
3.5.2. Formación en usos didácticos de ferramentas FLOSS.....	20
3.5.3. Fomento do FLOSS no despregue de equipamento TIC.....	20
3.5.4. Despregue de solucións software baseadas en FLOSS.....	20
3.6. FORTALECER OUTROS MECANISMOS DE FORMACIÓN E DIFUSIÓN DO FLOSS.....	21
3.6.1. Formación a través da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) da Xunta de Galicia e Programas formativos ao empresariado.....	21
3.6.2. Formación en FLOSS dirixida a traballadores e desempregados a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia.....	21
3.7. LIÑAS DE ACTUACIÓN A MEDIO E LONGO PRAZO.....	21
3.7.1. Elaboración do Liñas de Actuacións.....	22
3.7.2. Deseño dunha imaxe que se asocie ao FLOSS en Galicia.....	22
4. COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS.....	23
4.1. COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES.....	23
4.1.1. Convenio coas Universidades Galegas.....	23
4.1.2. Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do Máster Universitario en consultoría de Software Libre.....	25
4.2. COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS DE PROMOCIÓN DO FLOSS.....	26
4.2.1. Incorporación ao padroado de CENATIC.....	26
4.2.2. Colaboración con asociacións de empresas (AGASOL).....	27



4.2.3. Colaboración coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL).....	27
5. OFICINA DE COORDINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO FLOSS.....	35
5.1. CREACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA OFICINA DE COORDINACIÓN PARA A PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS.....	35
6. TÁBOA DE RESUMO ECONÓMICO.....	36
7. ANEXOS.....	37
7.1. REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN NO SECTOR PÚBLICO.....	37
7.2. PLAN DE ACTUACIÓNS DA OFICINA DE SOFTWARE LIBRE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.....	40
7.2.1. <i>Introdución</i>	40
7.2.2. <i>Plan de actuacións detallado</i>	40
7.2.3. <i>Resumo da proposta</i>	43
7.3. PLAN DE ACTUACIÓNS DA OFICINA DE SOFTWARE LIBRE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....	44
7.3.1. <i>Introdución</i>	44
7.3.2. <i>Plan de actuacións detallado</i>	45
7.3.3. <i>Resumo da proposta</i>	49
7.4. PLAN DE ACTUACIÓNS DA OFICINA DE SOFTWARE LIBRE DA UNIVERSIDADE DE VIGO.....	51
7.4.1. <i>Introdución</i>	51
7.4.2. <i>Plan de actuacións detallado</i>	51
7.4.3. <i>Resumo da proposta</i>	56
7.5. PROGRAMA DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO CONDUCENTE A TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN CONSULTORÍA EN SOFTWARE LIBRE.....	57
7.5.1. <i>Introdución</i>	57
7.5.2. <i>Programa do Máster en Consultoría de Software Libre</i>	57
7.6. PROXECTOS PROPOSTOS PARA O FOMENTO DO FLOSS POR AGASOL.....	62
7.6.1. <i>Introdución</i>	62
7.6.2. <i>Plan de actuacións detallado</i>	63
7.6.3. <i>Resumo da proposta</i>	68
7.7. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE AGNIX - ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE GNIX.....	69
7.7.1. <i>Introdución</i>	69
7.7.2. <i>Plan de actividades detallado</i>	69
7.7.3. <i>Resumo da proposta</i>	70
7.8. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE AULUSC - ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE LINUX DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....	71
7.8.1. <i>Introdución</i>	71
7.8.2. <i>Plan de actividades detallado</i>	71
7.8.3. <i>Resumo da proposta</i>	73
7.9. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE GALITE - ASOCIACIÓN GRUPO ASOCIADO POLA LIBRE INFORMACIÓN E A TECNOLOXÍA.....	74
7.9.1. <i>Introdución</i>	74
7.9.2. <i>Plan de actividades detallado</i>	74
7.9.3. <i>Resumo da proposta</i>	77
7.10. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE GALPON - ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO DE AMIGOS DE LINUX DE PONTEVEDRA.....	79



7.10.1. Introducción.....	79
7.10.2. Plan de actuacións detallado.....	79
7.10.3. Resumo da proposta.....	82
7.11. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE GHANDALF - ASOCIACIÓN GHANDALF ANALIZA DIFUNDE E ALENTA O FLOSS.....	83
7.11.1. Introducción	83
7.11.2. Plan de actuacións detallado.....	83
7.11.3. Resumo da proposta.....	88
7.12. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE GLUG - ASOCIACIÓN GRUPO DE USUARIOS DE GNU/LINUX DA GALIZA.....	89
7.12.1. Introducción	89
7.12.2. Plan de actuacións detallado.....	89
7.12.3. Resumo da proposta.....	93
7.13. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE GPUL - ASOCIACIÓN UNIVERSITARIA GRUPO DE PROGRAMADORES E USUARIOS DE LINUX.....	94
7.13.1. Introducción.....	94
7.13.2. Plan de actuacións detallado.....	95
7.13.3. Resumo da proposta.....	98
7.14. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE INESTABLE.ORG.....	99
7.14.1. Introducción	99
7.14.2. Plan de actuacións detallado.....	99
7.14.3. Resumo da proposta.....	103
7.15. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE MELISA - ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE SOFTWARE LIBRE DA TERRA DE MELIDE.....	105
7.15.1. Introducción.....	105
7.15.2. Plan de actuacións detallado.....	105
7.15.3. Resumo da proposta.....	107
7.16. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE OUSLI - ASOCIACIÓN CULTURAL OURENSÁN DE SOFTWARE LIBRE.....	108
7.16.1. Introducción.....	108
7.16.2. Plan de actuacións detallado.....	108
7.16.3. Resumo da proposta.....	112
7.17. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE DE TRASNO - ASOCIACIÓN PARA A GALEGUIZACIÓN DE SOFTWARE LIBRE PROXECTO TRASNO.....	113
7.17.1. Introducción.....	113
7.17.2. Plan de actuacións detallado.....	114
7.17.3. Resumo da proposta.....	115



1. INTRODUCCIÓN

1.1. Estratexia en software libre e de fontes abertas

A promoción, difusión e fomento da utilización de tecnoloxías baseadas en “Software Libre” (SwL) ou “Software de Fontes Abertas” (SFA) máis alá de ser unha tendencia na Administración Pública, é considerada estratéxica por parte do Goberno da Xunta de Galicia. Tendo en conta a transversalidade inherente destas políticas, é preciso definir unha estratexia ben enfocada para garantir o maior retorno posible.

Unha primeira aproximación a este tema pasa por definir e acoutar que se entende polos termos de software libre e de software de fontes abertas, en particular orientado ao que se denomina a reutilización da información no ámbito do público.

Deste xeito, a *Free Software Foundation*¹ define o Software Libre como unha cuestión relativa á liberdade dos usuarios para executar, copiar, distribuír, estudar, cambiar e mellorar o software, garantindo que os usuarios teñan as seguintes 4 liberdades esenciais:

- Liberdade 0: a liberdade de executar o programa, para calquera propósito.
- Liberdade 1: a liberdade de estudar como funciona o programa, e de poder modificalo para que faga o que se desexe. O acceso ao código fonte é unha precondition para ter esta liberdade.
- Liberdade 2: a liberdade de redistribuír copias do programa.
- Liberdade 3: a liberdade de redistribuír copias da versión modificada que poidaches facer do programa orixinal.

No tocante ao Software de Fontes Abertas, segundo a definición que fai CENATIC² (Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC Baseadas en Fontes Abertas), pódese determinar que “software de fontes abertas (do inglés *Open Source Software*) é o termo co que se coñece ao software distribuído e desenvolvido libremente.”

Así, a idea subxacente detrás do “Open Source”, é que cando os usuarios poden acceder, modificar e redistribuír o código fonte dun programa, este evoluciona, desenvólvese e mellora, os usuarios adaptacióno ás súas necesidades e corríxen os seus erros de forma máis sinxela.

Debido ao debate que sustenta a utilización dos conceptos “software libre” ou “software de fontes abertas” e que provoca división ideolóxica entre os seus defensores e detractores, neste documento utilízase o termo **FLOSS**, acrónimo de “Free/Libre/Open Source”, é dicir, “software libre e de fontes abertas”, proposto pola Comisión das Comunidades Europeas para non entrar neste debate.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (SXMIT) para definir unha estratexia axeitada de difusión, promoción e fomento do FLOSS, é consciente da existencia dun amplo abano de diversas cuestións que deben tratarse en profundidade e terse en consideración

¹ www.fsf.org

² www.cenatic.es



para garantir unha óptima consecución dos obxectivos marcados. A continuación resáltase un reducido subconxunto concreto das mesmas, polo gran impacto estratéxico que teñen asociado. Deste xeito:

- **Imaxe dos desenvolvementos coñecidos como software libre e de fontes abertas.** Moitas veces a imaxe que se presenta deste tipo de desenvolvementos está asociada co estereotipo de axentes non profesionais/profesionalizados ou con problemas de compatibilidade con estándares.

Neste eido a SXMIT considera que a Administración debe traballar en dúas liñas concorrentes, sendo as mesmas a de alfabetizar sobre a calidade do FLOSS con independencia dos estereotipos que se lle poidan asociar, e a de transmitir unha imaxe do software libre e de fontes abertas asociada ao bo funcionamento do mesmo e á calidade dos desenvolvementos.

- **Establecemento dun Procedemento para licenciar como software libre e de fontes abertas o software propiedade da Xunta desenvolvido con fondos públicos** A Xunta de Galicia é depositaria dunha cantidade importante de Software desenvolvido a medida para a mesma. Publicar o Software como FLOSS, para que poida ser aproveitado pola sociedade e polo tecido empresarial, é un xeito inmejorable de reaproveitar a información e recursos do Sector Público. Para poder levar a cabo esta liberación é preciso traballar intensamente nas seguintes vertentes:
 - **Licenciamento:** a licenza coa que se publique o Software é un factor de importancia capital na apertura do mesmo. É precisa unha solidez legal axeitada que garanta a adecuación da publicación e a cesión de dereitos. Neste senso, as licenzas comúns de software libre e de fontes abertas, como GPL (GNU General Public License) ou EUPL (European Union Public License), ou as licencias tipo OSI (Open Source Initiative) son un bo punto de partida, pero hai que prever que nalgún caso concreto poden non ser a mellor opción.
 - **Problemática asociada co proceso de apertura.** A administración habitualmente non dispón dun “depósito” ou repositorio de software desde onde se poña a disposición da sociedade e administracións a información necesaria para a reutilización deste código, nin o coñecemento funcional, nin os recursos humanos para dar asistencia técnica ao mesmo. Conscientes desta situación, a SXMIT considera necesario acompañar as liberacións de software co mantemento dun servizo de asistencia técnica para o código xa desenvolvido, tanto divulgativo como de recursos da administración, o cal poida asesorar sobre o modelo de cesión, as garantías de responsabilidade, etc.
 - **Adeguar os procedementos de Contratación de Software para garantir a propiedade intelectual, como paso previo imprescindible para o proceso de apertura.** Moitos proxectos non foron concibidos en orixe pensando nunha futura apertura, o que deriva nunha baixa calidade do desenvolvemento ou na carencia dunha documentación axeitada; en definitiva, non están orientados á reutilización, personalización ou adaptación posterior. A SXMIT é consciente da importancia de mellorar os procedementos de contratación de software para garantir a futura publicación do mesmo como FLOSS, aproveitando para establecer estándares de



calidade e seguridade acordes cos requirimentos aos que a Administración está suxeita.

- **Coordinación dos diversos axentes que compoñen o ecosistema galego do FLOSS.** Moitas veces diferentes iniciativas céntranse en comunidades non conectadas entre si, sen a debida coordinación que pode exercer a Administración, producíndose importantes ineficiencias. A propia Administración pode e debe axudar na orientación dos desenvolvementos financiados con fondos públicos cara un mellor aproveitamento dos resultados por parte da cidadanía e do tecido empresarial; deste feito derívase a importancia de que a Administración ofrezca axuda na coordinación dos diversos axentes que compoñen o ecosistema do FLOSS en Galicia.

En definitiva pode considerarse que o **verdadeiro valor estratéxico está en compartir todos os recursos necesarios para a reutilización eficiente do software e do coñecemento**. A diferenza de custos ao abordar un proxecto reutilizando software libre e de fontes abertas, se se implica persoal con coñecemento deste software, pode chegar a ser grande respecto de non contar con este persoal.



2.0 SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS EN GALICIA

2.1. Antecedentes

Dentro das múltiples posibilidades existentes á hora de abordar a promoción, difusión e fomento de tecnoloxías de software libre e de fontes abertas, a Xunta de Galicia elixiu como camiño a procura de colaboración con todos os axentes implicados na promoción e utilización do software libre e de fontes abertas en Galicia. Esta decisión tomouse como recoñecemento á traxectoria que os mesmos veñen demostrando nestes eidos, e por supoñer unha garantía de eficiencia no tocante á inversión pública nas políticas de fomento do FLOSS.

Así, desde un primeiro momento buscou a colaboración entre a Xunta de Galicia, Universidades e Asociacións de empresas e usuarios, destacando as seguintes entidades:

- Xunta de Galicia:
 - Presidencia, Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica
 - Consellerías
 - Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia
 - CESGA
- Universidades:
 - Universidade de A Coruña
 - Universidade de Santiago de Compostela
 - Universidade de Vigo
- Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre: AGUSL
- Asociación galega de empresas de software libre: AGASOL

Esta colaboración plasouse durante os últimos anos en diversas actuacións desde que se expuxo por parte da Xunta de Galicia o interese polo software libre e de fontes abertas:

2005	Inicio das actividades de fomento do software libre e de fontes abertas Primeiro convenio CESGA / Universidades
------	--



2006	Presentación en sociedade da iniciativa de promoción do software libre e de fontes abertas. Portal en internet Mancomun.org Primeiro convenio CESGA / Grupos de usuarios Directorio de empresas galegas en FLOSS Primeiros estudos sobre a situación do FLOSS en Galicia
2007	Apertura e expansión de diversos servizos á comunidade (Listas, forxa, etc.)
2008	Actividades moi centradas en temas de tradución ao galego Convenio con AGASOL Convenios con Universidades (Oficinas de software libre)
2009	Continuidade das iniciativas e accións Iníciase un traballo de definición estratéxica e coordinación co resto de Plans Estratéxicos

Fonte: Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

A colaboración entre a Xunta e estas organizacións materializouse a través de convenios co seguinte resultado:

- Convenio Universidades:
 - Creación e evolución das oficinas de FLOSS nas 3 universidades.
 - Dotación de persoal e medios.
 - Colaboración coa iniciativa e Portal de Mancomún
- Convenio AGASOL:
 - Fomento da sustentabilidade tecnolóxica e incremento da produtividade mediante FLOSS.
 - Resultado: Actividades, congresos e contidos.
- Convenio Asociacións de Usuarios:
 - Actividades, contidos e difusión.
 - Resultado: convenio con 11 asociacións cunha pluralidade de accións

Con todo, e como complemento das iniciativas realizadas ata a data, constátase a necesidade de lanzar un **conxunto de accións de impulso** que permitan aliar os esforzos na **promoción do FLOSS por parte da Xunta de Galicia xunto coas Universidades, Asociacións de usuarios e de empresas, aproveitando mellor os fondos públicos destinados á súa promoción**, co obxectivo de acadar un maior uso do FLOSS na Administración, na cidadanía e empresas de Galicia.



3. PLAN DE ACCIÓN

A continuación descríbense as accións propostas para o impulso das tecnoloxías baseadas en software libre e de fontes abertas en Galicia. Estas accións catalogáronse segundo as liñas xerais tratadas inicialmente na reunión do 30 de xullo de 2009 e desenvolvidas en xuntanzas posteriores con todos os axentes, onde se definiron áreas de interese e iniciativas destinadas a impulsar e dinamizar o software libre e de fontes abertas en Galicia:

- Impulsar unha oferta de solucións baseadas en FLOSS de calidade, facendo fincapé en dar resposta a sectores estratéxicos.
- Impulsar a implantación efectiva dos estándares abertos, que permitan a coexistencia con aplicativos de software propietario.
- Fortalecer os mecanismos de formación e difusión respecto aos modelos de desenvolvemento de software libre e de fontes abertas e as súas vantaxes competitivas.

As accións propostas estanse iniciando durante o ano 2010, tendo percorrido en anos sucesivos, como medidas de impulso do FLOSS en Galicia. Estas accións non deben entenderse como un impulso illado, senón que están enmarcadas e alineadas cos traballos a desenvolver no Plan Estratéxico Tecnolóxico da Xunta de Galicia, polo que as liñas aquí propostas coordínanse perfectamente co obxectivo global do Plan, e co obxectivo de dispoñer dunhas liñas de actuación para o impulso de software libre e de fontes abertas a máis longo prazo.



RESUMO DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

Área de Desenvolvemento e Investigación

Iniciativa	Propósito	Accións
Achegar o software libre e de fontes abertas ás pemes Galegas	✓ Potenciar o desenvolvemento local ✓ Difundir o coñecemento do FLOSS nas pemes Galegas non TIC ✓ Conseguir melloras competitivas da industria Galega	▪ Creación dun centro demostrador de solucións para Pemes ▪ Creación dun servizo integral ás Pemes ▪ Estudo comparativo de SW de xestión empresarial
Fomento do repositorio de software libre e de fontes abertas de Galicia	✓ Facilitar o acceso ao FLOSS para as pemes ✓ Ferramenta estratéxica para o desenvolvemento de FLOSS	▪ Adaptación e reestruturación do Repositorio de FLOSS ▪ Selo de calidade de software desenvolvido por empresas galegas ▪ Servizo de certificación sobre a publicabilidade e liberación do software desenvolvido
Fomento da interoperabilidade e da reutilización da información do sector público	✓ Impulsar o uso de estándares abertos ✓ Reutilización do software financiado por fondos públicos ✓ Difundir o uso de estándares abertos	▪ Procedemento para licenciar como software libre e de fontes abertas o software propiedade da Xunta desenvolvido con fondos públicos ▪ Política para a utilización de documentos en formatos abertos na relación coa cidadanía ▪ Estudo de iniciativas de FLOSS noutros ámbitos da Administración
Liñas de colaboración con Universidades	✓ Promoción da investigación en FLOSS ✓ Potenciación do colectivo universitario	▪ Renovación de convenios coas Universidades

*Área de Formación e Divulgación*

Iniciativa	Propósito	Accións
Liñas de actuación a medio e longo prazo dentro do Plan Estratéxico Tecnolóxico da Xunta de Galicia	✓ Colaboración con entidades promotoras do FLOSS ✓ Liña estratéxica a seguir	▪ Elaboración das liñas de actuación ▪ Deseño dunha imaxe que se asocie ao FLOSS en Galicia
Potenciar o emprego do FLOSS na educación primaria e secundaria	✓ Formación en FLOSS á comunidade educativa ✓ Fomento do FLOSS ✓ Concienciación no uso de estándares abertos ✓ Uso do Galego no FLOSS	▪ Formación en usos didácticos de ferramentas FLOSS ▪ Fomento da tradución ao galego de iniciativas de FLOSS ▪ Fomento do FLOSS no despregue de equipamento TIC ▪ Despregue de solucións software baseadas en FLOSS
Fomento do uso do FLOSS na educación universitaria	✓ Promoción do FLOSS na comunidade universitaria ✓ Fomento do FLOSS na formación universitaria	▪ Renovación de convenios coas Universidades ▪ Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do Máster Universitario en consultoría de Software Libre
Fortalecer outros mecanismos de formación e difusión do FLOSS	✓ Coordinación de accións formativas ✓ Participación en eventos relacionados co FLOSS ✓ Formación a sectores TIC e non TIC	▪ Formación a través da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) e Programas formativos para o empresariado ▪ Formación en FLOSS dirixida a traballadores e desempregados a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia ▪ Incorporación ao padroado de CENATIC ▪ Colaboración con asociacións de empresas (AGASOL) ▪ Colaboración con asociacións de usuarios (AGUSL)

A continuación detállase o contido de cada unha das iniciativas e accións.

3.1. Achegar o software libre e de fontes abertas ás pemes Galegas

O obxectivo desta iniciativa é dobre, por unha parte posibilitar o desenvolvemento da industria TIC galega, fomentando o desenvolvemento dunha industria TIC do software cunha oferta de servizos



baseados en software libre e de fontes abertas e, por outra, dar a coñecer ao sector non TIC, como demandante de servizos, as posibilidades deste tipo de software, de modo que se consiga unha mellora na competitividade e unha mellor adaptación das solucións informáticas á realidade das pemes galegas.

3.1.1. Creación dun centro demostrador de solucións para Pemes

Posta en funcionamento dun centro demostrador que permita presentar ás pemes non TIC de Galicia as posibilidades de uso do software libre e de fontes abertas, mediante exemplos de casos de éxito aplicados a sectores concretos, que eliminen a reticencia de moitas empresas a utilizar este tipo de software.

Para as empresas TIC galegas vai supor dispoñer dun marco onde poder amosar os seus desenvolvementos baseados en software libre e de fontes abertas, e onde realizar presentacións dos seus casos de éxito así como demostracións de produtos FLOSS galegos.

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación, Asociacións de empresas

3.1.2. Creación dun servizo integral ás Pemes

Creación dun servizo de asistencia para as pemes que permita ofrecer asesoramento sobre solucións baseadas en FLOSS, mediante axudas a empresas que poidan proporcionar este servizo. Desde este servizo vaise traballar en presentar solucións de empresas galegas desenvolvidas utilizando software libre e de fontes abertas que se poden adaptar a produtos concretos orientados a sectores con presenza en Galicia.

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación, Asociacións de empresas

3.1.3. Estudo comparativo de SW de xestión empresarial

Realización dun estudo tecnolóxico e funcional sobre solucións de xestión empresarial orientadas a pemes de sectores con presenza en Galicia, analizando outras iniciativas en FLOSS doutras comunidades, focalizándose no máis adecuado para o tecido non TIC local.

Axentes implicados

Oficina de Coordinación



3.2. Fomento do repositorio de software libre e de fontes abertas en Galicia

Iniciativa encamiñada a dispoñer dun repositorio onde se poida acceder ao software libre e de fontes abertas desenvolvido en Galicia e onde se dispoña de toda a información de asistencia técnica ao mesmo, para permitir o seu uso dunha maneira sinxela.

3.2.1. *Adaptación e reestruturación do Repositorio de FLOSS*

Adaptación e reestruturación do repositorio de software libre e de fontes abertas que ten actualmente a Xunta de Galicia, así como dos procedementos para a xestión de dito software e as actualizacións e modificacións do mesmo. Tamén se realizarán tarefas de xestión do servizo de asistencia técnica para o software alí almacenado así como das versións deste software, e realizaranse tarefas de xestión das empresas con capacidade e solvencia para traballar sobre dito software (actualización de versións, incorporación de novo software,...) e das empresas que poden dar servizo ao mesmo.

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación

3.2.2. *Selo de calidade de software desenvolvido por empresas galegas*

Establecemento dun selo de calidade para as empresas galegas que desenvolvan solucións en FLOSS, de modo que se garanta a solvencia das mesmas e minimice as reticencias doutras empresas a utilizar este tipo de solucións.

Xunto co deseño do selo vai promocionarse o seu uso, de modo que sexa un aliciente para as empresas ofertantes de servizos dispoñer del.

Este selo tamén aportará un maior grao de seguridade ás empresas non TIC que estean pensando na utilización de software libre e de fontes abertas e teñan dúbidas respecto do mantemento e sustentabilidade destes desenvolvementos.

Vanse definir os modelos de solicitude, revisión de cumprimento e auditoría do selo.

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación



3.2.3. *Servizo de certificación de que o software desenvolvido pode liberarse*

Desde a Oficina de Coordinación, en colaboración con CENATIC, vaise ofrecer un servizo de apoio ás empresas desenvolvedoras, que audite o código dun desenvolvemento e certifique se está libre de fragmentos e dependencias con software non libre, e determine polo tanto se pode liberarse, ou baixo que condicións se pode facer a súa publicación.

Este servizo tamén vai ser empregado para avaliar os desenvolvementos contratados desde a propia administración, onde vai esixirse nos concursos, nos casos en que sexa posible, que o código desenvolvido para a administración e financiado por fondos públicos sexa libre e de propiedade da administración, estando polo tanto en condicións de liberarse.

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación

3.3. Fomento da interoperabilidade e da reutilización da información do sector público

Iniciativa encamiñada a realizar accións que permitan impulsar o uso de estándares abertos pola administración, así como a reutilización dos desenvolvementos financiados por fondos públicos.

A Administración Galega vai dar un impulso efectivo á utilización de estándares abertos por parte da propia administración e en particular nas súas relacións coa cidadanía e empresas. Para elo vai impulsar o uso de documentos emitidos segundo estándares abertos nas súas comunicacións coa cidadanía e empresas e chegar no futuro á súa utilización na propia xestión interna.

3.3.1. *Procedemento para licenciar como software libre e de fontes abertas o software propiedade da Xunta desenvolvido con fondos públicos*

Definición de procedementos para poñer a disposición doutros organismos da Administración os desenvolvementos realizados baixo contratos da Xunta e financiados con fondos públicos.

Estes procedementos van contemplar desde o comezo as cláusulas que deben incluírse nos pregos de especificacións administrativas para asegurarse de que o desenvolvemento final é propiedade da Xunta, así como asesoramento sobre diferentes posibilidades de licenzas que permitan á Xunta liberar o código, depositándoo no repositorio de FLOSS de Galicia.

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación



3.3.2. Política para a utilización de documentos en formatos abertos na relación coa cidadanía

Redacción e publicación dunha política ou guía de boas prácticas, recomendando e definindo estándares de comunicación entre a Xunta de Galicia e a cidadanía e empresas utilizando formatos baseados en estándares abertos.

Esta política vai ser de obrigado cumprimento nas comunicacións desde a administración da Xunta de Galicia coa cidadanía e empresas, e vai recibir o impulso apropiado para que progresivamente se vaia incorporando o seu uso na xestión interna diaria da Xunta de Galicia.

Axentes implicados

SXMIT

3.3.3. Estudo de iniciativas de FLOSS noutros ámbitos da Administración

Estudo de solucións baseadas en software libre e de fontes abertas desenvolvidas por outras administracións que puideran ser de utilidade en Galicia, establecendo o modelo de cesión, uso e asistencia técnica necesaria para a súa utilización.

Na Administración existe gran cantidade de desenvolvementos que poden ser postos á disposición doutras administracións para o seu uso. Desde a Oficina de Coordinación vaise analizar que software podería ser de interese para a Xunta de Galicia, así como o modelo de cesión desde a administración propietaria do mesmo, co obxectivo de reutilizar o software xa desenvolvido, reducindo os custos e fomentando a colaboración entre administracións.

Axentes implicados

Oficina de Coordinación

3.4. Fomento do uso do FLOSS na Administración pública

As distintas Consellerías da Xunta de Galicia teñen previsto realizar unha serie de actuacións de implantación, desenvolvemento e promoción do uso de solucións baseadas en FLOSS para algunhas das súas infraestruturas de base, servizos web, ...

3.4.1. Implantación de servizos baseados en FLOSS

Consellería de Educación

- ✓ Migración do servizo de correo electrónico a unha plataforma FLOSS

Migración do servizo de correo electrónico que xestiona máis de 50.000 contas da Consellería de Educación a unha plataforma de FLOSS.



Consellería de Cultura e Turismo

- ✓ Aplicación web para a xestión do Patrimonio Cultural de Galicia

Inclúe a Base de Datos principal e os procedementos declarativos de protección.

- ✓ KOHA. Xestión de bibliotecas nodais

Sistema integrado de xestión de bibliotecas, liberado baixo a licenza GPL. Abórdase a personalización para a rede de bibliotecas dependentes da Consellería de Cultura. Está en estudo tamén a súa implantación en bibliotecas municipais.

- ✓ Metabuscador

Capa de integración entre os sistemas de información de bibliotecas (KOHA e Meiga - bibliotecas municipais -). Consolida a información de ambos sistemas en base a metadatos estándar.

Consellería do Mar

- ✓ Teleformación baseada en Moodle

Plataforma de teleformación para impartir un curso en liña "Mariñeiro Pescador", empaketado no estándar "scorm" de obxectos de aprendizaxe sobre Moodle.

- ✓ Desenvolvemento de diversos aplicativos baseados en FLOSS

Aplicativo para a toma e rexistro de datos de Gardacostas (infraccións e inspeccións), para a súa posterior conversión en informes para o Gabinete da Consellería.

Aplicativos de Xestión para o Servizo Xurídico e de Xestión de Contratación.

Consellería de Sanidade

- ✓ Potenciación do uso de plataformas GNU/Linux.

Implantación da consulta de imaxe médica entre centros.

Implantación dunha plataforma de biblioteca electrónica.

Potenciación da plataforma de teleformación, evolución do sistema proxy-cache de Internet, sistema de xestión da rede de comunicacións.

- ✓ Potenciación do uso de ferramentas de código aberto.

Moodle, Apache, Squid e Nagios.

- ✓ Plataforma para a xeración de informes baseada en software libre (Pentaho)

- ✓ Desenvolvemento de solucións FLOSS

Inclusión da adquisición do código fonte nos proxectos de desenvolvementos específicos para o Sergas.

Desenvolvementos específicos para o Sergas baseados en estándares ou amplamente aceptados no mercado (servizos web, J2EE, etc.) utilizando compoñentes FLOSS



Consellería de Medio Rural e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

- ✓ Desenvolvemento dun framework para migración a aplicativos FLOSS

Dirixido a permitir a migración e substitución rápida de proxectos illados baseados en Access ou Excel, por unha ferramenta de xestión baseada en FLOSS.

Consellería de Facenda

- ✓ Mantemento dos portais web desenvolvidos en FLOSS

Web corporativa da Consellería de Facenda e microweb dos presupostos do 2010.

Primar o desenvolvemento de webs e portais corporativos en linguaxes e ferramentas FLOSS

Presidencia, Consellería de Presidencia

- ✓ Desenvolvemento do SIX “Mapa de Infraestruturas de Telecomunicacións de Galicia”

O SIX “Mapa de Infraestruturas de Telecomunicacións de Galicia” é un sistema de información xeográfico baseado en servizos web e baixo plataforma Open Source

- ✓ Potenciación da plataforma web da Xunta de Galicia

Instalación dun cluster de MySQL para mellorar a plataforma LAMP na que están despregadas varias webs de Presidencia e doutras consellerías.

Reforzamento da infraestrutura do proxy Apache para dotalo de alta dispoñibilidade.

- ✓ Potenciación da plataforma de monitorización baseada en FLOSS dos servidores da Xunta de Galicia

Inclusión na monitorización Nagios de todos os servidores da nova plataforma de correo da SXMITE e doutros 20 servidores máis.

3.4.2. Mantemento de solucións con FLOSS

Consellería do Mar

- ✓ Mantemento da plataforma de base de servidor.

- ✓ Mantemento de ferramentas ofimáticas de distribución libre.

Consellería de Traballo e Benestar

- ✓ Mantemento da plataforma de base de servidor.

- ✓ Mantemento do paquete ofimático libre en Oficinas de emprego (600 postos).



Consellería de Medio Rural

- ✓ Mantemento da infraestrutura de servidores maioritariamente con sistema operativo GNU/Linux e software servidor de aplicacións
- ✓ Preinstalación de Open Office coma ferramenta ofimática nos equipos novos.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

- ✓ Mantemento da plataforma de servidores e de virtualización con FLOSS
- ✓ Preinstalación de Open Office coma ferramenta ofimática nos equipos novos.
- ✓ En todos os postos de usuario instálase un conxunto de ferramentas FLOSS de utilidade común.

Consellería de Facenda

- ✓ Preinstalación de Open Office coma ferramenta ofimática nos equipos novos.
- ✓ En todos os postos de usuario instálase un conxunto de ferramentas FLOSS de utilidade común.

Consellería de Economía e Industria

- ✓ Mantemento de aplicativos FLOSS existentes

3.5. Potenciar o emprego do FLOSS na educación primaria e secundaria

A Consellería de Educación está liderando unha serie de iniciativas encamiñadas a dar a coñecer entre a comunidade educativa as solucións baseadas en software libre e de fontes abertas, fomentando o seu uso e concienciando na utilización deste software.

Á súa vez, tamén se vai promover a tradución ao galego do software desenvolvido, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

3.5.1. Fomento da tradución ao galego de iniciativas de FLOSS

Colaboración coa Consellería de Educación e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística para fomentar a tradución ao galego de solucións baseadas en software libre e de fontes abertas.

Axentes implicados

SXMIT, Consellería de Educación, Secretaría Xeral de Política Lingüística, AGUSL



3.5.2. *Formación en usos didácticos de ferramentas FLOSS*

- ✓ Formación ao persoal docente no uso de solucións baseadas en software libre e de fontes abertas como ferramentas didácticas.
- ✓ Xeración de contidos de apoio a programas formativos utilizando o software libre e de fontes abertas.
- ✓ Colaboración co proxecto Abalar.
- ✓ Colaboración en proxectos de formación / teleformación sobre software libre e de fontes abertas.

Axentes implicados

SXMIT, Consellería de Educación, AGUSL

3.5.3. *Fomento do FLOSS no despregue de equipamento TIC*

- ✓ Despregue dun servidor de centro con solución TIC paquetizada baseada en FLOSS nun mínimo de 50 centros.
- ✓ Licitación de ultraportátiles con sistema operativo GNU/Linux e paquete ofimático de software libre e de fontes abertas. Mínimo de 14.000 ultraportátiles.

Axentes implicados

Consellería de Educación

3.5.4. *Despregue de solucións software baseadas en FLOSS*

- ✓ Despregue dun piloto de aulas baseadas en solucións de software libre e de fontes abertas, cun mínimo de 3 aulas.
- ✓ Despregue nun mínimo de 500 centros do proxecto "Webs dinámicas", que permite aos centros dispoñer dun portal web do centro, unha plataforma de teleformación e unha galería de imaxes, baseados en software libre e de fontes abertas.

Axentes implicados

Consellería de Educación



3.6. Fortalecer outros mecanismos de formación e difusión do FLOSS

3.6.1. *Formación a través da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) da Xunta de Galicia e Programas formativos ao empresariado*

Realización de accións de formación a través da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia e impartición de programas formativos ao empresariado, co obxectivo de difundir as tecnoloxías baseadas en software libre e de fontes abertas e fomentar o seu uso entre as empresas galegas.

Axentes implicados SXMIT, Oficina de Coordinación, OSL universitarias, asociacións de empresas e usuarios

3.6.2. *Formación en FLOSS dirixida a traballadores e desempregados a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia*

Cursos de formación en FLOSS:

- ✓ Desenvolvemento de aplicacións con Spring, Hibernate & JSF
- ✓ Implementación de VoIP con Asterisk
- ✓ Desenvolvemento de aplicacións WEB con PHP e MySQL sobre Apache
- ✓ Administración de bases de datos MySQL
- ✓ Programación de aplicacións web con J2EE 5
- ✓ Creación dixital en 3D con Blender
- ✓ Administración avanzada de sistemas operativos Linux (certificación LPIC 2)
- ✓ Administración de sistemas operativos Linux (certificación LPIC 1)
- ✓ Programación en Java. Análise orientada a obxectos con UML

Axentes implicados Centro de Novas Tecnoloxías

3.7. Liñas de actuación a medio e longo prazo

Elaboración de liñas de actuación a medio e longo prazo, dentro do marco do Plan Estratéxico Tecnolóxico da Xunta de Galicia, que estableza as directrices e liñas de desenvolvemento das políticas da Xunta de Galicia en relación á utilización e promoción do software libre e de fontes abertas.



3.7.1. Elaboración do Liñas de Actuacións

O presente documento contempla as liñas operativas para o ano 2010, pero é preciso traballar nunha estratexia a máis longo prazo e de gran calado, enmarcada no Plan Estratéxico Tecnolóxico da Xunta de Galicia, de modo que a posición da Xunta en relación ao software libre e de fontes abertas sexa un compoñente máis do Plan e estea aliñado con este.

Axentes implicados

SXMIT, Tódolos axentes

3.7.2. Deseño dunha imaxe que se asocie ao FLOSS en Galicia

Actualmente a imaxe do FLOSS en Galicia conta cun certo grao de fragmentación, xa que está asociada por unha parte ao portal en internet mancomun.org, por outra ás oficinas das Universidades, así como tamén a diversas asociacións de usuarios, empresas, etc. Dentro deste mapa, perfectamente válido, o que non existe é unha imaxe clara que se asocie co impulso que o goberno da Xunta lle está dando ao FLOSS.

Realizarase o deseño dunha nova imaxe máis alá das actuais, que aglutine e identifique claramente as iniciativas de FLOSS promovidas pola Xunta de Galicia de modo similar ao que existe por parte da Administración central con CENATIC, ou por outras comunidades con distribucións Linux que teñen identidade propia (guadalinux, molinux, etc.)

Axentes implicados

SXMIT, Oficina de Coordinación



4. COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS

O obxectivo desta iniciativa é a coordinación de accións de promoción e difusión do FLOSS entre os diferentes axentes implicados (OSL universitarias, asociacións de usuarios e empresas, e outros organismos), de maneira que se realice unha mellor xestión das mesmas, evitando duplicidades e se permita un mellor e máis eficiente aproveitamento das accións, como poden ser as relacionadas con participación en eventos relativos ao FLOSS.

4.1. Colaboración con universidades

Iniciativa de colaboración coas oficinas de software libre e de fontes abertas creadas nas universidades, co obxectivo de clarificar as súas funcións e dotalas dunha maior axilidade e rendemento, así como realizar unha maior supervisión sobre o avance dos seus proxectos.

4.1.1. *Convenio coas Universidades Galegas*

Renovación dos convenios para a creación das oficinas de software libre e de fontes abertas nas universidades galegas, determinando o obxectivo das mesmas e realizando accións de seguimento sobre o avance dos proxectos a desenvolver.

Análise das tarefas definidas nos convenios e seguimento do seu grao de avance.

Nun anexo a este documento inclúese un resume das accións concretas que realizarán as universidades para o ano 2010.

Fecha estimada	Durante todo o ano
----------------	--------------------

Axentes implicados	SXMIT, OSL Universidades,
--------------------	---------------------------

Custo	Dotación Convenios: 120.000 € (40.000 por universidade)
-------	---

A continuación enuméranse as accións propostas polas oficinas das Universidades no marco do convenio para o ano 2010.

Universidade de A Coruña – UDC

Actividades de Difusión

Asesoramento e información directa aos usuarios

Actividades de Formación

Cursos destinados ao colectivo de PDIs da UDC

Cursos abertos ao público na aula de formación libre

Proxectos de Difusión



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Realización de manuais de ferramentas libres

Actos e Eventos

Celebración de Install parties de Ubuntu

Celebración de xornadas

Universidade de Santiago de Compostela – USC

Creación de metapaquetes

Localización de Software

Formación de persoal

Deseño e mantemento de infraestrutura

Universidade de Vigo – Uvigo

Mantemento da estrutura e contidos da web da oficina

Creación de 40 píldoras docentes sobre FLOSS

Creación de grupos de profesores de innovación docente

Xornada Dias MaisQueLibres

Xornadas empresariais sobre solucións libres “Aumentar os beneficios co uso das TICs Libres”

Concurso de identificación de ficheiros en formato propietario nas webs da Universidade

Cursos de formación sobre tecnoloxías libres, con obradoiros e relatorios explicativos

Laboratorio de boas prácticas sobre FLOSS

Ciclo documental de difusión (mínimo tres días) sobre FLOSS

Oficina de desenvolvemento competitivo con FLOSS



*4.1.2. Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do
Máster Universitario en consultoría de Software Libre*

Renovación do convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do Máster Universitario en Consultoría de Software Libre.

O obxectivo que se persegue con esta acción é a formación de profesionais cualificados e capacitados para ofrecer servizos TIC baseados en FLOSS.

Os estudos de Programa Oficial de Posgrao en Consultoría de Software Libre conducentes ao título de Máster Universitario en Consultoría de Software Libre, organizado pola Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo, teñen como obxectivo a formación de profesionais cun coñecemento amplo e sólido que os capacite para dirixir proxectos e levar a cabo tarefas en ámbitos concretos das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, aplicando métodos, técnicas e ferramentas propios da Enxeñería, e baseados en Software Libre.

Inclúese como anexo o detalle do Programa de posgrao presentado pola Universidade de Vigo.

Fecha estimada	Durante todo o ano
Axentes implicados	Universidade de Vigo, SXMIT
Custo	Dotación Convenio: 30.000 €



4.2. Colaboración con outros organismos de promoción do FLOSS

4.2.1. Incorporación ao padroado de CENATIC

Desde a Xunta de Galicia, en liña co espírito colaborativo inherente ao FLOSS, considérase imprescindible promover a colaboración con outras comunidades de FLOSS como pode ser MORFEO, así como outras iniciativas da Administración como é a Fundación CENATIC, e o proxecto APORTA promovido pola Secretaría do Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da información, a través de Red.es,

CENATIC (Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) baseadas en fontes abertas) é unha Fundación Pública Estatal, promovida polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (a través da Secretaría de Telecomunicacións e para a Sociedade da información e a entidade pública Red.es) e a Junta de Extremadura, que ademais conta no seu padroado coas comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Cataluña, Illes Balears e País Vasco. Tamén forma parte do padroado de CENATIC as empresas Atos Origin, Sun Microsystems, Bull, Telefónica e Gpex.

Os obxectivos de CENATIC son:

1. Ordenar e vertebrar a oferta no sector, promovendo a colaboración entre empresas, e cos centros de investigación.
2. Contribuír á adecuada valoración e percepción das tecnoloxías baseadas en fontes abertas.
3. Demostrar o valor desta tecnoloxía ás Administracións Públicas e ás empresas, a través de proxectos concretos, e transferir ao sector o coñecemento adquirido.
4. Certificar a tecnoloxía baseada en estándares abertos, e capacitar aos recursos humanos do sector, aos usuarios, e aos responsables tecnolóxicos das administracións públicas.
5. Observar e difundir a realidade do FLOSS en España e a nivel internacional.
6. Apoiar á empresa local e á Comunidade de Desenvolvedores, como elementos fundamentais para o desenvolvemento do sector.
7. Prestar asesoramento xeral sobre aspectos xurídicos, tecnolóxicos e metodolóxicos máis adecuados para a liberación do software e o coñecemento.
8. No ámbito internacional, seleccionar proxectos de interese para a súa aplicación na sociedade española e contribuír a posicionar a España como referencia no ámbito do FLOSS.

O Proxecto Aporta é unha iniciativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, enmarcada no Plan Avanza 2, que pretende promover a creación dunha “Cultura de Reutilización da Información” no ámbito da Administración Pública española e en particular do SW desenvolvido con fondos públicos.

Axentes implicados	SXMIT, Oficina de Coordinación
--------------------	--------------------------------

Custo	65.000 € (Cota anual)
-------	-----------------------



4.2.2. Colaboración con asociacións de empresas (AGASOL)

Renovación dos convenios firmados con asociacións de empresas de software libre e de fontes abertas, co obxectivo de promocionar a xeración de oferta de servizos que estas empresas poden desenvolver, evitando solapamentos e xerando un foro común que permita dar un maior impulso á xeración de software libre e de fontes abertas.

Data estimada Anual

Axente implicados SXMIT, Oficina de Coordinación, AGASOL

Custo Convenio AGASOL: 30.000 €

A continuación inclúense tres proxectos de actuación que AGASOL porá en marcha para afianzar o sector do software libre e de fontes abertas:

Área de desenvolvemento e investigación

Creación dun Catálogo de Servizos Integrais para a Peme, sectorizando solucións baseadas en software libre e de fontes abertas.

Área de formación e divulgación

Xornadas de promoción de software libre para pemes

O obxectivo fundamental é achegar produtos e casos de éxito de utilización de software libre en pemes galegas, contribuíndo á mellora da produtividade a través da utilización da tecnoloxía.

Tradución ó galego dun Sistema de Comercio Electrónico en Software Libre para a PEME.

4.2.3. Colaboración coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL)

Renovación dos convenios firmados coas asociacións de usuarios, co obxectivo de fomentar as actividades de difusión e promoción que estas asociacións desenvolven, evitando solapamentos e xerando un foro común que permita dar un maior impulso á xeración de software libre e de fontes abertas.

As AGUSL son entidades moi valiosas que poden axudar a conseguir unha maior capilaridade dentro da Sociedade das iniciativas de promoción, difusión e fomento do FLOSS.

Data estimada Anual

Axente implicados SXMIT, Oficina de Coordinación, Asociacións de usuarios

Custo Convenio AGUSL: 55.000 €



A continuación resúmense as propostas achegadas polas AGUSL.

Ciclo de difusión e achegamento ao Software Libre.

Realizaranse unha serie de sesións ou relatorios de achegamento e sensibilización ao uso do FLOSS dirixidas a distintos sectores: Educación, Pemes e cidadanía.

Estas sesións serán impartidas polas propias AGUSL e servirán tamén para publicitar a existencia das diferentes AGUSL, os seus fins, obxectivos, funcións... reforzando e visibilizando deste xeito a comunidade galega do software libre e o seu labor voluntaria de asistencia e axuda en relación ao uso do FLOSS.

EDUCACIÓN: Impulso do FLOSS no sector educativo

Sesións dirixidas a docentes e/ou alumnos/as de centros educativos de primaria e secundaria. Celebraranse nos propios centros educativos. Inicialmente están planificadas 11 xornadas.

AGUSL implicadas	Galite, Ghandalf, Inestable, MeLiSA
------------------	-------------------------------------

Data estimada	Todo o ano
---------------	------------

PEME: Achegar o FLOSS ás pemes galegas

Sesións dirixidas ás pemes que se celebrarán en coordinación con asociacións de empresarios ou comerciantes e en colaboración con outros organismos como Concellos, Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) ... Inicialmente están planificadas 9 xornadas.

AGUSL implicadas	AGNIX, Galite, MeLiSA
------------------	-----------------------

Data estimada	Todo o ano
---------------	------------

Cidadanía: Achegar o FLOSS á cidadanía

Sesións dirixidas á cidadanía que se celebrarán en coordinación con asociacións cidadás e en colaboración con outros organismos como Concellos, Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT)... Inicialmente están planificadas 8 xornadas.

AGUSL implicadas	Galite, MeLiSA, Inestable
------------------	---------------------------

Data estimada	Todo o ano
---------------	------------

**Organización de Xornadas de introdución a GNU/Linux para Universitarios**

Realizaranse unha serie de xornadas dirixidas principalmente aos estudantes de primeiro ano de carreiras técnicas das 3 universidades. Complementan as actuacións das Oficinas de Software Libre das Universidades e reforzan a presenza da AGUSL con ámbito de actuación universitario nas súas contornas.

I Xornada de Introducción ao SwL en Uvigo

OUSLI (Uvigo)

Serie de conferencias e obradoiros prácticos para achegar aos estudantes as vantaxes do uso do FLOSS.

VIII Xornadas de introdución a GNU/Linux para alumnos/as noveis

GPUL (UDC)

Sesións teóricas e prácticas orientadas a dar a coñecer solucións e ferramentas baseadas en FLOSS entre os novos alumnos/as da Facultade de Informática da Coruña de utilidade na súa carreira e na súa vida profesional.

2 días

Obradoiro "Install Party" de Ubuntu-USC

AULUSC (USC)

Obradoiro práctico no que os asistentes aprenderán a instalar a distribución de GNU/Linux Ubuntu-USC e o metapaquete que lles instala o software que empregarán na súa carreira.

Curso de Introducción á Ubuntu-USC

AULUSC (USC)

Evento dirixido a estudantes de 1º do Grao en enxeñaría informática para adquirir as nocións básicas para traballar con sistemas GNU/Linux.

Ciclo de Internacionalización e localización do FLOSS: visión global, estratexias e metodoloxía

Realizaranse ciclos de conferencias, cursos e obradoiros de promoción e formación en internacionalización e localización do FLOSS, con ferramentas e metodoloxías libres. Impartiranse en centros de Universidades Galegas e noutros centros de titulacións superiores que impartan docencia no ámbito científico técnico e filolóxico.

O interese na formación de xente nova no ámbito da localización pode ser compartido polas empresas desenvolvidas de FLOSS ou por novos emprendedores que vexan nisto unha alternativa para iniciar unha actividade empresarial.

Obradoiros de internacionalización. 2 edicións

Trasno

Obradoiros prácticos para achegar aos asistentes as bases para abordar a internacionalización do FLOSS

Cursos de ferramentas avanzadas de tradución. 2 cursos

Trasno

Cursos prácticos de 6 horas de duración.

Conferencias de localización

Trasno

6 xornadas de conferencias. Cada xornada contará cun ou varios relatorios que abordarán distintos aspectos da localización.

**Organización de Xornadas de divulgación e/ou formación en FLOSS.**

Realizaranse unha serie de xornadas dun ou varios días de duración, coa participación de relatores de recoñecido prestixio dentro da comunidade de FLOSS.

VII Xornadas GNU/Linux de Ordes	Inestable
Xornadas anuais de difusión de GNU/Linux na comarca de Ordes. Na edición deste ano terán un enfoque produtivo e real de uso do software libre: dni-e, robótica e instalacións.	3 días
Conferencia DudesConf.	GPUL, Ghandalf
Encontro da Comunidade de desenvolvedores de Debian. Encontro sobre Debian máis importante a nivel español, mesmo con repercusión a nivel internacional.	3 días
X Xornadas sobre software libre	GPUL
Relatorios e obradoiros de contidos heteroxéneos que abarcan diversos aspectos relacionados co FLOSS. Principal vehículo da asociación para o intercambio de coñecementos e ideas entre os socios, alumnos/as da FIC e calquera interesado en participar no evento.	4 días
PartyFoz	Galite
Exposición de obradoiros e relatorios sobre FLOSS na sexta edición da PartyFoz organizada por Galite e directamente relacionada coa promoción do FLOSS entre particulares.	
IX Xornada de SwL non FP Caixanova	OUSLI
Conferencias dirixidas fundamentalmente aos alumnos/as dos ciclos de grao medio e superior de informática impartidos no CFP Caixanova de Ourense	1 día
III Xornada de Desenvolvemento Web con SwL	OUSLI
Serie de conferencias e obradoiros prácticos que tratarán de mostrar as alternativas de software libre que hai na programación web.	4 días
Encontros de Software Libre na comunidade educativa	AULUSC, GLUG, OUSLI, OSL-USC
Dirixido a alumnos/as, profesores, investigadores, membros da administración e a comunidade FLOSS para promover o seu uso no ensino.	4 días



Organización de Obradoiros de formación de Software Libre.

Realizaranse unha serie de cursos ou obradoiros prácticos de carácter máis ou menos técnico dirixidos a distintos sectores cos que se pretende incrementar a formación en FLOSS.

Obradoiro de robótica

Inestable

Obradoiro que tratará de introducir aos asistentes no mundo da robótica por medio de dúas plataformas libres: Arduino e Lego Mindstorms. Realizarase un obradoiro permanente con periodicidade mensual para a realización de proxectos nos que os asistentes poidan colaborar.

Obradoiros mensuais de instalación de GNU/Linux

Inestable

Obradoiros con periodicidade mensual dirixidos a todo tipo de usuarios: estudantes, profesorado, usuarios particulares ou mesmo empresarios que queiran empezar a usar un sistema GNU/Linux.

Cursos de introdución ao FLOSS para directivas FANPA

GALPon

Curso prácticos e intensivos para a migración non traumática cara ao emprego de ferramentas FLOSS e estándares abertos para a realización de traballos de xestión e administración das ANPA

Obradoiros de Administración de sistemas con ferramentas libres

GALPon

Ciclo de obradoiros que trata de mostrar unha visión avanzada de sistemas GNU/Linux, que permitirá aos asistentes coñecerlo máis profundamente e aproveitar as súas características avanzadas. Realizaranse 6 obradoiros de 3 horas de duración cada un.

Obradoiro de programación

Inestable

Obradoiro de introdución a diferentes linguaxes de programación, principalmente C e Ruby. Sesións semanais dirixidas a calquera usuario con coñecementos técnicos medios.

Obradoiro de retoque fotográfico

MeLiSA

Dirixido a usuarios da fotografía dixital que queren aproveitar mellor as capacidades do seu equipo informático á hora de manipular os seus traballos. O eixo principal será o uso da aplicación libre Gimp.

Obradoiro de deseño gráfico

Inestable

Obradoiro de deseño gráfico para introducir de forma fácil e divertida diferentes aplicacións libres para o deseño gráfico (gimp) e vectorial (inkscape). Sesións semanais

HackConf

GLUG - AUSLAE

Evento organizado asociado e/ou no contexto doutro evento maior. Inclúirá obradoiros prácticos con carácter técnico moi elevado. Pretende crear un ambiente de inmersión de forma que durante o cinco días que dura haxa un fluxo continuado de actividades. Móntase un espazo (ou HackLab) no que os asistentes dispoñen de ferramentas, computadores e material de traballo.

5 días



Difusión do FLOSS en proxectos de cooperación ou solidariedade social

Promoción do FLOSS en proxectos de cooperación para o desenvolvemento.

Promoción do proxecto de solidariedade social GALPon MiniNo GALPon

Difusión dun sistema operativo libre dirixido ao seu uso en computadores de baixos recursos, permitindo o acceso ás TIC a sectores menos favorecidos.

Proxecto Hermes GPUL

Pretende achegar o software libre a rexións do mundo nas que o largo de banda é escaso ou prohibitivo. Recíbense pedidos por correo electrónico e envíanse lotes de CD's e DVD's por correo postal.

ESF-Galicia – Sede Coruña GPUL

Asistencia técnica e formación dos voluntarios de ESF en materia de FLOSS. Colaboración na realización conxunta de actividades de sensibilización.

Estudo de alternativas libres para Enxeñería Sen Fronteiras Ghandalf

Elaboración dun estudo sobre o software privativo que usan nos proxectos de cooperación para ver que alternativas libres existen e proporcionarlles formación sobre as mesmas.

Outros actos de difusión de FLOSS

Stand de FLOSS na Festa do Champiñón de Ordes Inestable

Festa de tipo gastronómico, de mostras comerciais e actividades de asociacións que se celebra anualmente no Concello de Ordes.

Inestable montará un stand con 2 computadores preparados con software libre de tipo lúdico: Stepmania e Ultrastar. Stepmania é unha actividade con alfombras de baile e Ultrastar un software de tipo karaoke.

Presentación do proxecto CCRadio.es Galite

Presentación dun proxecto de radio Creative Commons gratuíta que dará servizo a varios locais comerciais. Integración cun Software desenvolvido por GALITE que se publicará no repositorio FLOSS de Galicia.



Elaboración e/ou tradución de contidos en materia de FLOSS

Tradución ao galego e edición do libro "Producing Open Source Software" Ghandalf

Tradución ao galego practicamente terminada dun dos libros clave do FLOSS. Realizarase unha certificación da calidade da tradución. Grazas a este traballo estase a desenvolver unha metodoloxía de tradución de Documentación baseada en principios e ferramentas empregadas noutros ámbitos do Software Libre e desenvolvidas polos propios socios de GHANDALF.

Realizarase unha pequena tirada impresa do libro, conseguindo que este libro estea dispoñible en idioma galego moito antes que noutros idiomas como o Francés, o Portugués ou o Español. Isto permitirá visualizar e promocionar un punto importante do traballo da Comunidade FLOSS galega: a súa capacidade.

Elaboración e edición dun libro compendio de traballos e documentación técnica do ecosistema FLOSS

Redacción dunha serie de documentos técnicos sobre distintas vertentes, ferramentas, tecnoloxías, elementos software, metodoloxías, etc pertencentes ao ecosistema FLOSS.

Realizarase unha edición en formato libro e unha pequena tirada impresa dos mesmos.

Servizo de asistencia técnica en materia de FLOSS para a cidadanía

As AGUSL dentro das súas actividades voluntarias ofrecen apoio e axuda para a utilización do FLOSS dentro dos seus ámbitos de actuación.

Asistencia técnica á comunidade universitaria - UDC

GPUL

Durante todo o ano, a sede de GPUL recibe a estudantes e non estudantes para orientarlles e resolver problemas e dúbidas referentes a tecnoloxías libres.

Oficina de software libre - Ordes

Inestable

Local da asociación aberto todas as tardes de 16:30 a 20:00 o que supón a existencia dunha oficina permanente dedicada á difusión do Software Libre.

Bolsas para Proxectos de Fin de Carreira en Software libre

Ghandalf

Dar apoio e orientación técnica a estudantes para que o seu Proxecto de Fin de Carreira estea imbuído pola filosofía do FLOSS. Titorización por parte de GHANDALF e bolsa cunha cantidade simbólica a estudantes universitarios de disciplinas técnicas relacionadas co Software (Enxeñaría Informática, Telecomunicacións, Industriais ...)

Asistencia técnica a través de foros web

Todas



Participación en Congresos e Conferencias de recoñecido prestixio na comunidade FLOSS

Fomentarase a participación da comunidade FLOSS galega nos congresos e conferencias de maior importancia de ámbito nacional ou internacional, co obxectivo de difundir as actividades levadas a cabo en Galicia así como para establecer contacto con outras comunidades.

Conferencia Internacional de Software Libre - Málaga

Ghandalf

Presentación dun estudo técnico-científico en forma de paper no que se describan en profundidade os detalles e operativas que conforman a metodoloxía de tradución que a Asociación está a desenvolver e a facer un contraste de campo.

Axuda á asistencia a congresos e conferencias de SWL

GPUL

Axuda para a asistencia a diferentes congresos e reunións por parte dos socios, para actuar como relator, representante e correspondente de GPUL nestes eventos.



5. OFICINA DE COORDINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO FLOSS

Para coordinar as diferentes accións e apoiar á Xunta de Galicia na definición de accións a máis longo prazo considérase imprescindible definir unha Oficina de Coordinación de desenvolvemento de iniciativas de software libre e de fontes abertas, que se converta no referente que lidere as iniciativas concretas por parte da Xunta de Galicia.

Esta oficina, interna á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, vai ter entre as súas competencias a de coordinar as diferentes iniciativas de universidades, asociacións de usuarios, asociacións de empresas de SL,... evitando solapamentos nos desenvolvementos, así como a de elaborar directrices que permitan aliñar os esforzos de desenvolvemento en FLOSS.

A orientación destas directrices vai ir encamiñada cara a promoción do FLOSS impulsado desde a administración no tecido empresarial galego; en particular, a peme galega vai ser un dos focos principais de atención, tanto desde o punto de vista de empresas usuarias de FLOSS, como de empresas TIC que puideran ofrecer servizos para o FLOSS desenvolvido en Galicia.

Outra das tarefas definidas para esta oficina é a de seguimento das accións promovidas pola Xunta así como o control dos fondos públicos destinados á promoción do FLOSS, controlando a consecución dos obxectivos previstos.

Oficina de Coordinación

Iniciativa	Propósito	Accións
Oficina de Coordinación para o software libre e de fontes abertas	✓ Potenciar o FLOSS en Galicia ✓ Liderar e xestionar as diferentes iniciativas de FLOSS	▪ Creación e posta en funcionamento dunha Oficina de Coordinación para promoción do software libre e de fontes abertas

5.1. Creación e posta en funcionamento dunha Oficina de Coordinación para a promoción do software libre e de fontes abertas

Creación e posta en funcionamento dunha Oficina de Coordinación para a promoción do software libre e de fontes abertas, co obxectivo de xestionar os diferentes convenios coas universidades, asociacións de empresas e asociacións de usuarios, así como verificar o progreso das diferentes iniciativas, corrixindo no seu caso a orientación destas, co obxectivo de lograr o maior impacto posible.

Axentes implicados

SXMIT



6. TÁBOA DE RESUMO ECONÓMICO

A continuación expónse nunha táboa resumo o detalle económico no que se fundamenta o presente Plan de Acción.

Iniciativa	Articulación	Orzamento
Execución do Plan de Acción	✓ Encomendas coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	500.000,00 €
	✓ Oficina de Coordinación para a Promoción do Software Libre	
Oficinas de Software Libre das 3 Universidades Públicas Galegas	✓ Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela	120.000,00 €
	✓ Convenio coa Universidade de A Coruña	
	✓ Convenio coa Universidade de Vigo	
Colaboración con outros Organismos de Apoio e Promoción do FLOSS	✓ Incorporación ao Padroado do CENATIC	65.000,00 €
Colaboración con Asociacións de Empresas	✓ Convenio coa Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL)	30.000,00 €
Colaboración coas Asociacións de Usuarios	✓ Convenio coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre	55.000,00 €
Fomento do uso do FLOSS na educación universitaria	✓ Patrocinio do Máster Oficial en Software Libre da Universidade de Vigo	30.000,00 €
TOTAL:		800.000,00 €

A maiores deste orzamento, existe un acordo de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia e máis a Entidade Pública Red.es mediante o cal se vai incorporar unha partida orzamentaria aínda non concretada, destinada a financiar accións de promoción e difusión do FLOSS dentro das liñas estratéxicas exposta no presente Plan de Acción.



7. ANEXOS

Co presente Plan de Acción 2010, inclúense anexos con información legal relativa á reutilización da información no sector público así como as propostas recibidas desde as entidades coas que se establecerá convenio de colaboración:

- Universidade de A Coruña
- Universidade de Santiago
- Universidade de Vigo
- AGASOL
- Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL)

7.1. Reutilización da información no sector público

Na introdución a este documento presentouse unha definición do concepto de software libre e de fontes abertas, citando que a idea subxacente ao “Open Source”, é que cando os usuarios poden acceder, modificar e redistribuír o código fonte dun programa, este evoluciona, desenvólvese e mellora, os usuarios adaptacióno ás súas necesidades e corríxen os seus erros de forma máis sinxela.

Baixo estes termos, e centrando a súa aplicación á administración pública, xorde a disxuntiva de se o software que se utiliza na administración, desenvolvido por petición expresa dunha ou varias administracións, ten a consideración de software libre e de fontes abertas e pode por tanto redistribuíse e reutilizarse.

A resposta a esta pregunta pode considerarse afirmativa. Xa a Directiva 2003/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á Reutilización da Información do Sector Público, obriga ao establecemento dunha serie de medidas legais, dirixidas a establecer un conxunto de regras homoxéneas na Unión Europea con prácticas comerciais xustas, establece a obriga de publicar os datos dispoñibles para a súa reutilización e as condicións ás que estean suxeitos e recomenda o establecemento de políticas que faciliten o acceso a un amplo conxunto de datos e documentos:

- O marco legal derivado [...] ofrecerá posibilidades para a creación de produtos e servizos con valor engadido baseados na información do sector público.
- Debe proporcionarse ao sector privado e ao público en xeral un medio de consulta cun mapa actualizado dos datos xerados polas institucións do sector público, incluíndo o seu nivel de dispoñibilidade, grao de dixitalización e a viabilidade de explotación por terceiros.
- Os modelos de negocio e procedementos que se crearán como resultado da aplicación da nova normativa afástanse dos modos habituais de xestión en España. O cambio cultural que isto supón fai necesario realizar unha labor de difusión e sensibilización dirixida aos



sectores públicos e privados afectados polas condicións que establecerá o novo marco legal e as novas posibilidades de negocio.

Por outra parte, a nivel nacional, desenvolveuse a lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, que ten por obxecto a regulación básica do réxime xurídico aplicable á reutilización dos documentos elaborados ou custodiados polas Administracións e organismos do sector público.

En particular, nesta lei recóllese:

- As Administracións e organismos do sector público poderán optar por que os distintos documentos que obran no seu poder sexan reutilizables de acordo con algunha o algunhas das seguintes modalidades:
 - Reutilización de documentos postos a disposición do público sen suxeición a condicións.
 - Reutilización de documentos postos a disposición del público suxeitos a condicións establecidas en licenzas-tipo.
 - Reutilización de documentos previa solicitude [...], podendo incorporar nestes supostos condicións establecidas nunha licenza.
- As Administracións e organismos do sector público promoverán que a posta a disposición dos documentos para a súa reutilización así como a tramitación de solicitudes de reutilización se realice por medios electrónicos e mediante plataforma multicanle [...].
- Non será admisible o outorgamento de dereitos exclusivos dos organismos do sector público a favor de terceiros salvo que tales dereitos exclusivos sexan necesarios para a prestación dun servizo de interese público.

No Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, no seu artigo 11, estándares aplicables, recóllese:

1. As Administracións públicas usarán estándares abertos, así como, no seu caso e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns, ao obxecto de garantir a independencia na elección de alternativas tecnolóxicas polos cidadáns e as Administracións públicas e a adaptabilidade ao progreso da tecnoloxía e, de forma que:

- a) Os documentos e servizos de administración electrónica que os órganos ou Entidades de Dereito Público emisores poñan a disposición dos cidadáns ou doutras Administracións públicas atoparanse, como mínimo, dispoñibles mediante estándares abertos.
- b) Os documentos, servizos electrónicos e aplicacións postos polas Administracións públicas a disposición dos cidadáns ou doutras Administracións públicas serán,



segundo corresponda, visualizables, accesibles e funcionalmente operables en condicións que permitan satisfacer o principio de neutralidade tecnolóxica e eviten a discriminación aos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica.

2. Nas relacións cos cidadáns e con outras Administracións públicas, o uso en exclusiva dun estándar non aberto sen que se ofrezca unha alternativa baseada nun estándar aberto limitárase a aquelas circunstancias nas que non se dispoña dun estándar aberto que satisfaga a funcionalidade satisfeita polo estándar non aberto en cuestión e só mentres dita dispoñibilidade non se produza. As Administracións públicas promoverán as actividades de normalización co fin de facilitar a dispoñibilidade dos estándares abertos relevantes para as súas necesidades.

A redacción destes textos encaixa perfectamente coas políticas de software libre e de fontes abertas, no relativo á propiedade intelectual do sector público. A finalidade última da apertura da propiedade intelectual por parte do sector público é optimizar ao máximo o uso do diñeiro dos cidadáns.

O software libre e de fontes abertas postúlase, por tanto, como unha forma de dar un mellor (e menos custoso) servizo á cidadanía e ás empresas, pero non debe entenderse como “unha relixión” ou “un modo de entender a vida” senón coa profesionalidade e solvencia propias dun software desenvolvido industrialmente.



7.2. Plan de actuacións da Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña

7.2.1. *Introdución*

A Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña (en diante, OSL da UDC) ten como principais obxectivos o asesoramento, a difusión e a promoción do FLOSS, así como a formación entre os membros da Universidade da Coruña e o público xeral. Dende a UDC considérase que dar un servizo de asistencia técnica continuado a usuarios, tanto noveis como habituais, é un factor clave para difundir o FLOSS de forma eficiente.

En definitiva, a OSL na UDC enténdese como un organismo a disposición de toda a comunidade universitaria, como un elemento de apoio e asesoramento continuado en todo o referente ao FLOSS, sen deixar de lado a potenciación das relacións institucionais (dentro e fóra da UDC) e o posicionamento dentro das estruturas académicas e sociais da propia universidade. Indo máis alá do feito de promocionar o FLOSS, trátase tamén de educar á comunidade universitaria no bo uso das TIC e dos estándares abertos.

A día de hoxe, a OSL é unha entidade amplamente recoñecida na comunidade universitaria e na propia cidade da Coruña. Así o demostran a masiva afluencia aos cursos e obradoiros, os correo electrónicos e as chamadas recibidas (que aumentaron considerablemente nos últimos meses). As sensacións que se perciben dende a OSL son moi positivas, tanto dende UDC como dende fóra dela.

A continuación descríbense brevemente as actividades que a OSL ten previsto levar a cabo no ano 2010 grazas ao financiamento directo da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, que ascende a 40.000 euros.

7.2.2. *Plan de actuacións detallado*

As actividades que se inclúen no plan de actuacións proposto clasifícanse do seguinte modo:

- **Actividades continuadas:** Actividades que a Oficina de Software Libre realizará de forma continuada dende a súa posta en marcha, polo que requiren unha atención continuada dun ou varios técnicos.
 - **Actividades de difusión:** Actividades de carácter continuo durante todo o ano, centradas nun dos principais obxectivos da OSL da UDC, a promoción e difusión do FLOSS tanto na comunidade universitaria como enfocado cara o público xeral.
 - **Actividades de formación:** Fundamentalmente cursos de formación.
- **Proxectos concretos:** Proxectos, eventos e actividades concretas que a Oficina de Software Libre realizará ao longo do ano 2010. Cada proxecto terá unha duración determinada en función das súas necesidades e características.



- **Proxectos de difusión:** Actividades de difusión de duración limitada.
- **Proxectos relacionados con actos e eventos:** Organización e participación en actos e eventos relacionados co FLOSS. Estes actos van xurdindo conforme avanza o ano e a oficina participa neles para promocionar e difundir o software libre e de fontes abertas, ou ben para impartir formación neles, dependendo do carácter do evento.

A seguir descríbese cada unha das actividades e proxectos propostos, para os que se estimou unha duración, tempo de desenvolvemento e adicación de persoal, baseados en aproximacións obxectivas obtidas tras un estudo previo.

7.2.2.1. Asesoramento e información directa a usuarios

Descrición.

A OSL, na súa labor de achegar o FLOSS á comunidade universitaria e ao público en xeral, realizará tarefas de asesoramento e información sobre software libre e de fontes abertas aos usuarios que así o demanden. Deste xeito solventaranse dúbidas e buscaranse alternativas libres a programas propietarios que os usuarios puidesen utilizar. Estas cuestións trátanse normalmente por tres medios: ben acudindo a oficina, ben por medio do correo electrónico, ou ben por vía telefónica.

Considerouse esta actividade esencial, pois dáselle aos novos usuarios de sistemas operativos e aplicativos libres un apoio que antes non tiñan. Pola experiencia obtida no ano 2009, a xente agradece enormemente esta labor, pois séntense amparados pola OSL en caso de encontrarse con algún contratempo. Durante o ano 2009 esta labor foi requirindo cada vez máis tempo, superando no últimos meses amplamente as dúas horas estimadas para esta actividade.

Duración e datas estimadas.

Trátase dunha **actividade de difusión continuada**, para a que se estima unha adicación de 2 horas diarias dun enxeñeiro técnico durante todo o ano.

7.2.2.2. Cursos destinados ao colectivo PDI da UDC

Descrición.

A OSL centrarase tamén na formación en FLOSS do colectivo de PDI (persoal docente e investigador) da UDC, ao considerar este colectivo como estratéxico para a difusión posterior entre o seu alumnado.

Para elo realizaranse cursos sobre as distintas ferramentas libre que se poden empregar no ámbito da investigación, tentando facer unha oferta de cursos o máis especializados posibles. Así ofertaranse cursos de formación básica en FLOSS, de edición profesional de textos (centrándose en LaTeX pero sen esquecer OpenOffice.org), de ferramentas de xestión de contidos e achegándose a ferramentas máis técnicas como poden ser aplicativos para a elaboración de estatísticas ou para cálculos matemáticos.

Duración e datas estimadas.

Trátase dunha **actividade de formación continuada**. Pretendese facer unha oferta inicial que permita realizar un curso ao mes para este colectivo, cunha duración media de dez horas e cunha



capacidade de ata 15 alumnos/as por curso. Para os mesmos será necesaria a elaboración de material docente e preparar os equipos cos aplicativos necesarios e configuracións necesarias.

Estímase unha adicación parcial de 2 horas diarias dun enxeñeiro técnico.

7.2.2.3. Cursos abertos ao público na aula de formación libre

Descrición.

Os cursos realizados na aula de formación libre estarán abertos a calquera persoa, sexa ou non membro da UDC. Os cursos están pensados para persoas cun coñecemento nulo ou moi baixo en FLOSS, tentando así achegar a todos os niveis da sociedade.

Ofertaranse cursos específicos de manexo e configuración de distintos aplicativos libres (OpenOffice.org, Gimp, Inkscape, Thunderbird, Firefox, etc...) como de instalación, configuración e manexo de sistemas operativos libres GNU/Linux.

Para estes cursos será necesario realizar material publicitario dabondo para chegar á maior cantidade de poboación posible, e do mesmo xeito tamén será necesario realizar o correspondente material docente.

Duración e datas estimadas.

Trátase dunha **actividade de formación continuada**. A periodicidade dos cursos variará en función da demanda, comezando nun principio cun curso mensual.

Estímase unha adicación parcial de 2 horas diarias dun enxeñeiro técnico.

7.2.2.4. Realización de manuais de ferramentas libres

Descrición.

A OSL realizou unha recompilación de manuais e fichas de OpenOffice.org, Firefox, Gimp, Inkscape, Thunderbird, Firefox, e moitos máis aplicativos. Todos estes documentos xuntáronse coa idea de que estiveran dispoñibles dun xeito máis cómodo e accesible para os usuarios dende a páxina web da oficina.

No ano 2010 a OSL pretende realizar uns manuais básicos de cada aplicativo que xunten toda a información recompilada nos distintos manuais dos aplicativos libres nun só documento para facilitar así o cambio cara estas novas tecnoloxías e o acceso á información. Ademais estes manuais estarán dispoñibles directamente dende o CD Libre e dende o directorio de aplicativos mantido pola oficina. Este proxecto ten un claro carácter divulgativo que se espera sirva para fomentar o uso e a curiosidade sobre o FLOSS por parte dos estudantes e membros da UDC.

Duración e datas estimadas.

Trátase dun **proxecto de difusión** cunha duración estimada para a súa elaboración de 3 meses, coa adicación completa dun enxeñeiro técnico.

7.2.2.5. Celebración de Install Parties de Ubuntu

Descrición.



O sistema operativo libre Ubuntu é unha das distribucións GNU/Linux máis coñecidas que proporciona un sistema operativo actualizado e estable para calquera usuario, cun forte enfoque na facilidade de uso e de instalación do sistema. De aí o seu slogan "Linux para seres humanos".

É por isto que a OSL elixiu esta distribución como unha boa candidata para a celebración das install parties cada vez que se publica unha nova versión de Ubuntu. O cal ocorre cada 6 meses, en abril e outubro de cada ano.

Duración e datas estimadas.

Faranse dúas Install Parties no ano 2010 unha no mes de **maio**, despois de que saia a Ubuntu 10.04 e outra en **novembro** despois de que saia a Ubuntu 10.10. Estímase unha adicación total dun mes dun enxeñeiro técnico.

7.2.2.6. Celebración de Xornadas

Descrición.

A OSL para promover e difundir o coñecemento e o uso do FLOSS realizará durante o ano 2010 distintas xornadas. Estas xornadas irán dende a introdución ao FLOSS, pasando por xornadas máis específicas orientadas a temáticas máis específicas como o deseño gráfico con software libre, acceso e comunicación a través de Internet, etc.

Estas xornadas estarán abertas a todo o público, como xa o estiveron as xornadas organizadas no ano 2009.

Duración e datas estimadas.

Neste momento están planeadas unha xornadas para o mes de **maio do 2010**, aínda que conforme avance o ano 2010 e se observe a carga que soporta a oficina se decidirá a realización de a lo menos dúas xornadas máis. Estímase unha adicación de 1,6 meses de dous enxeñeiros técnicos

7.2.3. Resumo da proposta


Plan de actuacións da OSL da UDC para o 2010	
<i>Actividades continuadas</i>	
Actividades de difusión	▪ Asesoramento e información directo aos usuarios
Actividades de formación	▪ Cursos destinados ao colectivo de PDIs da UDC
	▪ Cursos abertos ao público na aula de formación libre
<i>Proxectos concretos</i>	
Proxectos de difusión	▪ Realización de manuais de ferramentas libres
Proxectos relacionados con actos e eventos	▪ Celebración de Install Parties de Ubuntu
	▪ Celebración de Xornadas
Orzamento total: 40.000 €	



7.3. Plan de actuacións da Oficina de Software Libre da Universidade de Santiago de Compostela


7.3.1. *Introdución*

A actividade da Oficina de Software Libre da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante OSL-USC) para o período xaneiro-decembro de 2010 xirará ao redor dos seguintes proxectos, xa identificados no primeiro período de vida da OSL-USC, agosto de 2008-decembro 2009.



Para o ano 2010, a OSL-USC presenta o seguinte mapa que reflexa as tarefas nas que vai traballar e que considera que se deben levar a cabo. Todas elas van encamiñadas cara a introdución do FLOSS na universidade e fundamentadas na colaboración e reaproveitamento do traballo por parte da comunidade, das outras OSL e para o impulso da sociedade da información non só no ámbito universitario, senón tamén na sociedade.

Como se pode apreciar, todo xira ao redor do produto estrela da OSL, a adaptación da distribución de GNU/Linux Ubuntu ao contorno universitario: a Ubuntu-USC. A través dela a OSL-USC pretende implantar e promover o FLOSS dentro da comunidade universitaria. Este proxecto ofrécese ao resto das OSL do sistema universitario galego a través do xestor de proxectos no que se encontra aloxado: <http://softwarelibre.usc.es>



7.3.2. Plan de actuacións detallado

Como se amosa no gráfico anterior, o eixo principal do plan de traballo é o proxecto Ubuntu-USC, como elemento difusor do FLOSS na comunidade universitaria.

Para conseguir os obxectivos marcados identificáronse unha serie de tarefas a levar a cabo alén de proxectos a desenvolver. Nunha primeira aproximación e por orde de prioridade, destacan os seguintes:

- Creación de metapaquetes
- Localización de software
- Formación de persoal
- Deseño e mantemento de infraestrutura



7.3.2.1. *Metapaquetes que se crearán ou actualizarán para a nova versión da Ubuntu-USC:*

Descrición.

Durante este ano, a OSL-USC terá que actualizar todos os metapaquetes que se levan realizado para a nova versión de Ubuntu, con data de liberación a finais de abril.

Ademais, a Oficina terá que engadir novos metapaquetes para levar o FLOSS a máis titulacións e grupos de investigación. A priori, os próximos obxectivos serán a creación de metapaquetes para a Facultade de Física e a de Matemáticas, xunto coa migración da distribución EpiLinux empregando como base a Ubuntu-USC.

Na seguinte táboa recóllense os metapaquetes que está previsto desenvolver e manter ao longo do 2010:

Nome	Descrición	Operación
usc-software-base	Selección de aplicativos base para o traballo diario do usuario.	Actualización
usc-software-base-nonfree	Complementa o anterior, pero con aplicativos non libres.	Actualización
usc-software-cceducacion	Software empregado nesta titulación	Actualización
usc-software-etse-informatica	Software empregado nesta titulación	Actualización
usc-software-filoxia	Software empregado nesta titulación	Actualización
usc-software-misc-bioinformatica	Selección de aplicativos para os investigadores deste campo	Actualización
usc-software-rai	Ferramentas empregadas polos técnicos das aulas para a xestión das mesmas.	Actualización
usc-default-settings	Configuracións e conxunto imaxe da distribución Ubuntu-USC.	Actualización
usc-software-matematicas	Software empregado nesta titulación	Novo
usc-software-fisica	Software empregado nesta titulación	Novo
Epilinux	Conxunto imaxe da distribución Epilinux	Novo
usc-software-misc-epidimiologia	Selección de aplicativos para os investigadores deste campo	Novo



De todo o traballo anterior a realizar, convén destacar dous, o **metapaquete de Epilinux** e o **usc-default-settings** xa que constarían de deseño dunha imaxe corporativa que se lle engadiría á tarefa de empaquetado.

Duración e datas estimadas.

Estímase que a realización dun metapaquete precisa dúas semanas de traballo de dúas persoas a tempo completo.

A creación da estética corporativa para unha distribución de GNU/Linux, estímase en dúas semanas de traballo dunha persoa a tempo completo. As funcións a desenvolver teñen que ver coa selección dos elementos gráficos base: cores, tipografía, fondos de escritorio, imaxes de arranque, selección e adaptación dun tema de iconas, selección e adaptación dun tema de GTK.

O traballo realizarase dende xaneiro ata o mes de setembro, sendo este último o mes de probas e de instalación da nova versión Ubuntu-USC baseada na Ubuntu 10.4 para o ano académico 2010-2011 nas aulas de informática que forman parte do plano piloto.

7.3.2.2. Localización de software

Descrición.

A OSL-USC vai adicar parte do seu tempo á tradución de FLOSS ao galego, en colaboración, como xa se ven facendo, co Servizo de Normalización Lingüística da USC.

Neste campo a Oficina identifica tres proxectos importantes nos que colaborar:

- Contorno de escritorio GNOME.
- Distribución de GNU/Linux Ubuntu.
- IDE NetBeans.

O alcance do traballo realizado nos tres proxectos beneficiará non só á comunidade universitaria senón a toda a comunidade desenvolvedora de sw libre, pola relevancia dos mesmos.

Duración e datas estimadas.

Estímase unha carga de traballo de 2 meses de dúas persoas a tempo completo nesta tarefa.

As datas para comprobar o traballo realizado coincidirán coas liberacións das novas versións dos produtos anteriormente citados.

- No caso do contorno de escritorio GNOME a finais do mes de marzo, cando saia a versión 2.30, no que a Oficina axudará á comunidade de tradución na xestión e coordinación da tradución, e garantirá que o 100% do proxecto estea localizado ao galego.
- No tocante á distribución de GNU/Linux Ubuntu, esta sairá a finais de abril, sería a versión 10.4 e o obxectivo será garantir a tradución máis completa do paquete base da mesma, así como un aumento na tradución da documentación e dos paquetes extra de dito proxecto.
- Con respecto ao IDE NetBeans, o obxectivo estaría en pasar do 35% do total traducido actualmente ao 70% a final de ano, conseguindo traducir un dos contornos de desenvolvemento máis empregado na programación de aplicativos.



7.3.2.3. Formación de persoal

Descrición.

A formación que ofertará a Oficina xira arredor do proxecto Ubuntu-USC. Impartirase formación de introdución no uso da mesma polos usuarios e tamén na súa administración para o persoal técnico da universidade.

A formación ofertarase a dous sectores concretos dos membros da universidade, por un lado o PDI e por outro o PAS.

Con respecto aos estudantes, colaborarase na organización e impartición de cursos con outros servizos da universidade.

Potenciarase así mesmo neste ámbito a colaboración con outras iniciativas formativas, como a desenvolvida polo CENATIC coas universidades españolas en virtude dos acordos coa Sectorial TIC da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas.

Maniféstase a dispoñibilidade para poder colaborar na definición de contidos nos que formar a outros colectivos nos universitarios, segundo as liñas de acción que determine a SXMIT; e, en particular, para a formación de profesorado non universitario.

Duración e datas estimadas.

Esta formación estímase que representa dous meses de traballo de dúas persoas a tempo completo. Levarase a cabo ao longo de todo o ano 2010.

7.3.2.4. Deseño e mantemento de infraestrutura

Descrición.

A OSL-USC ten creada unha infraestrutura técnica que vai levar asociado un importante traballo de mantemento. Dunha banda o xestor de proxectos no que se aloxan todos os desenvolvementos da Oficina; por outro os diferentes sitios web que leva creado, véxase a web da OSL-USC, a wiki da mesma, as páxinas da Ubuntu-USC e as dos diferentes eventos realizados.

Durante o ano 2010, a Oficina vai montar un xestor documental para que o “know-how” dos técnicos da USC e dos membros da OSL-USC, flúa e se comparta e que non só estea na cabeza de cada un.

Duración e datas estimadas.

Esta tarefa levarase a cabo durante o ano 2010 e a súa estimación é de 1 mes de traballo a tempo completo de dous traballadores a repartir ao longo de todo o ano.

7.3.2.5. Outros proxectos identificados

Como se pode apreciar no gráfico do plan de traballo incluído na introdución, a Oficina identifica outra serie de proxectos e actividades a levar a cabo durante o ano 2010. Moitas son complicadas de estimar e de encaixar sen realizar unha análise máis detallada das mesmas.

Os proxectos relacionados coa Ubuntu-USC (Telémaco, Penélope, Ulises,...) quedarán á espera de acadar recursos económicos adicionais para a súa realización ou para próximos anos.



Con respecto a outras tarefas relacionadas co apoio e cooperación institucional, de asesoramento e asistencia técnica, a Oficina vai concentrar nelas esforzos, por ser de grande valor para a comunidade universitaria, pero non se pode determinar a priori o tempo que se vai investir nas mesmas.

A Oficina tamén identifica outra serie de tarefas ou proxectos de interese que, cos recursos previstos, non poderá realizar no ano 2010.

Estaríase a falar dunha extensión para o Horde e outra para o OpenCMS que permitirían controlar o cumprimento cos estándares abertos nestas dúas ferramentas libres que empregan as universidades galegas para a comunicación cos seus membros e co exterior.

A primeira sería para controlar que nun correo web implementado con Horde non se permita o envío de ficheiros en formatos privativos. Sería de utilidade tanto para a USC como a Universidade de Vigo xa que empregan esta ferramenta para dar o servizo de correo corporativo aos seus membros.

No caso do OpenCMS, que se atopa en produción na web da USC e que entrará en breve en funcionamento nos sitios web das outras dúas universidades galegas, a extensión garantiría que os documentos colgados na web cumprisen cos estándares abertos impedindo que os usuarios colguen documentos en formatos privativos.

É tamén importante subliñar o interese de establecer durante o 2010 un plan de acción a medio prazo para o que convén recalcar a necesidade dunha mais estreita coordinación dos traballos das OSL universitarias, para poder acordar traballos de interese común, no marco do convenio, que sexan de interese para as 3 universidades a aínda no contorno da sociedade en xeral. Por suposto é tamén prestar atención á coordinación entre todos os axentes implicados nas actuacións para o impulso do FLOSS en Galicia definidas pola Xunta de Galicia.

7.3.3. *Resumo da proposta*

Plan de actuacións da OSL-USC para o 2010	
Tarefa	Estimación temporal
Creación de metapaquetes	6 meses / 2 persoas a tempo completo
Localización de software	2 meses / 2 persoas a tempo completo
Formación de persoal	2 meses / 2 persoas a tempo completo
Deseño e mantemento de infraestrutura	1 mes / 2 persoas a tempo completo
Cooperación e difusión, asesoramento e asistencia técnica	Durante todo o proxecto, segundo dispoñibilidade
Orzamento total: 40.000 €	

O custo estimado das accións propostas será superior ao orzamento total dispoñible a través do Convenio coa SXMIT, polo que terá que recorrerse a outras vías de financiamento propias ou externas para complementar a achega de recursos prevista. A meirande parte do investimento virá determinado polos custes de persoal asociados aos proxectos e accións descritas.



Como se pode observar pesa moito o traballo sobre a Ubuntu-USC. Isto debese a que é a ferramenta escollida para introducir o FLOSS na universidade. Debido a importancia que ten, a Oficina, vai investir moito traballo en acadar que a Ubuntu-USC sexa unha solución para os usuarios. Ten que ser unha ferramenta fácil de empregar, sinxela, fiable, robusta e que resolva todas as súas necesidades mellor que as que veñen empregando ata agora.



7.4. Plan de actuacións da Oficina de Software Libre da Universidade de Vigo

7.4.1. *Introdución*

A Oficina de Software Libre da Universidade de Vigo (en diante, OSL da UVigo) conta entre os seus principais obxectivos a difusión, promoción e asesoramento sobre FLOSS dentro do ámbito universitario. Con todo, durante os anos anteriores, ten recibido e atendido, na medida das súas posibilidades, consultas dende o ámbito empresarial do contorno de Ourense.

Por esta razóns, aínda que a meirande parte das actividades que se pretenden realizar durante este ano teñen como destinatarios principais aos membros da comunidade universitaria (alumnado, profesorado e PAS), tamén se tratará de realizar actividades dirixidas ao ámbito empresarial.

Por outra parte, dende a OSL da UVigo considérase necesario para o correcto desenvolvemento das actividades contar co apoio e colaboración das outras OSL así como da Xunta de Galicia e puntualmente con AGASOL no que se refire ás actividades de carácter empresarial.

7.4.2. *Plan de actuacións detallado*

7.4.2.1. *Mantemento da web da oficina*

Descrición.

Mantemento dos contidos e da estrutura da web da OSL da UVigo. Os destinatarios principais desta actividade son os membros da comunidade universitaria da UVigo, aínda que por tratarse dunha web pública os seus contidos están accesibles para calquera.

Duración e datas estimadas.

Realizarase unha actualización semanal da web. Esta actualización contempla tanto en ámbitos percibidos polos usuarios (principalmente de contidos) ou actualización de funcionalidades (como a ampliación dunha sección).

A planificación temporal prevista para esta actividade é a seguinte:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	P	P	E	E	E	E	E	E	E	E	E	E

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.2. *Gravación de píldoras docentes sobre FLOSS*

Descrición.



Esta actividade consistirá na gravación de píldoras docentes sobre aplicativos empresariais. Os contidos das mesmas propónse que sexan establecidos nunha primeira reunión entre as OSL das 3 universidades e Agasol co obxectivo de poder chegar a distintos ámbitos de actuación: cidadanía, empresas, empregados públicos, etc.

Prevese a gravación de 40 píldoras sobre aplicativos de temáticas empresariais.

Duración e datas estimadas.

A planificación temporal prevista para esta actividade é a seguinte:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	P	P	E	E	E	E	D	D	D	D	D	D

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.3. Creación de grupos de profesores de innovación docente en FLOSS

Descrición.

Coordinarase a creación de grupos de profesores que realicen actividades en común sobre materias do mesmo tipo de perfil e que difundan as mesmas a outro profesorado.

Estes profesores encargaranse de publicar os seus materiais, discutilos, facer novos materiais, solicitar necesidades de formación e equipamentos aos seus vicerreitorados. Deste xeito, os propios creadores de contidos e experiencias, traballarán xuntos para desenvolver máis cada perfil de materia de acordo a ferramentas de FLOSS e acurtar as barreiras de entrada doutro profesorado do mesmo perfil.

Propónse que esta actividade se realice en colaboración coas outras OSL

Duración e datas estimadas.

Estímase que durante o ano 2010 se dispoña de 5 grupos de innovación creados e traballando.

A planificación temporal prevista para esta actividade é a seguinte:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	PD	PD	E	E	E	E	E		PD	E	E	E
2011	E	E										

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.4. DIAS MaisQueLIBRES

Descrición.

Realizar unha xornada de traballo en cada centro, ou grupo de centros afíns, da Universidade de Vigo orientando a mesma á difusión do FLOSS, diferenciándoo doutro software e facendo unha exposición de vantaxes e posibles usos.

Os destinatarios destas xornadas serían membros da comunidade universitaria (profesorado, alumnado e PAS) aínda que poderían achegarse persoas alleas á universidade nalgúns das sesións de difusión.

***Duración e datas estimadas.***

Prevese realizar 5 xornadas cunha duración dun día cada unha, coa seguinte planificación temporal:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	PD	PD	PD	E	E	E	E		PD	PD	E	E

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.5. Xornadas empresariais sobre solucións libres: “Aumentar os beneficios co uso das TIC Libres”

Descrición.

Trataríase de realizar unha xornada de traballo nun campus dirixida a empresarios e traballadores co obxectivo de visualizar os beneficios para as súas empresa ao traballar coas TIC libres. Para a realización desta actividade contaríase coa colaboración de Agasol.

A sesión de trabalo constaría das seguintes actividades:

1. Exposición das TICs e os seus beneficios [Non mais de 10 min por empresa].
2. Crear grupos de empresarios segundo sectores [minitaller de traballo do grupo con cada empresa de Agasol participante] Rotatorio: todos os empresarios expoñen necesidades e coñecen toda as empresas. En cada grupo existirá unha figura externa que dinamice o grupo e achegue en cuestións xerais.
3. Plenario entre todos con conclusións.
4. Tempo para Networking.

Un aspecto destacable desta actividade é a súa metodoloxía innovadora onde ningún empresario pode ser un mero espectador pasivo durante a xornada.

Duración e datas estimadas.

A planificación temporal prevista é:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	PD	PD	PD	PD	PD	E	E				R	

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.6. Concurso de identificación de arquivos non libres

Descrición.

Concurso dirixido aos membros da comunidade universitaria, onde os participantes teñen que tratar de atopar o maior número posible de ficheiros en formatos propietarios dentro das webs da universidade.

Realizaranse actividades de presentación do concurso e distribuiranse dípticos informativos sobre o que é un formato libre e o que non.



Inclúense nesta actividade o incentivo en premios para os grupos participantes e a realización dunha xornada de presentación das conclusións da mesma.

Duración e datas estimadas.

A planificación temporal prevista é:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	PD	PD	PD	PD	PD	E	E		E	E		

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.7. Cursos sobre tecnoloxías libres***Descrición.***

Realización de actividades de formación (non de difusión) sobre distintas tecnoloxías libres con obradoiros e charlas explicativos.

As actividades formativas estarán dirixidas aos tres colectivos da universidade e orientadas a aumentar as súas competencias neste eido. Terán asignado o seu correspondente diploma de formación e a súa convalidación en créditos de libre elección para o alumnado.

Duración e datas estimadas.

Inclúese nesta proposta a realización de, polo menos, 5 cursos de formación cun mínimo de 20 asistentes por curso. A planificación temporal prevista é:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	PD	PD	PD	PD	PD	E	E		E	E	E	E

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.8. Laboratorio de boas prácticas de coñecemento aberto e FLOSS***Descrición.***

Mantemento dun laboratorio de boas prácticas e ideas no eido do FLOSS e estudo do seu interese para a comunidade universitaria da UVigo ou outras entidades implicadas.

O obxectivo principal do laboratorio é, con carácter semanal, ofrecer dous pequenos informes executivos sobre algunha actividade, acción ou iniciativa doutras oficinas, administracións ou empresas.

Cada informe constará como mínimo dunha descrición da actividade ou iniciativa e os seus obxectivos, os resultados obtidos, como se levou a cabo, e como esta actividade se pode trasladar o eido local, xa sexa na universidade, no entorno empresarial ou das administracións.

Para a captación e coñecemento en mais profundidade dalgunha destas actividades pódese requirir que o persoal da oficina faga visitas a algún dos responsables de ditas actividades. A participación en xornadas ou conferencias de FLOSS tamén se inclúen como medio de captación e estudo destas iniciativas.

Duración e datas estimadas.



A planificación temporal prevista é:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	P	P	E	E	E	E	E		E	E	E	E

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.9. Ciclo documental sobre FLOSS

Descrición.

O ciclo documental consiste nunha serie de xornadas (mínimo 3 días) de difusión do FLOSS e do seu uso, dirixidas á comunidade universitaria, tendo como alicerce do debate a proxección dun documental, vídeo ou fragmento dunha longametraxe.

Ditos obxectos visuais terán algún tipo de nexco co FLOSS, coa súa distribución, as súas orixes e futuro, de forma que complementen os coñecementos dos asistentes.

Duración e datas estimadas.

Realizarase durante os meses de outubro e novembro de 2010, coa seguinte planificación temporal:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	P	P	P	P	PD	PD	PD		PD	E	E	

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición

7.4.2.10. Obradoiro de desenvolvemento competitivo con FLOSS

Descrición.

O obradoiro consistirá na proposta dun proxecto de FLOSS que se realizará, baixo a dirección da OSL, por membros da comunidade universitaria e outras persoas interesadas.

Tamén se solicitará a participación de empresas vencelladas ao FLOSS para aumentar a potencialidade do proxecto.

O obxectivo principal do obradoiro, ademais da difusión do FLOSS, é crear un novo proxecto (cunha posible orientación de utilidade para a universidade) e fomentar a creación dunha comunidade ao seu redor.

Distribuirase o mesmo polo repositorio FLOSS de Galicia e por sourceforge.

Duración e datas estimadas.

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2010	P	PD	PD	E	E							

P – Preparación D-Difusión E- Execución R- Repetición



7.4.3. Resumo da proposta

Plan de actuacións da OSL da UVigo para o 2010	
Mantemento da web da OSL	
Gravación de píldoras docentes sobre FLOSS	
Grupos de profesores de innovación docente en FLOSS	
Xornadas DIAS MaisQueLIBRES	
Xornada empresarial sobre solucións FLOSS	
Concurso de localización de ficheiros non libres	
Cursos sobre tecnoloxías libres	
Laboratorio de boas prácticas de coñecemento aberto e FLOSS	
Ciclo documental sobre FLOSS	
Obradoiro de desenvolvemento competitivo con FLOSS	
Orzamento total: 40.000 €	



7.5. Programa de posgrao da Universidade de Vigo conducente a título de Máster Universitario en Consultoría en Software Libre

7.5.1. Introducción

A Universidade de Vigo é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico e ten como un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten ó desenvolvemento económico de Galicia.

Desde a Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo implantouse, o 26 de setembro de 2008, o Programa Oficial de Posgrao (POP) de Consultoría Informática en Software Libre que dá acceso ao título de "Máster en Consultoría de Software Libre".

Trátase dun Máster de 60 créditos ECTS que se divide nos seguintes módulos:

- Módulo I: Introducción ao Software Libre
- Módulo II: Tecnoloxías de Desenvolvemento de Software Libre
- Módulo III: Ferramentas de Intelixencia de Negocio
- Módulo IV: Administración e Dirección das TIC
- Módulo V: Seguridade e Lexislación

7.5.2. Programa do Máster en Consultoría de Software Libre

A continuación descríbense os obxectivos específicos deste programa oficial de posgrao, así como as competencias xerais e específicas que adquiriran os titulados e un resumo do custo económico do Master.

7.5.2.1. Obxectivos específicos do programa

Os obxectivos formativos do Máster en Consultoría de Software Libre son:

1. Coñecer os fundamentos, vantaxes e oportunidades que ofrecen os modelos de desenvolvemento de aplicacións de xestión baseados en software libre.
2. Coñecer e dominar as principais tecnoloxías e frameworks de desenvolvemento de sistemas de información baseados en software libre.
3. Coñecer as principais características dos sistemas de Intelixencia de Negocio e dominar o proceso de implantación e parametrización destes sistemas.
4. Coñecer as principais técnicas de planificación, xestión e control de calidade de proxectos informáticos.



5. Coñecer o marco normativo e obrigacións legais relativos á seguridade dos sistemas de información e de protección de datos.
6. Dominar os principais aspectos e técnicas das actividades da consultoría informática.
7. Coñecer os principais conceptos de estrutura da empresa, a función directiva, os procesos de toma de decisións, así como do establecemento da política estratéxica da empresa.
8. Analizar e modelar os fluxos e medios polos que os directivos das empresas reciben e distribúen a información do negocio.
9. Coñecer os métodos e ferramentas que permiten aliñar a política TIC dunha empresa coas súas necesidades estratéxicas.
10. Coñecer os principais métodos de auditoría e mellora continua en solucións TIC, co fin de poder realizar diagnósticos de situación, priorización de propostas tecnolóxicas e xestionar adecuadamente a infraestrutura TIC da organización.
11. Deseñar, aplicar e mellorar continuamente os sistemas de xestión de calidade dos proxectos tecnolóxicos.
12. Coñecer os principais tipos de ameazas aos que está sometido un sistema informático, así como os métodos de protección, detección e políticas de seguridade.
13. Adquirir as capacidades directivas necesarias para liderar e motivar adecuadamente a equipos de traballo multidisciplinares.
14. Dominar as principais estratexias, técnicas e recursos de negociación e presentación.
15. Comunicar ideas e conceptos de xeito convincente de palabra e por escrito.

7.5.2.2. Competencias xerais e específicas que adquirirán os titulados

Preténdese que os titulados no Máster de Consultoría de Software Libre adquiran as seguintes competencias específicas e transversais:

Competencias específicas de desenvolvemento de aplicacións de software libre

- Dirixir e coordinar o proxecto de desenvolvemento de aplicacións de software libre, supervisando as funcións e recursos de análise funcional, orgánico e programación, asegurando a adecuada explotación dos aplicativos.
- Dirixir equipos de traballo compostos por analistas funcionais, analistas de aplicacións e programadores.
- Coñecer as características das principais tecnoloxías e frameworks de desenvolvemento de aplicacións de software libre.
- Desenvolver aplicacións empresariais utilizando as arquitecturas de desenvolvemento máis actuais.
- Control e seguimento de prazos, indicadores económicos e de calidade.



- Supervisar e coordinar o desenvolvemento completo de aplicacións e administrar a introdución de sistemas de xestión de software libre.
- Analizar e recoller novas técnicas e ferramentas do mercado estudando a súa viabilidade e necesidade.
- Control e xestión do desenvolvemento de proxectos informáticos.
- Integrar sistemas informáticos existentes susceptibles de interrelacionarse
- Analizar e decidir a alternativa óptima de software libre a instalar e adaptar.

Competencias específicas de implantación de ferramentas de intelixencia de negocio

- Instalar ferramentas de datawarehouse e SIAD (Sistemas de Información para a Alta Dirección)
- Manter a coherencia do sistema de información con respecto á organización da empresa e á súa evolución.
- Garantir a posta en marcha dos cambios no marco da implantación de sistemas integrados (ERP, CRM,...)
- Concibir os aplicativos, pilotar a introdución e a parametrización dos sistemas integrados (ERP, CRM,...).
- Avaliar novos produtos informáticos que poden achegar melloras tanto nos sistemas existentes como no desenvolvemento de novos sistemas.

Competencias específicas de consultoría, administración e xestión das tic

- Establecer o aliñamento dos obxectivos informáticos cos obxectivos da empresa e velar polo seu cumprimento.
- Definir a política informática da empresa a medio e longo prazo.
- Efectuar o diagnóstico dos sistemas informáticos da empresa desde diferentes ángulos: técnico, organizativo, funcional, económico e humano.
- Xestionar as relacións cos provedores e negociar os contratos.
- Establecer as directrices sobre as métricas e indicadores que serán utilizados para permitir á Dirección da Empresa a avaliación e o seguimento dos sistemas informáticos.
- Analizar os proxectos e as necesidades e propor solucións no plano técnico, humano e financeiro.
- Optimizar, xestionar e optimizar os procesos de negocio da empresa.
- Asegurar a definición das directrices de calidade, a súa aplicación, así como a estandarización.



Competencias específicas de seguridade e protección de datos

- Establecer políticas de seguridade e técnicas criptográficas.
- Instalación e configuración de firewalls: compoñentes, configuracións, produtos. Definición de regras de filtrado, conexións e servizos.
- Análise dos procedementos, accesos e seguridade en vigor.
- Asegurar a conformidade do sistema informático á lexislación en vigor

Competencias transversais xenéricas

- Instrumentais
 - Capacidade de análise e síntese
 - Capacidade de organización e planificación
 - Capacidade para resolver problemas
 - Capacidade de xestión da información
 - Capacidade de tomar decisións
- Persoais
 - Traballo en equipo
 - Habilidades nas relacións interpersoais
 - Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
 - Recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade
- Sistémicas
 - Razoamento crítico
 - Compromiso ético
 - Aprendizaxe autónoma
 - Adaptación a novas situacións
 - Creatividade
 - Liderado

7.5.2.3. Orzamento total do Máster

A continuación inclúese o detalle económico do orzamento total do Programa Oficial de Posgrao en Consultoría de Software Libre para o ano 2010, que vai ser cofinanciado pola SXMIT para o que achegará a cantidade de 30.000€

O orzamento total é o seguinte:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Gastos	
Concepto	Orzamento
Material de oficina	1.150,86 €
Atencións protocolarias	3.390,00 €
Publicidade e propaganda	3.000,00 €
Outros traballos realizados por empresas	4.000,00 €
Conferencias e clases	55.075,00 €
Axudas de custo e locomoción	1.000,00 €
Mobiliario e equipamento	3.716,00 €
Bolsas de alumnos/as	5.000,00 €
Total:	76.331,86 €



7.6. Proxectos propostos para o fomento do FLOSS por AGASOL

7.6.1. *Introdución*

A Asociación de empresas Galegas de Software Libre (en adiante, AGASOL) é unha iniciativa de empresas galegas de software libre que se agrupan nunha asociación para intentar acadar maiores oportunidades de negocio, exercer como interlocutores dun sector en fase expansiva en Galicia e, ao tempo, promocionar un modelo de sociedade do coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

AGASOL ten entre os seus obxectivos:

1. Promocionar o Software Libre como ferramenta válida para desenvolver a sociedade da información en Galicia.
2. Servir de interlocutor ante a Administración Pública galega para apoiala e asesorala no proceso de migración e implantación de Software Libre e estándares abertos.
3. Fomentar e organizar a colaboración entre os seus socios, de maneira que poidan facilitarse e xerarse novas oportunidades de negocio.

7.6.1.1. *Breve historial de AGASOL*

- **Agosto 2007** – AGASOL é constituída por un grupo de 10 empresas do sector TIC galego, na súa maioría microempresas de menos de 10 empregados.
- **Outubro 2007** – AGASOL inicia a súa actividade coa participación na presentación do DVD de software libre para a PEME promovido pola Consellería de Industria.
- **Marzo 2008** – A Asociación organiza unha serie de cursos de formación en torno ao CMS de software libre Typo3, tanto para empresas asociadas como para non socias.
- **Maio 2008** – AGASOL encárgase de organizar o itinerario de software libre no III Día do Emprendedor organizado polo IGAPE.
- **Outubro 2008** – AGASOL imparte os seminarios para a promoción e difusión do software libre nas Pemes a través das cámaras de comercio, realizando o primeiro evento na Coruña.
- **Novembro 2008** – A Asociación publica a súa nova web, incluíndo o portfolio de produtos de software libre sobre os que ofertan servizos os seus asociados, así como os casos de éxito existentes.
- **Decembro 2008** – A Asociación imparte un curso de formación no software de xestión de servizos de rede eBox, para máis de 12 empregados de empresas socias.
- Ademais, en decembro AGASOL alcanza os 25 asociados grazas á incorporacións de ITG e Imatia, empresas de máis de 25 empregados con produtos software propios, o que



confirma o interese por desenvolver un modelo de negocio en torno a unha estratexia de software libre.

- **Febreiro 2009** – AGASOL imparte os últimos seminarios para a promoción e difusión de software libre nas pemes en Lugo e Vilagarcía de Arousa, confirmando o enorme éxito de participación e asistencia.

7.6.2. Plan de actuacións detallado

7.6.2.1. Catálogo de produtos de Software Libre

Descrición do proxecto.

Dentro do marco da estratexia da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que pretende ofrecer un servizo integral á PEME galega a través de diferentes servizos e produtos, AGASOL propón a creación dun catálogo de produtos e servizos TIC con base no software libre e de fontes abertas.

Trátase dun catálogo onde as pemes galegas poderán coñecer, dun xeito moi gráfico e visual, as diferentes ferramentas TIC que existen hoxe en día no mercado galego que poden facilitar a súa xestión, funcionamento e difusión.

No catálogo se poderá visualizar os produtos, as empresas que ofrecen servizos sobre eles así como un caso de éxito asociado.

A estrutura será a seguinte:

- Explicación de servizos e valor de AGASOL.
- Categoría de produto: breve descrición do produto.
- Caso de éxito da empresa que dá o servizo técnico.

Este catálogo estará a disposición das pemes a través de diferentes medios, sendo un deles o propio Centro demostrador de solucións para pemes.

Os formatos propostos para a creación deste catálogo son varios:

- Catálogo en formato papel, editado e impreso en alta calidade, a disposición da PEME galega a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
- Catálogo en formato electrónico, onde o usuario, accedendo a calquera aplicación (web da Secretaría Xeral, ordenador a disposición do público en diferentes foros, espazos, etc) poda pasar as páxinas do catálogo, como se fose un libro.

AGASOL será a encargada de proporcionar os contidos deste catálogo de produtos e servizos, redactando e deseñando os mesmos dun xeito amigable e atractivo. Os traballos a realizar son, por tanto:

- Selección e redacción de contidos.
- Deseño gráfico do catálogo.



- Deseño e creación de catálogo electrónico.
- Maquetación e impresión de 700 exemplares en formato papel.

Calendario de execución.

O tempo estimado para a elaboración deste catálogo é de dous meses, coas seguintes fases:

1. Organización e lanzamento.
2. Proposta e estrutura de contidos, a pechar coa SXMIT.
3. Redacción de contidos.
4. Deseño gráfico e maquetación.
5. Creación de soporte electrónico.
6. Impresión de exemplares.
7. Presentación ante os medios e pemes.

7.6.2.2. Xornadas de difusión de Software libre para PEMES

Descrición do proxecto.

AGASOL propón a realización de **6 xornadas de promoción de software libre para pemes**, ao longo do ano 2010.

O obxectivo fundamental da realización das xornadas é achegar produtos e casos de éxito de utilización de software libre e de fontes abertas ás pemes galegas, contribuíndo á mellora da produtividade a través da utilización da tecnoloxía, grazas á colaboración dos socios de AGASOL na realización das charlas.

O interese do proxecto non é so a difusión dos produtos, senón tamén a potencial relación de negocio ou asesoramento a establecerse entre as empresas participantes cos socios de AGASOL, ambas pemes consumidoras e prestadoras de servizos TIC, neste caso ao redor do FLOSS, coas coñecidas vantaxes de maior fiabilidade, seguridade, calidade e menor custo.

Ao remate da xornada, os asistentes terían acadado unha comprensión básica das vantaxes do FLOSS empresarial, ademais de coñecer varios aplicativos específicos útiles para mellorar a súa xestión, experiencias de éxito doutras empresas similares, e a un grupo de posibles socios e asesores tecnolóxicos cos que colaborar na súa implantación.

O **programa das xornadas** consta de 4 seminarios, que se describen a continuación. Inclúese tamén unha breve mención dos seus respectivos ponentes.

- **Software Libre: Solucións de éxito para a PEME.** A charla presentará casos de éxito no eido do FLOSS, de xeito que o sector empresarial poida ter unha visión completa e práctica sobre algunhas das diferentes ferramentas existentes.

Ponente: Roberto Brenlla. Economista. Socio fundador (2003) e presidente de AGNIX ata xullo de 2006.



Promotor do "GNU/Linux para O Pobo", coñecida posteriormente coma AGNIX, co obxectivo de amosar a independencia tecnolóxica que se pode acadar grazas ao Software Libre alén de ferramenta normalizadora do galego.

Organizou xornadas de achegamento nos concellos de Fene, Ames e co-organizou ás do Porriño, así como, en nome de todos os grupos e asociacións galegas de Software Libre, as I Xornadas para o Ensino Secundario en outubro de 2004. Participou coma relator en moitos eventos e cursos nos últimos anos.

Publica documentacións, novas e artigos no seu blog, en AGNIX e noutros portais galegos. Imparte frecuentes relatorios e dá cursos sobre Software Libre.

Fundador de TEGNIX, empresa especializada en FLOSS, da que é socio.

- **Mellora da xestión empresarial. O caso de éxito de OpenERP.** O relatorio versará sobre que criterios nos deben levar para a elección dun bo programa informático para a xestión e manexo dos distintos campos de operación das nosas empresas coma a produción, loxística, distribución, inventario, facturas, contabilidade en xeral, e un longo etcétera de procesos aos que hai que estar atentos e controlar na empresa.

Neste mesmo seminario mostrarase o funcionamento e solución de tarefas que proporciona OpenERP e explicárase polo miúdo os beneficios, entre outros, que este representa coma:

- Unificación nun só sistema do manexo dos procesos comerciais.
- Control total dos procesos da empresa.
- Redución dos custos de xerencia.
- Incremento do retorno de inversión.
- Modularidade do programa o cal permite incorporar os aspectos ou seccións que realmente nos interesen.
- Conectividade e centralización de datos entre sedes.

E a maiores os beneficios principais que ten OpenERP coma software ERP libre:

- Liberdade á hora de engadir o modificar os módulos grazas á disposición do código.
- Funcionamento sinxelo e código limpo.
- Independencia tecnolóxica con respecto ao provedor.
- Software contrastado.

Por que se necesita un ERP? Todas as empresas chegadas a un determinado momento requiren a optimización da súa forma de levar a empresa, mellorando tempos ou mellorando as formas en que se fan as cousas, por iso os ERP son pezas fundamentais nas empresas xa que posúen módulos necesarios para levar adecuadamente áreas coma a contabilidade, o inventario, vendas, rrhh, facturación, servizo ao cliente, etc. de maneira integrada, o máis sinxelo posible e áxil.



Ponente: Santiago Argüeso Armesto. Enxeñeiro técnico Superior Industrial na especialidade de Automática e Electrónica pola Escola de Industrias de Vigo, Santiago estivo vinculado ata maio de 2007 á Aula de Produtos Lácteos da Universidade de Santiago de Compostela, exercendo actualmente coma director técnico e analista de negocio en Pexego.

- **Administración de sistemas. Aibox.** Aibox é unha solución integral libre para a administración da infraestrutura tecnolóxica de pequenas e medianas empresas que necesiten aumentar a súa produtividade e aforrar en custosas licenzas para o desenvolvemento do seu traballo diario.

Ponente: Alejandro Escobar. Director comercial e socio fundador de Aitire S.L.L., fundada no 2006. Alejandro exerce actualmente como responsable de desenvolvemento de produto de Aibox, una innovadora solución de administración de sistemas. Ademais é membro da xunta directiva de GALPON.

- **Creación de portais corporativos con software libre. Joomla e Typo3.** Con este seminario preténdese determinar a necesidade das empresas á hora de empregar un Xestor de Contidos rico para construír o seu site corporativo. Farase unha exposición das vantaxes e desvantaxes de posuír este tipo de solución nunha empresa, e por último falarase dos CMS cos que se traballa para ver os que se adaptan mellor dependendo das necesidades presentes e futuras da empresa : Typo3, Joomla.

Ponente: Gumersindo Veloso. Enxeñeiro Superior en Informática pola Universidade de Vigo, Gumersindo é un experto desenvolvedor de portais sobre tecnoloxías LAMP, coma por exemplo Typo3, dentro da empresa ourensá Redegal.

Calendario de execución.

As xornadas a realizar nos 6 parques empresariais e polígonos industriais das 4 provincias galegas terían a seguinte distribución horaria (mañá ou tarde segundo as indicacións de cada asociación de empresas):

- 10:00 - 10:15 / 16:00 - 16:15 **Presentación institucional da xornada**
- 10:15 - 11:00 / 16:15 - 17:00 **Software libre: Soluciones de éxito para a PEME.**
Ponente: Roberto Brenlla (TEGNIX)
- 11:00 - 11:45 / 17:00 – 17:45 **Mellora da xestión empresarial. O caso de éxito de OpenERP.**
Ponente: Santiago Argüeso (Pexego)
- 11:45 - 12:00 / 17:45 – 18:00 Pausa café.
- 12:00 - 12:45 / 18:00 – 18:45 **Administración de sistemas. Aibox.**
Ponente: Alejandro Escobar (Aitire)
- 12:45 – 13:30 / 18:45 – 19:30 **Creación de portais corporativos con software libre. Joomla e Typo3.**



Ponente: Gumersindo Veloso (Redegal)

- 13:30 -14:00 / 19:30 – 20:00 **Coloquio e Peche xornada.**

Proponse celebrar a xornada nos 6 parques ou polígonos citados a continuación, en xornada de mañá ou tarde, coas datas aproximadas tamén incluídas:

- Marzo 2010
 - Polígono de San Cibrao (Ourense)
 - Polígono As Gándaras / A Granxa (Porriño)
- Abril 2010
 - Polígono Industrial A Grela-Bens (Coruña)
 - Polígono Industrial de Sabón (Arteixo)
- Maio 2010
 - Polígono del Tambre (Santiago de Compostela)
 - Polígono Industrial O Ceao (Lugo)

No relativo á **coordinación das xornadas**, considerase necesario:

Garantir a existencia e adecuación dos locais onde se van celebrar as xornadas, mantendo ademais unha comunicación fluída coas asociacións de empresas dos polígonos empresariais.

Xestionar a presenza dos relatores das xornadas, colaborando coas empresas -todas elas socias de AGASOL- para obter o máximo rendemento do proxecto.

Seguir e avaliar a calidade do proxecto, recollendo o feedback necesario dos asistentes.

No relativo á **difusión do proxecto e cada unha das xornadas**:

Por unha banda, contratarase o servizo de gabinete de comunicación para apoiar á Asociación na comunicación e relación cos medios, ademais de servir como provedor do material de promoción.

7.6.2.3. Traducción ó galego dun Sistema de Comercio Electrónico en Software Libre para a PEME.

Descrición do proxecto.

Localización ao galego do aplicativo libre de comercio electrónico Magento. Trátase dunha das solucións de comercio electrónico baseadas en FLOSS con maior crecemento e aceptación nos últimos anos. Construída desde cero por desenvolvedores expertos do coñecido osCommerce, facilita a creación dunha tenda virtual que xestiona o catálogo de produtos da empresa para a súa venda a través da rede.

O comercio electrónico supón, a día de hoxe, unha oportunidade para as empresas na mellora da comercialización dos seus produtos. Esta modalidade de venda permite superar as barreiras horarias e as limitacións espaciais nos procesos de compra.



Magento achega un aspecto gráfico actual e vistoso, ademais dun software de fácil xestión e mantemento para as empresas que desexen levar a internet o seu catálogo comercial. Tamén axiliza e simplifica a compra por parte dunha potencial clientela.

Calendario de execución.

A execución deste proxecto contará coas seguintes fases:

- Avaliación da ferramenta
- Análise de formatos
- Homoxeneización e estandarización da lingua

7.6.3. Resume da proposta

Proxectos de AGASOL
Catálogo de produtos de Software Libre
Elaboración dun catálogo onde as pemes galegas poderán coñecer, dun xeito moi gráfico e visual, as diferentes ferramentas TIC que existen hoxe en día no mercado galego que poden facilitar a súa xestión, funcionamento e difusión.
Xornadas de difusión de Software libre para PEMES
Realización das 6 xornadas co obxectivo de achegar produtos e casos de éxito de utilización de software libre e de fontes abertas ás pemes galegas, contribuindo á mellora da produtividade a través da utilización da tecnoloxía, grazas á colaboración dos socios de AGASOL na realización das charlas. Isto permitirá ademais establecer unha potencial relación de negocio ou asesoramento entre as empresas participantes cos socios de AGASOL, como pemes consumidoras e prestadoras de servizos TIC.
Tradución ó galego dun Sistema de Comercio Electrónico en Software Libre para a PEME
Localización ao galego do aplicativo libre de comercio electrónico Magento. O comercio electrónico supón, a día de hoxe, unha oportunidade para as empresas na mellora da comercialización dos seus produtos.
Orzamento total : 30.000 €



7.7. Proposta de actividades para o fomento do software libre de AGNIX - Asociación de Usuarios de GNIX

7.7.1. *Introdución*

AGNIX é unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego e constituída por persoas con inquiredanzas no eido da implantación do FLOSS na sociedade galega. A súa finalidade principal é a formación e divulgación do software libre e de fontes abertas coma medio para acadar a Alfabetización Tecnolóxica e Informática galega, eliminando no posible a actual fenda tecnolóxica.

7.7.2. *Plan de actividades detallado*

A continuación descríbense as actividades que AGNIX ten xa o compromiso de realizar. Aínda que está traballando para organizar outras actividades, a día de hoxe non pode garantir a súa celebración, motivo polo que non se inclúen nesta proposta de actividades a realizar en convenio coa Xunta de Galicia.

7.7.2.1. *Xornadas de achegamento ao software libre*

Descrición.

Agnix.org pretende desenvolver catro xornadas de achegamento ao software libre, para elo e aproveitando a existencia de locais debidamente acondicionados usará as instalacións da Rede de CeMIT, en concreto nos concellos de Sada, Lugo, Riotorto e Mondoñedo.

As xornadas a desenvolver tratarán os seguintes puntos:

- **Achegamento ao software libre:** Neste punto explicárase que é o FLOSS, así como a súa historia, beneficios do seu uso, tipos de licenzas, proxectos que usan FLOSS, exemplos,...
- **Software libre a un clic:** Aquí amosaráse aos asistentes a facilidade de acceso ao FLOSS facendo uso da rede (internet) así como unha comparativa de ferramentas privativas vs. ferramentas libres e unha descrición das mesmas. Neste punto tamén se fará referencia as distintas distribucións que existen dentro de GNU/Linux facendo fincapé na distribución Ubuntu-Linux.
- **Software libre ao detalle:** Realizarase unha demostración do funcionamento de catro aplicativos de uso común para calquera usuario como son, o sistema operativo Ubuntu-Linux, a suite ofimática OpenOffice, o navegador Firefox, e o xestor de correo ThunderBird.
- **Software libre ao detalle para a PEME:** Neste último punto farase referencia aos distintos aplicativos que existen para a PEME como son os distintos CMS libres (Drupal, Typo3,...), CRM's (SugarCRM, OpenXpertia), ERP's (OpenBravo, Tiny ERP).



O público obxectivo serán os responsables de sistemas ou directivos das distintas pemes galegas e por extensión toda a poboación en xeral.

A estimación do número de asistentes, tendo en conta as distintas localizacións, pode variar entre os 20 e os 60 participantes por concello.

Duración e datas estimadas.

As datas de realización das actividades compréndense entre Abril e Xullo do presente ano, ambos inclusive.

7.7.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de AGNIX
Xornada de achegamento ao software libre. Concello de Sada.
Xornada de achegamento ao software libre. Concello de Lugo.
Xornada de achegamento ao software libre. Concello de Riotorto.
Xornada de achegamento ao software libre. Concello de Mondoñedo.
Orzamento estimado total: 780 €



7.8. Proposta de actividades para o fomento do software libre de AULUSC - Asociación de Usuarios de Linux da Universidade de Santiago de Compostela

7.8.1. Introducción

AULUSC, Asociación de Usuarios de Linux da Universidade de Santiago de Compostela, é unha asociación sen ánimo de lucro creada dentro da universidade de Santiago de Compostela, aínda que tamén leva a cabo actividades por toda a comunidade Galega.

7.8.2. Plan de actividades detallado

A continuación descríbense, co maior detalle posible, tendo en conta que algún aspecto dalgunha actividade puidera cambiar nos próximos meses segundo se vaian confirmando a execución das mesmas.

7.8.2.1. Encontros de Software Libre na comunidade educativa

Descrición.

Os primeiros “Encontros de Software Libre na comunidade educativa” consistirán nun evento no que se reunirán alumnos/as, profesores, investigadores, membros da administración e a comunidade do Software Libre para promover o uso do FLOSS no ensino. A finalidade primordial do evento é a de achegar ao mundo docente a realidade do FLOSS para o seu uso na educación, nas distintas etapas de primaria, secundaria, estudos superiores e Universidade.

O evento será coorganizado pola OSL-USC, AULUSC, o Grupo de Usuarios de GNU/Linux da Galiza (en adiante GLUG) e a asociación cultural Ourensán de Software Libre (en adiante OuSLi).

O encontro consistirá nun evento que se realizará en dous fins de semana e que constará de 4 temáticas (itinerarios) diferentes e que se complementan entre si para poder abarcar ao maior número de xente. Cada fin de semana terá unha sesión de 3-4 horas o venres pola tarde (para facilitar a asistencia das persoas que traballan) e de 7-8 horas o sábado ao longo do día, para obter un total de 10-12 horas de carga lectiva cada fin de semana. Estas sesións poderían verse aumentadas nunha sesión de 3-4 horas o venres pola mañá exclusivamente para o alumnos/as da universidade se dito evento é considerado válido para a obtención de créditos para as súas titulacións. A elección desta planificación tamén se realiza pensando na posible homologación do evento como formación regrada para os profesores de secundaria, que se dividiría en dous módulos de 10 horas.

Cada fin de semana os asistentes terían a posibilidade de elixir entre dúas temáticas diferentes sobre os temas tratados no evento. E cada temática constará de dúas partes entre as que o asistente poderá elixir: un obradoiro ou unha conferencia maxistral.

As 4 temáticas do evento son:

- Software Libre no eido científico



- Software Libre na aula 2.0
- Software Libre na administración
- Software Libre e a comunidade

Para as sesións contarase con membros das tres universidades galegas, con profesorado da comunidade galega e diferentes persoas relacionadas co software libre e o ensino a nivel nacional.

O público obxectivo son:

- Docentes das distintas etapas educativas.
- Xente que se está a preparar para ser docente.
- Alumnos/as da universidade.
- Profesores e investigadores das universidades.
- Xente con interese no mundo do FLOSS.
- Todo aquel que queira asistir. A entrada é libre.

Estímase unha asistencia de 100 – 150 asistentes.

En función da dispoñibilidade orzamentaria realizaríase a gravación das conferencias durante os dous fins de semana. En principio só se gravarían as conferencias maxistrais, quedando excluídos os obradoiros. De ser posible esta gravación, os vídeos serían liberados e subidos a plataforma que se considere oportuno para o mellor aproveitamento da comunidade.

Duración e datas estimadas.

O evento durará dous fins de semana cunha sesión de 3 - 4 horas o venres pola tarde e de 7 - 8 horas o sábado ao longo do día. Estas sesións poderían verse aumentadas nunha sesión de 3 - 4 horas o venres pola mañá exclusivamente para o alumnos/as da universidade.

A data prevista para a celebración do encontro é o mes de Outubro, na Universidade de Santiago de Compostela.

7.8.2.2. Obradoiro Install Party da Ubuntu-USC

Descrición.

Evento dirixido aos estudantes de 1º curso do grao de Enxeñería Informática, no que os asistentes aprenderán como se instala a distribución de GNU/Linux Ubuntu-USC nos seus computadores e o máis importante, o metapaquete que lle instala todo o software que van a empregar na carreira. Realizarase en colaboración coa OSL-USC.

O curso realizarase nunha das aulas de informática da ETSE e será eminentemente práctico. Aos asistentes entregaráselle unha copia da distribución de GNU/Linux adaptada á universidade pola OSL e que está instalada en todos os ordenadores das aulas de informática da ETSE. Evento que se realiza todos os anos.

Estímase unha participación de 30 asistentes.

Duración e datas estimadas.



Este obradoiro celebrarase durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2010/2011.

7.8.2.3. Curso de introdución á Ubuntu-USC

Descrición.

Evento dirixido aos estudantes de 1º curso do grao de Enxeñería Informática, no que os asistentes aprenderán as nocións básicas de como traballar cos sistemas Linux mediante a consola e sobre como se estruturan este tipo de sistemas. Realizarase en colaboración coa OSL-USC.

O curso realizarase nunha das aulas de informática da ETSE e será eminentemente práctico. Aos asistentes entregaráselle unha copia da distribución de GNU/Linux adaptada á universidade pola OSL e que está instalada en todos os ordenadores das aulas de informática da ETSE. Tamén se lles entregará unha copia do manual empregado no curso.

Sería a 2a edición deste curso, xa que xa se realizou o ano pasado en colaboración coa OSL-USC.

Estímase unha participación de 30 asistentes.

Duración e datas estimadas.

Este obradoiro celebrarase durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2010/2011.

7.8.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de AULUSC
Encontros de Software Libre na comunidade educativa
Obradoiro Install Party da Ubuntu-USC
Curso de introdución á Ubuntu-USC
Orzamento estimado total (sen incluír a gravación de vídeos no Encontro): 4600 €



7.9. Proposta de actividades para o fomento do software libre de GALITE - Asociación Grupo Asociado pola Libre Información e a Tecnoloxía

7.9.1. Introducción

GALITE, Grupo Asociado pola Libre Información e a Tecnoloxía é un dos grupos de usuarios de Software Libre da comunidade galega. Existe como asociación legalmente constituída dende o 19 de Abril do ano 2007, data na que os estatutos foron visados.

GALITE xorde como a evolución lóxica dun grupo de afeccionados á informática e máis concretamente ao Software Libre que se xuntaron no ano 2005 por primeira vez para realizar unha LanParty no Concello de Foz.

O éxito que se conseguiu nesa primeira edición animou á asociación a continuar coas seguintes edicións de Partyfoz ata chegar ata un total de 5 edicións completadas. Durante a celebración deste evento teñen lugar obradoiros de software libre e de fontes abertas, charlas e coloquios sobre diferentes temas e sempre co FLOSS como un tema principal.

Diferentes actividades á parte da LanParty como as Xornadas de Software Libre do Concello de Foz realizadas na Casa da Xuventude no que se impartiu un obradoiro de Drupal (CMS de código aberto) e a presentación de GALINUX (Sistema Operativo baseado en Ubuntu) forman parte tamén das actividades de GALITE.

Dentro do ámbito do Software Libre pero lonxe da única concepción do software como expresión desta idea, en GALITE consideramos as novas Licenzas de publicación existentes como unha gran posibilidade para a comunicación da cultura. GALITE apoia o uso das Licencias Creative Commons para a publicación de traballos, informes, música, etc. Dentro desta idea vimos de crear un proxecto de emisión de musical 24 horas diarias con autores que publican con este tipo de licenzas. CCRadio.es é un proxecto dunha radio musical exenta do pago por Comunicación Pública que existe dende hai un ano e que se espera ver crecer nos seguintes.

Este ano GALITE ten pensado realizar varias actividades que se detallan nos seguintes apartados pero á parte das actividades máis habituais como a Lanparty, as Xornadas de Software Libre do Concello de Foz e outros espérase poder presentar CCRadio.es de forma oficial, colaborar con diferentes Asociacións de Veciños para promover a Sociedade da Información en todos os ámbitos posibles así como a colaboración cos diferentes Grupos de Usuarios de Software Libre Galegos para diferentes actividades.

7.9.2. Plan de actividades detallado

A continuación detállanse o máis extensamente posible as diferentes actividades que se pretende levar a cabo no ano 2010:



- **Xornadas de Software Libre do Concello de Foz.** Segundas Xornadas de Software Libre do Concello de Foz nas que se impartirán varias charlas relacionadas directamente co FLOSS.
- **As TIC no rural, Software Libre como opción.** Presentación de estudos relacionados coa implantación da Banda Ancha no eido rural. Dirixido a asociacións de veciños e coa colaboración do Concello de Foz e empresas de comunicacións.
- **Presentación do Proxecto CCRadio.es.** Presentación dun proxecto de radio Creative Commons gratuíta que dará servizo a varios locais comerciais. Integración con un Software xerado por GALITE e que se incluírá no repositorio galego de Software Libre.
- **Partyfoz 2010.** Actividade principal de GALITE, sexta edición e directamente relacionada coa promoción do Software Libre entre particulares e coa exposición de talleres e charlas.
- **Software Libre e estándares abertos na Educación.** Estudo da aplicación do Software Libre e dos Estándares aberto no eido da educación coa colaboración do IES Vilaxoane de Foz.

7.9.2.1. *Xornadas de Software Libre do Concello de Foz.*

Descrición.

A Segunda edición das Xornadas de Software Libre do Concello de Foz. Terán lugar durante a cuarta semana do mes de marzo do ano en curso. Realizaranse na Casa da Xuventude do Concello de Foz. Terán unha duración dun día en tres bloques:

- Implantación do Software Libre en empresas
- Aplicativos de deseño gráfico:Inkscape
- Ubuntu GNU/Linux, uso básico

Espérase unha asistencia de 30/40 asistentes entre pemes e usuarios particulares. Esta actuación será recollida en medios locais como RadioFoz e periódicos nun ámbito rexional como as páxinas locais da Voz de Galicia e O Progreso.

Duración e datas estimadas.

Terán unha duración dun día en tres bloques cunha duración de unha hora os dous primeiros e 2 horas o último.

A data estimada de celebración é o 24 de abril 2010.

7.9.2.2. *As TIC no rural, Software Libre como opción.*

Descrición.

En Colaboración coas Asociacións de Veciños de Foz realizaranse unhas xornadas en varias localidades próximas nas que se tratará de acercar a Sociedade da Información a todos os segmentos da poboación e concretamente ao sector rural.

Realizaranse varias sesións en diferentes centros de poboación nos que realizarán as seguintes actividades cunha duración dun día dividido en varios bloques:



- Estudo da situación da conexión a Internet dende o rural
 - Colaboración con Telefónica
- Iniciativas públicas para o impulso da sociedade da información no eido rural.
 - Colaboración co Concello de Foz
- Uso do Software Libre como solución de baixo custe.
 - Impartido por GALITE

Tentarase achegar tanto a usuarios particulares como asociacións de veciños e empresas situadas no rural. Espérase unha asistencia de aproximadamente 30 persoas e un impacto en medios locais como RadioFoz, A Voz de Galicia na páxinas Locais e O Progreso.

Duración e datas estimadas. Data estimada: 12 de xuño 2010.

7.9.2.3. *Presentación do Proxecto CCRadio.es*

Descrición.

CCRadio.es é un proxecto con xa un ano de vida e considérase necesario presentalo dunha forma oficial para poder obter un certo recoñecemento nos medios. Asemade iniciárase unha campaña de promoción pública para comunicar a todos os interesados a posibilidade de utilizar CCRadio.es de forma gratuíta evitando o pago por Comunicación Pública en locais comerciais.

A presentación oficial durará dúas horas e realizarase na Casa da Xuventude do Concello de Foz. Dentro do programa da presentación realizaranse as seguintes actividades:

- Presentación de CCRadio.es.
- Reparto de material promocional.
- Presentación de aplicación de administración de Radio Icecast/Shoutcast.
- Actuación do grupo de Rock Galego Creative Commons.

Os gastos máis importantes neste caso estarán dirixidos á creación do material promocional como CD's, adhesivos e cartelería.

O público obxectivo será tanto empresas como usuarios particulares e espérase unha asistencia de 40/50 persoas así como mencións en medios locais e autonómicos e impacto en redes sociais e blogs de Internet.

Duración e datas estimadas. O acto de presentación terá unha duración de dúas horas, e a data estimada é o 9 de xuño 2010.

7.9.2.4. *Partyfoz 2010*

Descrición.

A actividade principal de GALITE aumenta o seu tamaño ata unha capacidade de 150 asistentes, para o que se realizará o traslado dende as habituais instalacións do Colexio O Cantel ata a IES Vilaxoane. Este traslado posibilita o aumento de asistentes, un aforro de custos por parte do Concello de Foz e un aumento da calidade do centro de actividades.



Este ano engadiranse diferentes actividades como talleres de Hacking e Modding para os que se contará coa colaboración de membros doutras asociacións de Software Libre de Galicia. Aumentarase o nivel dos premios en metálico, realizarase unha actuación en directo e realizaranse melloras de forma xeral.

Como novidades máis importantes destacan:

- Aumento do número de asistentes ata os 150.
- Aumento dos premios en metálico.
- Talleres de Hacking e Modding.
- Charlas de Software Libre e Install Party.

Os gastos aumentarán considerablemente este anos pero considérase necesario dar un salto de calidade en Partyfoz para o que é imprescindible aumentar a inversión. O público obxectivo serán usuarios particulares.

Espérase unha asistencia de arredor de 150 persoas e un impacto en medios locais e autonómicos, páxinas de Internet e blogs.

Duración e datas estimadas. A party ten unha duración de 3 días, e está prevista para os días 20, 21 e 22 de agosto 2010.

7.9.2.5. Software Libre na Educación

Descrición.

Realizarase unha colaboración co IES Vilaxoane onde se imparte o Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas para mostrar as posibilidades do FLOSS dentro do ámbito da Educación Pública.

Mostraranse as vantaxes do uso do FLOSS fronte a outras opcións, exemplos de utilización con éxito na educación e novas posibilidades. Asemade darase unha breve introdución ao Sistema Operativo Ubuntu GNU/Linux e á Suite Ofimática OpenOffice.

O público obxectivo serán alumnos/as e profesores do centro educativo e esperérase unha asistencia de 50 persoas con impacto en medios locais como RadioFoz, A Voz de Galicia e nas páxinas Locais e O Progreso.

Duración e datas estimadas. A data estimada de celebración é outubro de 2010.

7.9.3. Resumo da proposta

Móstrase a continuación un resumo das actividades que se pretende realizar. Hai que ter en conta que esta presentación é unha previsión, polo que é susceptible de ser modificada, engadíndose novas opcións ou por motivos de forza maior, retirando actividades. Ademais fíxose unha estimación de gastos que poden variar na execución final.



Proposta de actividades de GALITE
Xornadas de Software Libre do Concello de Foz
As TIC no rural, Software Libre como opción
Presentación do Proxecto CCRadio.es
Partyfoz 2010
Software Libre na Educación
Orzamento estimado total : 4000 €

GALITE conta cun ánimo inquebrantable e vontade de promocionar o FLOSS na nosa comunidade. Galite é sabedora de que é unha tarefa longa e de duro traballo pero ofrece un dos seus bens máis prezados de forma gratuíta...o tempo dos seus asociados.



7.10. Proposta de actividades para o fomento do software libre de GALPon - Asociación Cultural Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra

7.10.1. Introducción

GALPon - Asociación Cultural Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cos seguintes fins principais:

- Proporcionar un marco para compartir información, coñecementos e experiencias sobre todas as actividades que rodean o Software Libre.
- Divulgar, fomentar e promocionar o Software Libre, especialmente, aínda que sen limitarse a, Linux.
- Fomentar e apoiar os proxectos de Software Libre, especialmente aqueles desenvolvidos polos seus membros. Impulsar e respaldar as iniciativas de Software Libre.

Durante os case 8 anos de existencia realizáronse diferentes actividades que poden consultarse na wiki de GALPon. http://www.galpon.org/wiki/index.php/Actividades#Actividades_xa_realizadas

7.10.2. Plan de actuacións detallado

7.10.2.1. Cursiños para directivas FANPA

Descrición.

Cursiños dirixidos a directivas das FANPA do ensino público da provincia de Pontevedra de cara a formalos na migración non traumática cara ao emprego de ferramentas FLOSS e estándares abertos, para a realización dos traballos de xestión e administración das ANPA.

Temario:

- Os estándares
- Sistemas ofimáticos
- Procesador de texto OOo Writer
- Follas de cálculo OOo Calc
- Presentacións OOo Impress
- Correo e mensaxería instantánea FireFox e Empathy

O curso impartirase totalmente en galego e con ferramentas en galego.

Por tratarse dun curso intensivo límitase a 10 o número de asistentes.



Duración e datas estimadas.

Trátase de cursos intensivos de 8 horas de duración. O horario será normalmente de 9:30 a 14:30 horas e de 16:30 a 19:30 horas.

Actualmente xa están comprometidos 3 cursos, aínda que está previsto programar outros curso ata final de ano, que por tanto, non están contemplados aínda nesta proposta.

- 27 de febreiro en Pontevedra (aula nº 1 da 3ª planta do Centro Cultural Caixanova de Pontevedra)
- 6 de marzo en Lalín (sala de informática do Auditorio)
- Data aínda sen determinar (meses de marzo ou abril) en Vilagarcía.

7.10.2.2. Potenciación do proxecto de solidariedade social no eido das TIC "GALPon MiniNo"³

Descrición.

O obxectivo primordial do proxecto GALPon MiniNo é reducir a fenda dixital provendo un sistema operativo completo e baseado en FLOSS que pode ser empregado en computadoras de baixos recursos (de máis de 10 anos incluso), permitindo o acceso ás TIC dos sectores máis desfavorecidos ou con baixos recursos.

Grazas as súas características, ofrécese unha maior vida útil ao hardware e diminúese por tanto a cantidade de residuos xerados.

No desenvolvemento deste sistema tense especial coidado en que sexa moi manexable polo usuario non requirindo ningún coñecemento específico de tipo técnico ademais de realizarse un traballo de tradución moi minucioso que permite ter o sistema completo tanto en galego coma en castelán.

Froito deste traballo, a GALPon MiniNo está sendo empregada noutros países coma Chile ou México, ademais de ser a distribución base do proxecto GRUVI (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo).

O público obxectivo é toda persoa con baixos recursos e/ou entidades como as ONG, ENL (entidades non lucrativas) e, en xeral, todo posuidor de computadoras de baixa capacidades técnica (incluso de máis de 10 anos), polo que se colabora no acceso ás TIC dos sectores máis desfavorecidos ou con baixos recursos.

Na versión anterior da distribución GALPon Minino rexistráronse máis de 3.000 descargas e hai constancia da súa instalación en máis de 10.000 equipos.

O desenvolvemento está sendo realizado por un equipo de desenvolvedores de GALPon coa axuda doutros do resto da xeografía do Estado español coma norteamericanos.

A actividade a desenvolver mediante o convenio de colaboración consiste na promoción e difusión deste proxecto.

Duración e datas estimadas.

³<http://minino.galpon.org>



A presentación da nova versión está prevista para xuño de 2010 e a campaña de difusión realizarase a continuación ao longo de todo o ano.

7.10.2.3. Conferencias/obradoiro de Administración de sistemas con ferramentas libres

Descrición.

Este ciclo trata de mostrar unha visión máis avanzada do sistema GNU/Linux, que permitirá aos asistentes coñecerlo dun xeito máis profundo e aproveitar as súas características máis avanzadas.

As conferencias/obradoiro durarán arredor de 3 horas. Estarán compostas por unha pequena introdución que fornecerá a base teórica, e a realización práctica que será a parte fundamental da actividade, onde se axudará aos asistentes a que desenvolvan practicamente o tema.

Propónse a realización dun total de 6 conferencias/obradoiro:

- Configuración avanzada de redes en GNU/Linux
- Utilización avanzada de OpenSSH
- Virtualización con KVM
- Tecnoloxías web sobre GNU/Linux
- Asterisk e VoIP
- Sistemas de backup

Estas conferencias gravaranse en vídeo e quedarán ao acceso público baixo licenzas libres (GPL, FDL ou CC by SA v3, dependendo das preferencias e/ou consideracións dos conferenciantes) e en formatos libres (ogg, ogv), nos servidores de GALPon, e en libre acceso e licenza libre (aínda que non se pode asegurar dende a asociación que sexa en formato libre/estándar) nos servidores da Universidade de Vigo ao través de UVigoTV.

Estase a negociar a concesión de créditos de libre elección ou E.C.T.S. aos estudantes asistentes. O público obxectivo son estudantes da Universidade de Vigo, especialmente de especialidades técnicas, enxeñerías, telecomunicacións, etc... e público en xeral. Nivel técnico: medio alto.

A programación destas Conferencias/obradoiro fíxose en base a unha convocatoria/consulta pública entre estudantes e profesionais, polo que se agarda que poidan asistir unha media de 30 persoas por conferencia con cumes de 50 asistentes. En total preto de 250 persoas estarán presentes.

Duración e datas estimadas.

As datas están aínda sen pechar, pendentes da confirmación de aula por parte da Universidade de Vigo.

Solicitado segundo as seguintes propostas:

- A desenvolver (aproximadamente) entre o 15 de marzo e 15 de maio de 2010.
- Aula/salón con wifi ou conexión por rede con fíos con capacidade para 40 postos de traballo.
- Unha tarde por semana, durante seis cunha dispoñibilidade de 4 horas (3 para a conferencia/obradoiro propiamente e unha marxe para despregar e recoller os equipos).



7.10.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de GALPon
Cursiños para directivas FANPA.
Potenciación do proxecto de solidariedade social no eido das TIC "GALPon MiniNo".
Conferencias/obradoiro de Administración de sistemas con ferramentas libres.
Orzamento estimado total : 8655 €



7.11. Proposta de actividades para o fomento do software libre de GHANDALF - Asociación GHandalf ANALiza Difunde e ALenta o FLOSS

7.11.1. Introducción

A Asociación GHANDALF nace o 23 de xaneiro de 2009 como ferramenta necesaria para instrumentalizar correctamente as iniciativas de difusión e promoción do Software Libre en Galicia conceptualizadas e propostas por unha serie de mozos galegos.

Unha porcentaxe elevada dos Socios Fundadores de GHANDALF son antigos alumnos/as do Máster en Software Libre de Caixanova, a Universidad Rey Juan Carlos e Igalia, sendo este feito un indicador do espírito investigador, técnico e innovador que permea a propia Asociación e aos demais socios fundadores e colaboradores.

Por estatutos, o ámbito territorial e de actuación da Asociación GHANDALF correspóndese co ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, sendo obxectivos da Asociación, por exemplo, a "Colaboración na construción dunha sociedade do coñecemento baseada nos principios de libre acceso e uso do software e da información" ou a "divulgación da filosofía e as posibilidades do Software Libre / FLOSS (Free Libre Open Source Software) con especial enfoque nas universidades, centros educativos, administracións públicas, empresas e asociacións de Galicia"

Na curta, pero produtiva, historia da Asociación son destacables actividades e proxectos como as charlas sobre Software Libre impartidas no Colexio de Enxeñeiros Industriais e en Enxeñería Sen Fronteiras, así como o proxecto de desenvolvemento e probas dunha Metodoloxía de Tradución de Documentación Libre.

7.11.2. Plan de actuacións detallado

A continuación expóñense unha serie de Liñas Xerais de Actuación que delimitan dun xeito xeral o marco de actuación das actividades que a Asociación GHANDALF ten pensado levar a cabo durante o ano 2010:

1. Realización de Investigación sobre o Software Libre
2. Desenvolvemento de Software e Documentación Libres
3. Organización de xornadas de difusión do Software Libre
4. Tradución de Software Libre e Documentación Libre
5. Colaboración con ONLs (Organizacións Non Lucrativas) para convertelas en prescritoras de Software Libre
6. Asistencia a xornadas, tanto como relatores como público



Sobre o marco establecido pola Liñas Xerais anteriores, e tendo en conta a capacidade operativa coa que conta a Asociación GHANDALF, e mailas prioridades marcadas pola SXMIT e polos estatutos e socios de GHANDALF, a continuación pásase a detallar aquelas actividades que a Asociación GHANDALF prevé levar a cabo durante o ano e 2010 coa colaboración loxística e económica das Administracións Públicas Galegas.

7.11.2.1. Colaboración na Organización da Conferencia DudesConf

Descrición.

Esta actividade ten por **obxectivo** colaborar con GPUL (Grupo de Programadores e Usuarios de Linux) na organización do evento "DudesConf".

DudesConf é un evento dirixido tanto aos desenvolvedores como á comunidade de usuarios da distribución GNU/Linux por excelencia: Debian, así como tamén aos de todas as súas distribucións derivadas, con fin de colaborar no desenvolvemento da distribución e do proxecto. É labor de GHANDALF colaborar coa entidade organizadora (GPUL) para garantir unha correcta loxística e execución do evento, afrontando tamén unha parte do custe económico derivado das viaxes dos poñentes, gastos residenciais e loxísticos, etc.

O público obxectivo desta actividade é toda a Comunidade de desenvolvedores, usuarios e simpatizantes do FLOSS e da distribución GNU/Linux Debian.

Duración e datas estimadas.

En números, o evento prolóngase dende o 9 ata o 11 de Abril, dando lugar a asistencia de dúcias de persoas.

7.11.2.2. Contratar un revisor certificado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para facer a revisión completa da tradución do libro "Producing Open Source Software"

Descrición.

A Asociación GHANDALF ten en marcha un proxecto, executado na súa maioría durante o ano 2009, no cal está a desenvolver unha metodoloxía de tradución de Documentación baseada en principios e ferramentas empregados noutros ámbitos do Software Libre, e desenvolvidas polos propios socios de GHANDALF.

Froito deste proxecto vaise obter tanto unha metodoloxía que vai permitir cubrir unha das eivas máis importante do Software Libre, tal como recoñecen persoeiros da talla de Richard Stallman (a localización de documentación libre, permitindo unha maior penetración da mesma e do software que documenta), e que a maiores vai permitir que un dos libros clave do Software Libre estea dispoñible en galego.

Contratarase un Tradutor presente no Rexistro Oficial da Secretaría Xeral de Política Lingüística para que faga a revisión e certificación de calidade da tradución que a Asociación GHANDALF está a facer do libro "Producing Open Source Software" de Karl Fogel.

O público obxectivo desta actividade é toda persoa galegofalante que precise ou queira obter coñecementos profundos sobre as dinámicas internas de funcionamento das Comunidades de



Software Libre, e das claves precisas para unha correcta xestión das mesmas tanto dende o punto de vista puramente empresarial como dende outros puntos de vista menos economistas.

7.11.2.3. Impresión da tradución ao galego do libro "Producing Open Source Software"

Descrición.

Pretende facerse unha tirada impresa da tradución ao galego, revisada e visada por un tradutor oficialmente recoñecido, do libro "Producing Open Source Software".

Unha vez revisada por un tradutor oficialmente recoñecido, a tradución voluntariamente feita polos Socios e Colaboradores da Asociación GHANDALF, é intención da Asociación a impresión dunha tirada de libros que permita facer máis tanxible o traballo feito, e que permita establecer o galego como a cuarta tradución completa e oficial deste libro imprescindible no acervo literario do Software Libre.

Este feito vai visualizar unha cuestión interesante dende o punto de vista de promoción do traballo da Comunidade Software Libre Galega: **a súa capacidade**. A anterior afirmación baséase en que de conseguirse, lograríase que un libro básico e clave do Software Libre estea dispoñible en galego (unha lingua falada por uns 4 millóns de persoas) con moita anterioridade a que estea dispoñible noutras linguas que contan con moitos máis falantes como a francesa, a portuguesa ou a española.

O público obxectivo desta actividade é toda persoa galegofalante que precise ou queira obter coñecementos profundos sobre as dinámicas internas de funcionamento das Comunidades de Software Libre, e das claves precisas para unha correcta xestión das mesmas tanto dende o punto de vista puramente empresarial como dende outros puntos de vista menos economistas.

Tamén son obxectivo as bibliotecas e outros fondos literarios con texto técnicos.

7.11.2.4. Participación como relatores no Congreso Internacional de Software Libre de Málaga 2010

Descrición.

GHANDALF ten a intención de mostrar nun Congreso Internacional os resultados dun proxecto levado a cabo dende a asociación para amosar en aberto as capacidades e logros do movemento asociativo galego a prol do Software Libre.

A asociación GHANDALF está ultimando a elaboración dun estudo técnico-científico en formato dun *paper* no cal se describan en profundidade os detalles e operativas que conforman a metodoloxía de tradución que a Asociación está a desenvolver e a sobre a que está a facer un contraste de campo.

O público obxectivo desta actividade é toda persoa presente no Congreso Internacional de Software Libre de Málaga e interesada nos tópicos de metodoloxías, ferramentas libres, localización e afíns.



7.11.2.5. Redacción, edición en formato papel e impresión dunha tirada dun libro compendio de traballos e documentación técnica arredor do ecosistema do Software Libre

Descrición.

Esta actividade consistirá na redacción dunha serie de documentos técnicos sobre distintas vertentes, ferramentas, tecnoloxías, elementos software, metodoloxías, etc encadrables dentro do ecosistema composto polo Software Libre, para posteriormente facer unha edición en formato libro e unha tirada impresa dos mesmos.

Debido á alta compoñente e especialización técnica dos socios e colaboradores de GHANDALF, a asociación quere levar a cabo un importante traballo de xeración de estudos de gran profundidade técnica relativos a distintas vertentes transversais ou concretas do ecosistema composto polo Software Libre e pola contorna que o rodea e enriquece..

O público obxectivo é calquera persoa con inquiredanzas técnicas, ou incluso filosóficas, relativas aos tópicos que finalmente se toquen nas temáticas a desenvolver no compendio.

7.11.2.6. Sesións de difusión en institución de Ensinanza Primaria e Secundaria

Descrición.

Realizaranse sesións de achegamento ao Software Libre orientadas e executadas en ambientes receptivos e fértiles: institucións de ensinanza Primaria e Secundaria.

Os estudantes que agora mesmo están en centros de ensinanza primaria e secundaria son nativos dixitais, e son os usuarios e prescritores de Software do día de mañá. Debido a isto, dende GHANDALF considérase de capital importancia facilitarles un acercamento efectivo e atractivo ao Software Libre. Na liña marcada por esta idea, estase tratando con varios centros de ensinanza a posibilidade de substituír algunhas horas de informática por sesións de difusión na cal se achegue ao alumnado ao Software Libre.

Prevese realización dunhas 3 sesións en distintos centros educativos, na que se conte conxuntamente con varios membros da Asociación para lograr un maior impacto.

7.11.2.7. Bolsas para a elaboración de Proxectos Fin de Carreira relacionados co ecosistema do Software Libre

Descrición.

Proponse becar estudantes universitarios de disciplinas técnicas relacionadas co Software (Enxeñería Informática, Telecomunicacións, Industriais e relacionados) para que o Proxecto Fin de Carreira que leven a cabo desenvolva sistemas ou aporte valor técnico no ecosistema do Software Libre. A experiencia dos membros de GHANDALF en Software Libre e a participación dalgún deles en comunidades coma GNOME ou gvSIG permitirá guiar e mesmo introducir aos alumnos/as nestas ou noutras comunidades de Software Libre.



A intención desta actividade é darlle apoio e orientación técnica a estudantes para que o Proxecto Fin de Carreira que desenvolvan estea imbuído pola filosofía do Software Libre, e ao mesmo tempo poida aportar o seu gran de area no enriquecemento do ecosistema do Software Libre. A modalidade desta actividade sería a de titoría por parte dalgún socio ou colaborador de GHANDALF.

O público obxectivo son os alumnos/as de ensinanzas técnicas superiores relacionadas co software, e que estean en disposición de desenvolver o Proxecto Fin de Carreira.

Considérase que sería posible ofrecer a bolsa económica e titorizar un total de 2 alumnos/as.

7.11.2.8. Estudo sobre que SwL se necesita dentro dunha Asociación de Cooperación como Enxeñería Sen Fronteiras

Descrición.

Con esta actividade analizarase o Software Privativo que empregan na asociación de cooperación Enxeñería Sen Fronteiras (ESF), en proxectos de cooperación co Sur para ver que alternativas libres existen para poder desenvolver adecuadamente as tarefas que habitualmente realizan con software privativo. Contémplase tamén proporcionarlles formación sobre as ferramentas indicadas.

No caso concreto de ESF existen 5 sedes en Galicia, que serían contempladas neste estudo e posterior formación.

7.11.2.9. Outras posibles actividades a desenvolver no caso de existir acompañamento orzamentario.

A maiores das actividades anteriores, inclúese unha descrición somera dunha serie de actividades que se poderían tentar levar a cabo de existir recursos económicos suficientes.

- *Incluír na ferramenta Gtranslator a funcionalidade de corrector ortográfico, empregándose o dicionario de galego do OpenOffice como recurso de orixe para a comprobación idiomática*

Gtranslator é a ferramenta de axuda a tradución do proxecto GNOME. Actualmente un dos seus mantedores oficiais é un voluntario galego que tamén é Socio Fundador de GHANDALF e que ademais participou activamente no seu desenvolvemento actual. Unha das eivas que ten o Gtranslator é o emprego apropiado de dicionarios que o doten da funcionalidade de comprobar a validez ortográfica das traducións feitas.

Esta actividade suporía a contratación dun lingüista para que estude a funcionalidade, aporte a mellor forma de integrala segundo o esquema de funcionamento da ferramenta, e finalmente faga a comprobación de que a funcionalidade desenvolvida cumpre cos requisitos funcionais e lingüísticos.

- *Traducir o libro de ensaios de Richard Stallman ao galego*

Ao igual que "Producing Open Source Software" o libro de ensaios de Richard Stallman é un dos clásicos de obrigada lectura para entender apropiadamente o movemento do



Software Libre e as implicacións sociais e económicas que conleva. O libro en cuestión non ten versión en galego, sendo obxectivo desta actividade solucionar esta situación. Ademais da tradución, contrataríase a revisión de calidade da mesma e faríase unha pequena tirada impresa.

A proposta metodolóxica é análoga a que GHANDALF traballou e expuxo no ámbito de Producing Open Source Software.

- **FLOSS Autum Camp**

Trataríase de organizar unha fin de semana de taller de demostración de Software Libre, que podería facerse coincidir co Free Software Day (mediados de setembro) ou ben outra posibilidade sería realizar o *FLOSS Summer Camp* coa mesma idea pero desenvolvida no verán nunha zona turística galega.

7.11.3. *Resumo da proposta*

Proposta de actividades de GHANDALF
Colaboración na organización da conferencia DudesConf
Contratar un revisor certificado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para facer a revisión completa da tradución do libro "Producing Open Source Software"
Impresión da tradución ao galego do libro "Producing Open Source Software"
Participación como relatores no Congreso Internacional de Software Libre de Málaga 2010
Redacción, edición en formato papel e impresión dunha tirada dun libro compendio de traballos e documentación técnica arredor do ecosistema do Software Libre
Sesións de difusión en institución de Ensinanza Primaria e Secundaria
Bolsas para a elaboración de Proxectos Fin de Carreira relacionados co ecosistema do Software Libre
Estudo sobre que SwL se necesita dentro dunha Asociación de Cooperación como Enxeñería Sen Fronteiras
Orzamento estimado total : 7100 €



7.12. Proposta de actividades para o fomento do software libre de GLUG - Asociación Grupo de Usuarios de GNU/Linux da Galiza

7.12.1. *Introdución*

GLUG é unha asociación sen ánimo de lucro que se denomina legalmente Grupo de Usuarios de GNU/Linux da Galiza e que foi fundada no ano 1996 sendo os fins principais da asociación:

- A difusión e fomento do sistema operativo GNU/Linux
- Difusión da Filosofía asociada a este sistema operativo
- Axuda e asistencia técnica neste sistema operativo libre
- Ofrecer formación sobre software libre entre a xuventude e interesados
- Punto de encontro entre os usuarios do GNU/Linux de Galicia.

7.12.2. *Plan de actuacións detallado*

O Grupo de Usuarios de GNU/Linux da Galiza decidiu concentrar as súas actividades no que concirne ao convenio coa Xunta en dous grandes eventos nos que se agarda cooperar con outras asociacións: a terceira edición da **HackConf** (10.12) e os **Encontros de Software Libre na Comunidade Educativa**.

7.12.2.1. *HACKCONF 10.12*

Descrición.

A HackConf é un meta-evento que se organiza normalmente asociado e/ou no contexto doutros eventos maiores, como a pasada Kutruparty (festa informática d'A Estrada organizada por AUSLAE, HackConf 9.12) ou a XuventudeGalizaNet (HackConf 10.3), onde se impartiron e impartirán mais de 30 e 40 ponencias respectivamente.

Trátase dun evento consistente principalmente en obradoiros cun carácter técnico moi elevado. Como mostra, no ano 2009 algunhas das conferencias e obradoiros que se impartiron foron:

- Java Script orientado a obxectos
- Desmitificación de AJAX
- Localización de aplicativos
- Virtualización
- Captura e compresión de vídeo con VLC



- Soldadura
- FunSub
- PyroStarter
- Arduino
- LAMP de alto rendemento
- Clonado de equipos
- Hackeo de Foneras

A HackConf busca crear un ambiente de inmersión, de xeito que durante os cinco días que dura a Party os asistentes dispoñan dun fluxo continuado de actividades. Móntase un espazo (o HackLab) onde se poñen a disposición dos asistentes ferramentas, computadores e material de traballo.

Deste xeito o evento é extremadamente flexible na organización, no estilo dunha BarCamp, e se ben presenta sempre un calendario de actividades previstas que se levan a cabo, búscase sobre todo crear un lugar de encontro co material necesario para que os asistentes se sintan animados a improvisar as súas propias actividades, experimentar e comunicar as súas áreas de experiencia.

O evento será organizado polo GLUG coa colaboración da AUSLAE para a infraestrutura (local, rede, electricidade), difusión e hospedaxe, de xeito semellante a como se realizou o ano 2009.

O público obxectivo son:

- Informáticos profesionais (programadores, desenvolvedores e administradores)
- Estudantes de informática (ciclos e universidade)
- Interesados en xeral no desenvolvemento de software e administración de sistemas.
- Público xeral interesado na temática.

A HackConf desenvolveuse por primeira vez no ano 2009 coma unha colaboración entre o GLUG e a AUSLAE, con ponentes doutras asociacións galegas (GALPON, Inestable, Trasno...). Asistiron directamente aos obradoiros unhas 50 persoas. A maiores, ao se desenvolver no seo dunha festa informática con preto de 300 asistentes, achegouse un número moi elevado de interesados a mirar e preguntar, co que se visibiliza a tecnoloxía, as asociacións e as actividades a un gran número de persoas.

A edición do 2009 tivo unha excelente recepción tanto por parte dos ponentes como dos asistentes. Durante a práctica totalidade dos cinco días que dura a KutruParty desenvolvéronse actividades no espazo preparado e co material disponibilizado: <http://www.kutruparty.net/>

A maiores, está pendente rematar a elaboración dunha web que proporcione á HackConf un lugar de referencia para anunciar futuras edicións do evento, colgar o material desenvolvido en edicións previas e en xeral servir coma canle de comunicación.

Sería tamén obxectivo da web inventariar o material acumulado ao longo de eventos anteriores, coa fin de que poida ser requirido polas asociacións que o precisen, así como de actuar de hemeroteca dos vídeos dos obradoiros (que actualmente están a ser editados).



A HackConf pon énfase no impacto que a súa imaxe ten alí onde se desenvolve, e así inviste parte do orzamento en uniformar aos ponentes, decorar o espazo do HackLab e en xeral visibilizar as conferencias e crear un ambiente atractivo de “elite tecnolóxica”. Resulta un evento atractivo para os medios de comunicación, xa que poden romper a monotonía habitual dunha Party con imaxes de rapaces traballando ao redor de circuítos, taladros, cableado, etc.

Tamén se gravan os obradoiros, creando un arquivo dos mesmos que será colgado na web da HackConf.

Duración e datas estimadas.

A data de celebración estimada é para decembro de 2010, coincidindo coa KutruParty 2010, que se celebrará en A Estrada.

7.12.2.2. Encontros de Software Libre na comunidade educativa

Descrición.

Os primeiros “Encontros de Software Libre na comunidade educativa” consistirán nun evento no que se reunirán alumnos/as, profesores, investigadores, membros da administración e a comunidade do Software Libre para promover o uso do FLOSS no ensino. A finalidade primordial do evento é a de achegar ao mundo docente a realidade do FLOSS para o seu uso na educación, nas distintas etapas de primaria, secundaria, estudos superiores e Universidade.

O evento será coorganizado pola OSL-USC, AULUSC, o Grupo de Usuarios de GNU/Linux da Galiza (en adiante GLUG) e a asociación cultural Ourensán de Software Libre (en adiante OuSLi).

O encontro consistirá nun evento que se realizará en dous fins de semana e que constará de 4 temáticas (itinerarios) diferentes e que se complementan entre si para poder abarcar ao maior número de xente. Cada fin de semana terá unha sesión de 3-4 horas o venres pola tarde (para facilitar a asistencia das persoas que traballan) e de 7-8 horas o sábado ao longo do día, para obter un total de 10-12 horas de carga lectiva cada fin de semana. Estas sesións poderían verse aumentadas nunha sesión de 3-4 horas o venres pola mañá exclusivamente para o alumnos/as da universidade se dito evento é considerado válido para a obtención de créditos para as súas titulacións. A elección desta planificación tamén se realiza pensando na posible homologación do evento como formación regrada para os profesores de secundaria, que se dividiría en dous módulos de 10 horas.

Cada fin de semana os asistentes terían a posibilidade de elixir entre dúas temáticas diferentes sobre os temas tratados no evento. E cada temática constará de dúas partes entre as que o asistente poderá elixir: un obradoiro ou unha conferencia maxistral.

As 4 temáticas do evento son:

- Software Libre no eido científico
- Software Libre na aula 2.0
- Software Libre na administración
- Software Libre e a comunidade



Para as sesións contarase con membros das tres universidades galegas, con profesorado da comunidade galega e diferentes persoas relacionadas co software libre e o ensino a nivel nacional.

O público obxectivo son:

- Docentes das distintas etapas educativas.
- Xente que se está a preparar para ser docente.
- Alumnos/as da universidade.
- Profesores e investigadores das universidades.
- Xente con interese no mundo do FLOSS.
- Todo aquel que queira asistir. A entrada é libre.

Estímase unha asistencia de 100 – 150 asistentes.

En función da dispoñibilidade orzamentaria realizaríase a gravación das conferencias durante os dous fins de semana. En principio só se gravarían as conferencias maxistras, quedando excluídos os obradoiros. De ser posible esta gravación, os vídeos serían liberados e subidos a plataforma que se considere oportuno para o mellor aproveitamento da comunidade.

OUSLI organizou no 2007 un evento de características semellantes pero de menor alcance baixo o título Xornadas de Software Libre no ensino. Pódense atopar mais datos en: <http://encontros.ousli.org>

Existen tamén vídeos das conferencias do mesmo en: <http://tv.uvigo.es/gl/serial/225.html>

Outras xornadas de Software Libre na educación foron organizadas arredor do ano 2001 polo GLUG e AGNIX, cunha asistencia duns 100 docentes.

Duración e datas estimadas.

O evento durará dous fins de semana cunha sesión de 3 - 4 horas o venres pola tarde e de 7 - 8 horas o sábado ao longo do día. Estas sesións poderían verse aumentadas nunha sesión de 3 - 4 horas o venres pola mañá exclusivamente para o alumnos/as da universidade.

A data prevista para a celebración do encontro é o mes de Outubro, na Universidade de Santiago de Compostela.



7.12.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de GLUG
Hackconf 10.12
Encontros de Software Libre na comunidade educativa
Orzamento estimado total : 4500 €



7.13. Proposta de actividades para o fomento do software libre de GPUL - Asociación Universitaria Grupo de Programadores e Usuarios de Linux

7.13.1. Introducción

A Asociación Universitaria Grupo de Programadores e Usuarios de Linux (GPUL) foi constituída o 22 de xuño de 1998 con sede na Facultade de Informática da Universidade da Coruña.

GPUL nace coma un punto de encontro de estudantes universitarios da Facultade de Informática con inquietudes e afán de compartilos seus coñecementos en tecnoloxías baseadas en Software Libre, así coma na liberdade do coñecemento.

Os obxectivos estatutarios de GPUL resúmense na promoción e desenvolvemento de Software Libre .

Actualmente, GPUL é unha asociación de referencia cando se fala de software Libre en Galicia.

Como exemplo de eventos de prestixio internacional organizados no pasado por GPUL están a DUDESconf 2007, que reuniu na Coruña a importantes desenvolvedores de Debian GNU/Linux para falar do lanzamento da última versión da popular distribución, a GUADEMY 2007, que xuntou dunha forma innovadora aos desenvolvedores dos contornos de escritorio KDE e GNOME, e o Congreso das Tecnoloxías do Software Libre. O ano 2008 presentou novos retos para a nosa asociación, repetindo a experiencia da DudesConf e conseguindo a organización de aKademy-es na cidade da Coruña; reunindo aos membros das comunidades de KDE e Debian a nivel estatal. Este ano tamén se demostrou a presenza internacional da asociación por medio da súa candidatura para a organización en 2009 da GUADEC e a aKademy internacionais, obtendo o segundo lugar por detrás de Gran Canaria.

É de salientar que GPUL prestou servizos a outros eventos como a GUADEMY 2008 (Valencia) e a GUADEC-ES (Fuenlabrada) na xestión tecnolóxica e asistencia técnica para organización de eventos.

O ano 2009 foi, pola contra, un ano moito máis tranquilo, no que a celebración de importantes eventos internacionais en España (Gran Canaria Desktop Summit e DebConf), e un merecido descanso dos voluntarios tras tres anos moi intensos en grandes eventos, #xo que a asociación se centrase en pequenas actividades xa consolidadas: Xornadas para alumnos/as Noveis, Xornadas Xerais sobre Software Libre, asistencia técnica á comunidade universitaria, e continuación do convenio de colaboración coa ONGD Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, para o apoio nas tarefas de migración e formación en software libre, e na realización de actividades conxuntas de sensibilización.

GPUL conta actualmente con aproximadamente 310 asociados.



7.13.2. Plan de actuacións detallado

As actividades do plan presentado divídense en:

- Eventos organizados pola asociación, todos de libre acceso e gratuítos.
 - Dudesconf 2010 . Data: Do 9 ao 11 de Abril
 - X Xornadas Sobre Software Libre . Data: Maio de 2010
 - VIII Xornadas de introdución a GNU/Linux para alumnos/as noveis . Data: outubro/novembro de 2010
- Outros servizos e actividades da asociación.
 - Asistencia técnica á comunidade universitaria
 - Axuda á asistencia a congresos e conferencias de software libre
 - Colaboración con Enxeñería Sen Fronteiras Galicia
 - Proxecto Hermes
 - Proxecto GPUL-Portiño

A continuación descríbense cada unha destas actividades ou servizos.

7.13.2.1. Dudesconf 2010

Descrición.

O evento consiste nunha reunión de desenvolvedores, colaboradores e outra xente interesada no proxecto Debian. Trátase por tanto na xuntanza sobre Debian máis importante a nivel español, tendo incluso repercusión a nivel internacional.

Durante os tres días que dura o evento haberá ponencias, reunións de traballo, discusión sobre o desenvolvemento do proxecto, etc.

Unha característica particular deste encontro, é que a organización ofrece a posibilidade de aloxarse gratuitamente no pavillón de deportes de Elviña. A pesares de ser un aloxamento “particular”, esta opción é elixida por moita xente dado que permite que a viaxe ao evento sexa moi económica. Este ano, ademais, cóntase coa colaboración de Ghandalf para a organización do evento.

O público obxectivo é maioritariamente público de nivel técnico alto, pero con actividades para o achegamento ao público xeral. Evento de carácter internacional.

Baseándose nas edicións anteriores do evento, espérase que a asistencia ronde os 60-80 asistentes.

Duración e datas previstas.

Data prevista: do 9 ao 11 de abril de 2010

Duración: Tres días



7.13.2.2. X Xornadas sobre Software Libre

Descrición.

Cunha duración aproximada dunha semana, o evento consiste nunha serie de charlas e obradoiros con contidos heteroxéneos que abarcan calquera aspecto ou temática relacionada co software libre.

As xornadas son o principal vehículo da asociación para o intercambio de coñecementos e ideas entre os socios, alumnos/as da facultade de informática e calquera interesado en participar no evento, ben impartindo unha ponencia, ou axudando na organización ou simplemente asistindo ás mesmas.

Pódese consultar o programa da edición desde ano na páxina web de GPUL: www.gpul.org Trala finalización destas xornadas, estará dispoñible na paxina da asociación os vídeos coas ponencias impartidas.

O público obxectivo é heteroxéneo como as propias charlas que se imparten: dende xente allea ao mundo da informática, ata técnicos de nivel alto de coñecementos, pasando polo estudiantado da Facultade de Informática.

Estímase unha media de 30 asistentes por charla, que poden repetirse ou non, nas aproximadamente 15 charlas que se imparten.

Duración e datas estimadas.

Data prevista: maio de 2010

Duración: Catro días

7.13.2.3. VIII Xornadas de introdución a GNU/Linux para alumnos/as noveis

Descrición.

Serie de sesións, tanto teóricas como prácticas, de iniciación orientadas a dar a coñecer entre os novos alumnos/as da Facultade de Informática da Universidade da Coruña solucións e ferramentas baseadas no software libre que lles serán útiles á hora de lle facer fronte á carreira e na súa vida profesional.

Pódese consultar a documentación e os vídeos das ponencias en www.gpul.org

Baseándose en edicións anteriores estímase a participación duns 40-50 asistentes a tódalas sesións.

Duración e datas estimadas.

Data aproximada : outubro ou novembro de 2010

Duración estimada : dous días

7.13.2.4. Asistencia técnica á comunidade universitaria

Descrición.

Durante todo o ano, na sede do GPUL recíbense estudantes (ou non) para a súa orientación e resolución de problemas e dúbidas referentes a tecnoloxías libres.



Hai unha media de 10 consultas semanais durante o período lectivo.

Duración e datas estimadas.

Data aproximada: Todo o ano

7.13.2.5. Servizo de axuda á asistencia a congresos e conferencias de software libre

Descrición.

O obxectivo desta actividade é a promoción da asistencia a diferentes congresos e reunións por parte dos socios, de forma que o asistente actúe como ponente, representante e corresponsal de GPUL nestes eventos, debendo realizar un artigo/informe posterior para o resto dos socios. Deste xeito, GPUL subvenciona parte dos gastos derivados da estancia e o desprazamento, previa presentación da proposta por parte do socio interesado a asistir a un determinado evento e a aprobación da mesma pola Xunta Directiva.

Esta actividade ten un impacto inmediato na formación dos desenvolvedores que asisten, impacto mediático sobre actividade local nos medios globais.

Duración e datas estimadas.

Data aproximada : todo o ano 2010

7.13.2.6. Colaboración con Enxeñería Sen Fronteiras-Galicia

Descrición.

Asistencia técnica e formación dos voluntarios de ESF en materia de software libre. Realización de actividades conxuntas de sensibilización.

O público obxectivo desta actividade son os voluntarios da ONGD Enxeñería Sen Fronteiras. Na sede da Coruña, onde se realiza a maior parte do traballo de colaboración, traballan ao redor de 50 voluntarios e persoal contratado; hai que engadir a asistencia á expatriada no proxecto de Auga en no Golfo de Coray (Honduras) .

Os gastos desta actividade corren a cargo da ONGD Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

Duración e datas estimadas.

Data aproximada: todo o ano 2010

7.13.2.7. Proxecto Hermes

Descrición.

O Proxecto Hermes tenta achegar software libre a rexións do mundo nas que o largo de banda é escaso ou prohibitivo. Recíbense pedidos por correo electrónico e envíanse lotes de CD's e DVD's por correo postal.

O público obxectivo son as comunidades do terceiro mundo

Duración e datas estimadas.

Data aproximada: todo o ano 2010



7.13.2.8. *Proxecto GPUL-Portiño*

Descrición.

Administración dunha sala de ordenadores reciclados traballando con software libre, en equipos independentes e sistema cliente pesado-servidor; formación dos usuarios

Actividade dirixida a menores en risco de exclusión social no Barrio do Campanario (A Coruña)

Esta é unha actividade complementaria ao proxecto de apoio escolar que ten a Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC no Portiño. Ás sesións asisten unha media de 45 menores, dos cales unha terceira parte poden traballar na sala.

Duración e datas estimadas.

Data aproximada: todo o ano 2010

7.13.3. *Resumo da proposta*

Proposta de actividades de GPUL
Dudesconf 2010
X Xornadas sobre Software Libre
VIII Xornadas de introdución a GNU/Linux para alumnos/as noveis
Asistencia técnica á comunidade universitaria
Servizo de axuda á asistencia a congresos e conferencias de software libre
Colaboración con Enxeñería Sen Fronteiras - Galicia
Proxecto Hermes
Proxecto GPUL-Portiño
Orzamento estimado total : 6200 €



7.14. Proposta de actividades para o fomento do software libre de Inestable.org

7.14.1. Introducción

Inestable.org é unha asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída, e de ámbito local á comarca de Ordes.

Desenvolve a súa actividade achegando o software libre a zonas 100% rurais dende o ano 2003. Entre as súas actividades de difusión destaca o mantemento da tradución ao galego da popular tira cómica de Bilo e Nano.

7.14.2. Plan de actuacións detallado

7.14.2.1. Oficina de Software Libre

Descrición.

Local da asociación aberto todas as tardes de 16:30 a 20:00. Deste xeito pódese dispor en Ordes dunha oficina permanente adicada ao Software Libre.

Desde o pasado mes de outubro a asociación dispón dun local na Casa de Cultura de Ordes. Local dotado de mobiliario e conexión á internet duns 50m2. A dispoñibilidade do local por parte da asociación é total. A Casa de Cultura conta tamén de auditorio dispoñible, polo que desde aquí faise o ofrecemento ás outras Asociacións para poder organizar proxeccións de películas ou documentais, ou mesmo eventos multitudinarios nos que un local ou unha aula poidan quedar pequenos.

O impacto estimado é lograr unha atención a usuarios media semanal de 10 persoas.

Duración e datas estimadas.

Todos os días laborables e sábados de 16:30 a 20:00.

7.14.2.2. Charlas de Software Libre

Descrición.

Conferencias en Colexios, Institutos, ANPAS, Concellos e Asociacións (culturais, veciñais, etc) da Comarca de Ordes.

A nosa Comarca de referencia (Ordes) está composta por 7 concellos: Ordes, Cerceda, Frades, Mesía, Trazo, Tordoia e Oroso.

Por correo postal ou concertando citas vía telefónica ou persoalmente contactarase con:



- Institutos de ensino secundario: conferencias a profesores e/ou alumnos/as: conferencias de 1º ou segundo nivel (introdución ou avanzado)
- Colexios: conferencia a profesores. De 1º ou 2º nivel
- Concellos: impartir conferencias, organizar charlas ou mesmo cursos cuxa iniciativa parta dos propios Concellos e así nolo requiran.
- Asociacións: calquera tipo de organización de tipo social que teña algún tipo de necesidade de asesoramento a nivel informático, tanto como ferramenta propia ou como actividade accesoria, cultural ou formativa para as súas directivas ou asociados.
- Rede CeMIT: as actividades en relación con entidades non educativas organizaranse en consonancia coa rede CeMIT. En Ordes non hai telecentro polo que as actividades realizaranse no propio local (na Casa de Cultura de Ordes)

O impacto de cada evento vai ser moi diferente polas diversas tipoloxías de público obxectivo. Pódese estimar unha media por evento de 25 persoas.

Duración e datas estimadas.

A convir en cada caso. A proposta para os centros educativos é 1 charla por trimestre escolar.

7.14.2.3. Obradoiro de instalación

Descrición.

O evento está especificamente orientado a todo tipo de usuarios: xente estudante, profesorado, usuarios particulares e mesmo empresarios que queiran comezar co uso dun sistema GNU/Linux na súa propia máquina.

Programouse para o final de verán unha xornada de remate dos obradoiros de instalación correspondentes ao curso escolar 2009-2010 de xeito que haberá un concurso de “desktop tuning” para toda a xente que participara no obradoiro de instalación.

O impacto estimado é lograr unha asistencia media de 5 persoas en cada sesión. Estímase a participación no concurso de 15 participantes.

Duración e datas estimadas.

Obradoiro mensual de instalación.

Todos os derradeiros sábados de mes dedicaranse no local da asociación a organizar obradoiros de instalación para os usuarios que así o requiran. Os obradoiros comezan no vindeiro mes de marzo. Polo que até fin de ano haberá 10 sesións mensuais, sen prexuízo de poder organizar máis.

7.14.2.4. Obradoiro de robótica

Descrición.

Neste obradoiro tentarase iniciar aos asistentes no mundo da robótica por medio de dúas plataformas ben distintas como son Arduino e Lego Mindstorms. Para isto tentarase realizar o obradoiro en 2 fases:



- Unha introdución a ambas plataformas con duración 1 día
- A realización de diferentes proxectos por medio dun obradoiro permanente no que a xente poida colaborar.

No caso de ter éxito a iniciativa aumentaranse os días de realización.

O obradoiro estaría orientado a calquera idade, aínda que sería interesante poder formar un equipo de rapaces entre 10 e 16 anos para asistir á **Lego First League** así como a xente interesada no mundo da robótica/domótica dado que o Arduino é unha plataforma altamente flexible e que permite crear dende pequenos proxectos electrónicos ate complicadas instalacións industriais. Polo tanto os posibles participantes inclúen mozos interesados nas novas tecnoloxías así como xente con coñecementos de electrónica ou/e electricidade que buscan complementar ditos coñecementos cos necesarios para o uso e deseño de proxectos con microcontroladores.

Equipamento necesario: Lego Mindstorms + Arduino.

Este material permitirá realizar proxectos en paralelo no taller de robótica por medio da programación con GCC.

Precísase mercar material coma placas controladoras (Arduino) baseadas en software e hardware libre e os seus accesorios coma motores, sensores, baterías e compoñentes electrónicos diversos

Poderíase manter un grupo (constante) de 10 persoas, no caso de haber máis dividiríase en dúas quendas.

Duración e datas estimadas.

Un sábado ao mes, permanente. Realizarase no local social da asociación.

7.14.2.5. VII Xornadas GNU/Linux de Ordes

Descrición.

Xornadas que se realizan todos os anos para achegar GNU/Linux á xente da comarca de Ordes. Os gastos están previstos para poder ofertar conferencias e obradoiros especializados (aínda por concertar) con poñentes de fóra da Asociación e previsiblemente de fóra da Comunidade Galega, polo que hai que prever dietas de varios días. Na edición do 2010 está previsto un enfoque produtivo e real do uso do software libre e quérese contar con poñentes que proveñan do ámbito do traballo: empresas, administración, educación, etc. Ideas para esta edición: obradoiro dni-e, robótica e instalacións.

No tocante ao público obxectivo ten un abano moi grande xa que se pretende achegarse tanto á persoa que non ten grandes coñecementos sobre GNU/Linux nin sobre o software libre, pero tamén tocar temas que á xente con certos coñecementos lle poidan interesar. O rango de idades pódese dicir que oscila (de maneira orientativa) entre os 18 e 30 anos xa sexan tanto estudantes como traballadores.

O impacto destas xornadas estímase en torno a grupos de entre 15 e 20 persoas por día.

Duración e datas estimadas.

Días 1, 2 e 3 de abril (período vacacional de semana santa 2009)



7.14.2.6. Barcamps e colaboracións

Descrición.

Colaboracións nas actividades doutros LUGS como organizadores ou participantes (charlas, conferencias, xornadas,...).

Os eventos organizados abranguen desde charlas ou obradoiros de tan só un día, ou poden ser varios (semana, fin de semana) e en puntos dispersos da xeografía galega.

Sen estimación do impacto posible.

Duración e datas estimadas.

A convir. Estimación dun mínimo de 6 eventos.

7.14.2.7. Festa do Champiñón 2010

Descrición.

Stand na festa do Champiñón de Ordes. É unha festa de tipo gastronómico e de mostras comerciais e actividades de asociacións que se celebra anualmente no Concello de Ordes.

O Concello pon a disposición dos participantes stands para poder amosar ao público en xeral o contido das actividades que desenvolven.

Por ser un acto festivo o que imos levar van ser 2 ordenadores preparados con software libre de tipo lúdico: Stepmanía e Ultrastar. Stepmanía é unha actividade con alfombras de baile. Ultrastar é un software de tipo karaoke.

No stand publicitaríanse as actividades regulares da asociación, así coma a dispoñibilidade dun local permanente, polo que nesta edición a asistencia na feira vai ser moito máis importante para o desenvolvemento das actividades da asociación que na outra ocasión na que xa se participou.

O impacto neste tipo de eventos é multitudinario. Polo recinto feiral estímase normalmente unha asistencia dunhas 20000 persoas. Tendo en conta o específico das actividades poderíase estimar un impacto real dunhas 300 persoas.

Duración e datas estimadas.

Derradeiro fin de semana de abril (24 e 25)

7.14.2.8. Obradoiro de deseño

Descrición.

Obradoiro de deseño no que se pretende achegar de maneira fácil e divertida diferentes aplicacións libres para o deseño gráfico (gimp) e vectorial (inkscape). Os días das sesións están por determinar pero dito obradoiro terá unha carácter semanal.

Neste caso o público obxectivo é moi amplo xa que se pretende achegarlle o tema tanto a usuarios sen coñecementos coma a usuarios experimentados que lles interese o deseño.

O impacto deste taller rondará as 5 – 10 persoas por sesión.

Duración e datas estimadas.



Terceiro trimestre de 2010

7.14.2.9. Obradoiro de programación

Descrición.

Obradoiro de programación no que se pretende dar unha introdución a diferentes linguaxes de programación, principalmente C e Ruby. Este evento será de carácter semanal, unha sesión cada venres pola tarde, durante o segundo trimestre do ano, principalmente os meses de xullo e agosto. Coa intención de estenderse máis alá cun carácter mensual.

O público obxectivo pretender ser un usuario con coñecementos medios.

O impacto deste taller rondará as 5 – 10 persoas por sesión.

Duración e datas estimadas.

Terceiro trimestre de 2010

7.14.2.10. Adquisición de material

Descrición.

Cartelería. Despregable de vinilo en soporte de aluminio + placas identificadoras da asociación na Casa de Cultura.

Descrición do material

Cartaz despregable de vinilo co logotipo da asociación e logotipos do movemento de software libre para poder colocar no vestíbulo da Casa de Cultura. Placas exteriores para colocar na fachada do edificio e no propio local. Logotipos a empregar: o da Asociación, Concello de Ordes, Fundación e/ou Consellería.

Duración e datas estimadas.

Mes de marzo.

7.14.3. Resumo da proposta



Proposta de actividades de Inestable.org

Oficina de Software Libre

Charlas de Software Libre

Obradoiros instalación

Obradoiros robótica Lego

Obradoiros robótica Arduino

VIIXGLO

Intercambios e colaboracións

Festa do Campiñón 2010

Obradoiro de programación

Obradoiro de deseño

Cartelería

Orzamento estimado total : 4810 €



7.15. Proposta de actividades para o fomento do software libre de MeLiSA - Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide

7.15.1. Introducción

A Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSA), naceu en decembro do ano 2008 como unha resposta ás inquiredanzas de varios veciños da vila de Melide. Os seus obxectivos principais son a divulgación e promoción do concepto de Software Libre, promover o emprego de estándares abertos e a formación das novas tecnoloxías no eido do Software Libre nos diferentes ámbitos sociais (educativo, empresarial, administrativo, etc.)

Durante o ano 2009 leváronse a cabo diversas accións divulgativas en diferentes concellos e centros educativos e sociais do entorno máis próximo. Aparte da divulgación dos conceptos básicos que definen o Software Libre, realizáronse obradoiros de presentación do DNI electrónico, a factura electrónica, xestor de contidos Joomla!, así como a colaboración con outras asociacións para difundir entre elas o uso de ferramentas ofimáticas libres (OpenOffice por exemplo).

O obxectivo para este ano 2010 é darlle continuidade a este tipo de actividades de difusión e ampliar as colaboracións con outros colectivos sociais para dinamizar o uso das novas tecnoloxías entre os veciños da comarca, a cal ten un carácter eminentemente rural e illado dos centros máis dinámicos da comunidade.

7.15.2. Plan de actuacións detallado

As xornadas de divulgación que se describen a continuación levaranse a cabo nos seguintes concellos: Melide, Toques, Santiso, Arzúa, Palas de Rei (Lugo), Monterroso (Lugo) e Agolada (Pontevedra).

7.15.2.1. Xornadas de divulgación do Software Libre na Educación.

Descrición.

A actividade consta dunha exposición para os alumnos/as de ensinanza secundaria dos conceptos básicos que definen ao software libre e as vantaxes que supón para eles o uso deste tipo de ferramentas de cara á incorporación futura no mercado laboral. De forma separada, tamén se fará un obradoiro orientado ao profesorado para que coñezan algún dos aplicativos libres que poden usar ben na aula, ou nas súas tarefas administrativas.

Dependendo do centro no que se leve a cabo a xornada, e sobre todo si dispoñen de oferta formativa en ciclos medios ou superiores, a asistencia pode variar dende 30 ata 50 alumnos/as por centro aproximadamente.

Duración e datas estimadas.



As xornadas levaranse a cabo no último trimestre do ano 2010. Dentro da medida do posible tratarase de reunir na mesma xornada as exposicións a alumnos/as e a profesorado.

7.15.2.2. Xornadas de divulgación do Software Libre na Empresa.

Descrición.

Esta actividade consiste nunha exposición das ferramentas libres orientadas ao uso nunha pequena empresa, como pode ser un ERP, CRM ou CMS. En dita exposición farase unha demostración práctica do uso dun pequeno servidor nunha oficina, e despois poidan incluso dispor do mesmo para facer probas na súa propia empresa. Dito servidor contempla o uso de servizos básicos como poden ser: servidor de ficheiros, correo interno, impresión e cortalumes.

As xornadas levaranse a cabo naqueles concellos que dispoñan dunha asociación de empresarios ou comerciantes e poidan reunir a parte dos socios interesados. A estimación de asistentes, baseándose en experiencias anteriores, é de 15 asistentes por concello. Naqueles concellos que non dispoñan dun colectivo empresarial, faráselles chegar unha invitación para asistir á xornada dun concello limítrofe.

Contémplase a adquisición do servidor que se utilizará nas xornadas e que despois se instalará nas empresas que queiran participar nas probas dentro da súa empresa.

Duración e datas estimadas.

As xornadas levaranse a cabo ao longo de todo o ano 2010, tratando de centrar os esforzos naqueles colectivos que mostren maior interese e teñan maior número de empresas interesadas na proba do servidor.

7.15.2.3. Xornadas de divulgación do Software Libre para a Cidadanía.

Descrición.

Esta actividade consta dunha exposición das ferramentas libres de uso habitual por parte dun usuario dun equipo informático. Aplicacións ofimáticas (*OpenOffice*), navegadores de internet (*Firefox*), mensaxería instantánea (*Pidgin*), etc. O contido da xornada tamén abarcará cuestións de interese para as familias, como pode ser o bo uso das redes sociais por parte dos máis pequenos do fogar. O uso do Dni electrónico para realizar trámites coa administración tamén se engloba dentro desta xornada. E por suposto, a resolución na medida do posible de todas aquelas inquedanzas que acerca das novas tecnoloxías poidan xurdir por parte dos asistentes.

As xornadas organizaranse de forma conxunta e colaborativa con outras asociacións, como poden ser amas de casa ou de veciños, para desta forma conseguir unha maior difusión e implicación. Aínda que estarán abertas á asistencia por parte de calquera cidadán. A asistencia media se pode estimar en 20 persoas por cada un dos concellos onde se celebre dita xornada.

Para a celebración da xornada pode ser necesario contar con material de apoio, como pode ser un videoproxector, equipo multimedia, ou acceso móbil a internet.

Duración e datas estimadas.

As xornadas levaranse a cabo ao longo de todo o ano 2010.



Farase unha invitación previa a todos aqueles colectivos existentes na comarca, tendo prioridade para a realización das xornadas aquelas zonas máis afastadas dos núcleos urbanos e onde non soen conseguir actividades de difusión como estas.

7.15.2.4. Obradoiro de retoque fotográfico con aplicacións libres.

Descrición.

Este proxecto é froito dunha inqueda por parte de moitos usuarios da fotografía dixital que queren aproveitar mellor as capacidades que lles brinda o seu equipo informático á hora de manipular os seus traballos. O contido do obradoiro terá como eixo principal o uso da aplicación libre Gimp. Un dos obxectivos do obradoiro é dar a coñecer ao usuario do mundo da fotografía aquelas ferramentas libres dispoñibles que poden mellorar o seu traballo diario na manipulación do material gráfico.

O obradoiro estará aberto a calquera persoa interesada e con algún coñecemento previo no uso dun ordenador persoal. O número máximo de asistentes será de 15 alumnos/as.

Duración e datas estimadas.

A impartición do obradoiro correrá a cargo de persoal cualificado e a duración do mesmo será de 25 horas.

O lugar de celebración será o Telecentro do Concello de Melide, e a data de celebración será durante a época estival (xullo-setembro).

7.15.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de MELISA	
Xornadas de divulgación do Software Libre na Educación	
Xornadas de divulgación do Software Libre na Empresa	
Xornadas de divulgación do Software Libre para a Cidadanía	
Obradoiro de retoque fotográfico con aplicacións libres	
Orzamento estimado total : 4450 €	



7.16. Proposta de actividades para o fomento do software libre de OUSLI - Asociación Cultural Ourense de Software Libre

7.16.1. Introducción

OUSLI, Asociación Cultural Ourense de Software Libre, é unha asociación sen ánimo de lucro e de recente constitución dentro da cidade de Ourense, aínda que tamén leva a cabo actividades por toda a comunidade Galega.

A razón, da súa constitución, é achegar o software libre a toda a comunidade, en especial a cidade de Ourense. De forma máis detallada, os fins principais da asociación son:

- Promoción do concepto do Software Libre e fomento do seu uso.
- Achegar a sociedade da información a tódolos ámbitos da comunidade galega.
- Promoción do uso da lingua galega no eido das novas tecnoloxías.
- Desenvolvemento e promoción de programas libres. Adaptación do software libre a lingua galega.
- Promover o emprego de estándares abertos na sociedade da información e no ámbito tecnolóxico.
- Formación das novas tecnoloxías no eido do software libre nos diferentes ámbitos (educativo, empresarial...).

Para levar a cabo os seus fins, OUSLI organiza diversas actividades entre as que se pode destacar:

- Organización de charlas, cursos, xornadas e congresos divulgativos relacionados cos fins da asociación.
- Desenvolvemento de actividades que axuden á introdución do galego no ámbito do software libre.
- Proxectos de desenvolvemento e programación de aplicacións baixo licencias libres.

7.16.2. Plan de actuacións detallado

A continuación descríbense as actividades que se pretende desenvolver, co maior detalle posible nestas datas previas, tendo en conta que algún aspecto dalgunha actividade puidera cambiar nos próximos meses.

7.16.2.1. IV Xornada de Software Libre no FP Caixanova

Descrición.



A “IV Xornada de Software Libre no FP Caixanova” consistirá nun evento cunha serie de conferencias e talleres prácticos nos cales se tratarán diversos aspectos do software libre e da súa aplicación.

Estas conferencias terán como destinatarios aos alumnos/as dos ciclos de grao medio e superior de informática nos cales se imparten clases neste FP. Ademais en conferencias determinadas, menos técnicas, os destinatarios serán todo o centro e a xente en xeral que se queira achegar as xornadas xa que son de acceso libre.

Entre as conferencias e talleres a realizar están as seguintes:

- Que é o Software Libre?
- Plataformas de xestión de contidos web: OpenNMaS.
- Montar un MediaCenter en GNU/Linux.
- Hardware Libre.

Algunhas destas conferencias e outras que podan xurdir a maiores, están por confirmar.

O público obxectivo da actividade son os alumnos/as do FP Caixanova de Ourense e cidadáns de Ourense en Xeral xa que as xornadas, aínda de realizarse en horario lectivo deste centro, ábrese para o público en xeral que se queira achegar.

Estímase unha participación duns 100 asistentes dependendo en gran medida da xente allea ao FP de Caixanova que se achegue ao centro o día da xornada.

Duración e datas estimadas

- Data: Segundo trimestre do 2010
- Lugar: Centro de FP Caixanova (Ourense)

7.16.2.2. III Xornada de Desenvolvemento web con Software Libre

Descrición.

As “III Xornada de Desenvolvemento web con Software Libre” consistirá nun evento cunha serie de conferencias e talleres prácticos nos cales se tratarán de amosar as diferentes alternativas de software libre que hai na programación web.

Entre os temas que se tratarán na conferencia (aínda por confirmar poñentes e establecer contactos):

- Desenvolvemento web con PHP
- Desenvolvemento web con Frameworks MVC
- Instalación e configuración de servidores.
- Ferramentas cloud en Software Libre.
- Plataformas de xestión de contidos web (Joomla, Wordpress, OpenNMaS...).
- Sistema de escritorios web.
- Aplicación de xestión de rede web.



Para as xornadas solicitarase a Escola de Informática da Universidade de Vigo a concesión de **créditos de libre elección** para os asistentes, o cal require cobrar un cantidade simbólica os mesmos. Os ingresos por inscricións serán empregados para as mesmas xornadas ou futuros eventos da asociación.

O público obxectivo da xornada son:

- Alumnos/as de Informática da Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo, Campus de Ourense.
- Traballadores adicados a programación web.
- Todo aquel que queira asistir. A entrada é libre.

Estímase unha asistencia de entre 40 e 120 persoas.

Duración e datas estimadas

- Data: Segundo/terceiro trimestre do 2010
- Lugar: Edificio Politécnico do Campus de Ourense (Salón de Actos), Universidade de Vigo

7.16.2.3. I Xornada de Introducción ao Software Libre na Universidade de Vigo

Descrición.

As “I Xornada de introdución ao Software Libre na Universidade de Vigo” consistirá nun evento cunha serie de conferencias e talleres prácticos nos cales se tratarán de achegar a xente que non emprega software libre as vantaxes deste. Está dirixido a alumnos/as de Informática da Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo, Campus de Ourense, e a todo aquel que queira asistir xa que a entrada é libre.

Entre as conferencias a realizar, aínda que poden sufrir cambios, están:

- Install Party Ubuntu
- Que é o Software Libre?
- Que é OUSLI e cales son os seus fins?
- Charlas para unha segunda conferencia
- Como desenvolver software libre?
- O que fago en Windows fágoo en GNU/Linux.

Estímase unha participación duns 10-40 asistentes.

Duración e datas estimadas

- Data: Marzo 2010
- Lugar: Edificio Politécnico do Campus de Ourense (Salón de Actos), Universidade de Vigo.



7.16.2.4. *Encontros de Software Libre na comunidade educativa*

Descrición.

Os primeiros “Encontros de Software Libre na comunidade educativa” consistirán nun evento no que se reunirán alumnos/as, profesores, investigadores, membros da administración e a comunidade do Software Libre para promover o uso do FLOSS no ensino. A finalidade primordial do evento é a de achegar ao mundo docente a realidade do FLOSS para o seu uso na educación, nas distintas etapas de primaria, secundaria, estudos superiores e Universidade.

O evento será coorganizado pola OSL-USC, AULUSC, o Grupo de Usuarios de GNU/Linux da Galiza (en adiante GLUG) e a asociación cultural Ourenán de Software Libre (en adiante OuSLi).

O encontro consistirá nun evento que se realizará en dous fins de semana e que constará de 4 temáticas (itinerarios) diferentes e que se complementan entre si para poder abarcar ao maior número de xente. Cada fin de semana terá unha sesión de 3-4 horas o venres pola tarde (para facilitar a asistencia das persoas que traballan) e de 7-8 horas o sábado ao longo do día, para obter un total de 10-12 horas de carga lectiva cada fin de semana. Estas sesións poderían verse aumentadas nunha sesión de 3-4 horas o venres pola mañá exclusivamente para o alumnos/as da universidade se dito evento é considerado válido para a obtención de créditos para as súas titulacións. A elección desta planificación tamén se realiza pensando na posible homologación do evento como formación regrada para os profesores de secundaria, que se dividiría en dous módulos de 10 horas.

Cada fin de semana os asistentes terían a posibilidade de elixir entre dúas temáticas diferentes sobre os temas tratados no evento. E cada temática constará de dúas partes entre as que o asistente poderá elixir: un obradoiro ou unha conferencia maxistral.

As 4 temáticas do evento son:

- Software Libre no eido científico
- Software Libre na aula 2.0
- Software Libre na administración
- Software Libre e a comunidade

Para as sesións contarase con membros das tres universidades galegas, con profesorado da comunidade galega e diferentes persoas relacionadas co software libre e o ensino a nivel nacional.

O público obxectivo son:

- Docentes das distintas etapas educativas.
- Xente que se está a preparar para ser docente.
- Alumnos/as da universidade.
- Profesores e investigadores das universidades.
- Xente con interese no mundo do FLOSS.
- Todo aquel que queira asistir. A entrada é libre.



Estímase unha asistencia de 100 – 150 asistentes.

En función da dispoñibilidade orzamentaria realizaríase a gravación das conferencias durante os dous fins de semana. En principio só se gravarían as conferencias maxistrais, quedando excluídos os obradoiros. De ser posible esta gravación, os vídeos serían liberados e subidos a plataforma que se considere oportuno para o mellor aproveitamento da comunidade.

Duración e datas estimadas.

O evento durará dous fins de semana cunha sesión de 3 - 4 horas o venres pola tarde e de 7 - 8 horas o sábado ao longo do día. Estas sesións poderían verse aumentadas nunha sesión de 3 - 4 horas o venres pola mañá exclusivamente para o alumnos/as da universidade.

A data prevista para a celebración do encontro é o mes de Outubro, na Universidade de Santiago de Compostela.

7.16.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de OUSLI
IV Xornada de Software Libre no FP Caixanova
III Xornada de Desenvolvemento web con Software Libre
I Xornada de Introducción ao Software Libre na Universidade de Vigo
Encontros de Software Libre na comunidade educativa
Orzamento estimado total : 4750 €



7.17. Proposta de actividades para o fomento do software libre de TRASNO - Asociación para a Galeguización de Software Libre Proxecto Trasno

7.17.1. Introducción

A “Asociación Cultural para a Galeguización de Software Libre Proxecto Trasno” é unha organización sen ánimo de lucro do ámbito autonómico galego que representa legal e financeiramente ao Proxecto Trasno. A asociación fúndase o 17 de Outubro de 2009 en Santiago de Compostela.

Entre os seus obxectivos figuran:

- A promoción e difusión do software libre, dos seus valores e da relevancia para o interese xeral da sociedade galega, con énfase na posibilidade de empregalo en galego ou da posibilidade de contribuír a que estea nesta lingua.
- A localización de software libre ao galego co fin de que a comunidade galegofalante poida dispor de software libre adaptado ás súas necesidades e requirimentos lingüísticos e culturais.
- Poñer a disposición libre de todos cantos voluntarios queiran localizar software libre ao galego ferramentas e material do que se poidan servir para realizar esta tarefa, sempre na medida do que a asociación poida.
- Dar apoio e asistencia aos voluntarios e, en xeral, a todas aquelas persoas interesadas, relativa á formación necesaria para poder contribuír á localización de software libre, sempre na medida do que a asociación poida. Isto inclúe a formación e axuda en aspectos tanto informáticos coma filolóxicos.
- Desenvolver software libre especialmente relacionado cos procesos de internacionalización mais tamén específico doutros ámbitos. Isto inclúe deseñar, desenvolver, probar, dar asistencia, promocionar e difundir o seu uso.
- Contribuír ao patrimonio lingüístico e cultural galego avanzando na incorporación do galego ao eido da informática, innovando na adaptación e desenvolvemento de terminoloxía propia para a lingua neste eido e poñendo a disposición pública e libre os resultados destes esforzos.
- Representar á comunidade de colaboradores nas actividades promovidas ou participadas pola Asociación.
- Colaborar con outras entidades que compartan os seus fins.



7.17.2. Plan de actuacións detallado

7.17.2.1. I Ciclo de conferencias e obradoiros: Internacionalización e Localización de Software libre: visión global, estratexias e metodoloxía

Descrición.

A actividade de localización realízana habitualmente xente nova, titulados superiores de campos científico-técnicos ou estudantes destas mesmas áreas, procedendo algunhas veces do ámbito das filoloxías. A esixencia técnica que ten o traballo de localización significa que se debe centrar a busca de novos colaboradores en ámbitos moi definidos. Dende TRASNO entendemos que os voluntarios potenciais que poderían unirse o proxecto son os estudantes universitarios e titulados superiores de carreiras científico-técnicas e filoloxías polo que é preciso acudir a estes ámbitos para poder recrutar xente nova.

Este mesmo interese na formación da localización de xente nova pode ser compartido polas empresas de software libre ou novos emprendedores que vexan a internacionalización deste tipo de software como unha alternativa viable para reorientar ou iniciar a súa actividade empresarial, respectivamente. Porén unha formación integral neste campo é difícil de adquirir.

Preténdese organizar ciclos de conferencias e obradoiros de promoción e formación en internacionalización e localización de software libre, con ferramentas e metodoloxía do software libre, que se impartirán en centros das Universidades Galegas e noutros centros de titulacións superiores que impartan docencia no ámbito científico-técnico e filolóxico.

Este ciclo pretende abranguer o conxunto de coñecementos necesarios para iniciarse na actividade, dende unha visión estrutural e global do proceso, reincidindo nas vantaxes de mercado do mesmo, a unha visión práctica do proceso.

Considérase a seguinte materia curricular:

- visión global da internacionalización e a localización de software libre
- vantaxe estratéxica que confire o modelo aberto de internacionalización e localización propio do software libre fronte ao modelo do software privativo
- teoría e metodoloxía práctica de internacionalización
- teoría e metodoloxía práctica de localización

que se impartirá por medio das seguintes actividades:

1. **Xornadas de conferencias.** Prevese a celebración de 6 xornadas con entre unha a catro ponencias de 1 ou 1:30 horas cada unha.
2. **Obradoiros teórico-prácticos** con actividades presenciais e con posibilidade de ampliación da formación dos participantes en liña. Está previsto a organización de dúas edicións de **obradoiros de internacionalización** (i18n) e dúas edicións dun **curso de ferramentas avanzadas de tradución**.

O material xerado no ciclo de conferencias e obradoiros poñerase a disposición pública baixo licenzas libres a modo de compendio.

O público obxectivo son:



- Alumnos/as universitarios ou técnicos superiores ou outras persoas con formación no campo da informática e a lingua, que se benefician coa adquisición directa de formación conceptual e práctica, e no caso dos obradoiros dunha maneira asistida.
- Persoal de empresas de desenvolvemento de software.
- Comunidade de desenvolvedores e de localizadores, que se benefician co material formativo que se elaborará para o ciclo.

Solicitarase das universidades a entrega de diplomas acreditativos de ter asistido aos obradoiros, e procurarase conseguir que o alumnado que asista á conferencia e ao obradoiro, correspondentes a cada universidade, poida obter algún crédito de libre elección.

Calcúlase que para os dous obradoiros de i18n poderá haber unha asistencia promedio de 40 persoas, o que fai un total de 80 persoas. Ademais, considérase que o material producido para os obradoiros xere un número de, aproximadamente, 2000 descargas e un fluxo de consultas en liña de arredor das 500 mensuais.

Calcúlase para os dous cursos de localización con ferramentas avanzadas unha asistencia de 45 persoas por cada un, o que fai un total de 90 persoas. Considérase un impacto semellante no fluxo de consultas e descargas en liña.

Para as conferencias de l10n calcúlase unha asistencia promedio de 60 persoas para cada un dos 6 ciclos, facendo un total de 360 persoas. Considérase un fluxo de consultas de 100 mensuais e unhas 500 descargas anuais para o material xerado das conferencias.

A isto habería que lle sumar as novas xeradas en medios impresos e dixitais relacionados co ciclo de conferencias.

Duración e datas estimadas.

Os ciclos de obradoiros e de conferencias realizarase ao longo do ano 2010.

Os curso-obradoiros de ferramentas avanzadas terá unha duración de 6 horas e realizarase de xeito intensivo nun día non laborable e cara ao mes de setembro ou quizais de outubro.

7.17.3. Resumo da proposta

Proposta de actividades de TRASNO	
Obradoiros de internacionalización.	
Cursos de ferramentas avanzadas de tradución.	
Conferencias de localización	
Orzamento estimado total : 5612 €	